Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 05/10/2022 05:16:40
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 390
5 de outubro de 2022

Fascículo 2

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información
1.4.4. Preguntas
1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

42100 (11/POP-006343)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as iniciativas levadas a cabo polo Goberno galego diante dos gobernos español e portugués en relación coa mellora e modernización do tren entre Vigo e Porto 152802

42115 (11/POP-006345)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as previsións para a reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño en Santiago 152808

Admisión a trámite e publicación

41715 (11/POP-006291)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre o desenvolvemento do deseño dos sistemas de transferencia de coñecemento e innovación agrícolas 152813

41725 (11/POP-006292)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego do desconto do 50 % que se aplica nos prezos do autobús autonómico 152816

41727 (11/POP-006293)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego da exclusión de Galicia do mapa de autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren 152818

41732 (11/POP-006294)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para reverter a posibilidade da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres 152821

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

41756 (11/POP-006295)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre o sistema organizativo do Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais 152823

41760 (11/POP-006296)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o grao de execución do programa 741A, de apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial 152828

41764 (11/POP-006297)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración do Goberno de Galicia da utilización dos fondos europeos que deberían ter por finalidade rexenerar o encoro das Conchas, en Bande 152830

41800 (11/POP-006298)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións para garantir a calidade asistencial no centro de saúde do concello do Saviñao 152832

41837 (11/POP-006299)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as medidas que se deben tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa 152834

41847 (11/POP-006300)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as previsións do Goberno galego para frear e reverter a situación de degradación da zona húmida de San Lázaro, no concello de Noia 152838

41849 (11/POP-006301)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de dotar de profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe o Centro Público Integrado Cruz do Sar, en Bergondo 152842

41857 (11/POP-006302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impedir a inclusión da quenlla no apéndice II da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres 152845

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

I 41858 (11/POP-006303)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as previsións do Goberno galego para constituírse en parte como coadxuvante na nova demanda de reclamación dos bens mobles sitos no pazo de Meirás 152849

I 41867 (11/POP-006304)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a postura do Goberno galego respecto da compatibilidade do consumo de auga de Ence coa garantía de abastecemento á poboación 152851

I 41871 (11/POP-006305)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun plan de inserción laboral que fomente os empregos do sector das tecnoloxías da información e a comunicación 152853

I 41877 (11/POP-006306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o apoio da Xunta de Galicia á realización do Festivalle en Vilanova de Arousa 152855

I 41892 (11/POP-006307)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a situación das convocatorias de estabilización de prazas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público 152858

I 41900 (11/POP-006308)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Carreira Pazos, Iria
Sobre a demanda de anulación da autorización para a construción da liña de alta tensión Lousame-Tibo 152860

I 41911 (11/POP-006309)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada das súas propostas fiscais 152863

I 41916 (11/POP-006310)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacio5
Sobre as demandas do comité de empresa da Fundación Profesor Novoa Santos respecto do cumprimento do Convenio colectivo de fundacións de investigación sanitarias galegas 152866

I 41922 (11/POP-006311)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para garantir e preservar o espazo natural do Souto, en Teo, ante os proxectos de construción de subestacións eléctricas colectoras 152870

41934 (11/POP-006313)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta en relación coa mortalidade de gaivotas patiamarelas no vertedoiro de Vilagudín, na Coruña 152873

41937 (11/POP-006314)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da achega por un senador dun documento con propostas formuladas anteriormente pola Xunta de Galicia 152875

41941 (11/POP-006315)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dunha revisión do plan de restauración da canteira de Casalonga, en Teo 152877

41948 (11/POP-006316)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación económica e laboral da mocidade galega 152879

41953 (11/POP-006317)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo 152882

41957 (11/POP-006318)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as razóns do atraso na construción da depuradora e da mellora do saneamento no concello do Pino 152885

41966 (11/POP-006319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o agravamento do empobrecemento das e dos pensionistas das comarcas de Ourense 152887

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

41972 (11/POP-006320)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia de Ourense 152890

41976 (11/POP-006321)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da lexislación vixente na asistencia sanitaria en eventos multitudinarios 152893

41985 (11/POP-006322)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación cos actos de celebración do centenario do Seminario de Estudos Galegos 152895

41993 (11/POP-006323)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da responsabilidade dos medios de comunicación públicos en materia de xénero 152900

42000 (11/POP-006324)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a política económica da Xunta de Galicia para a defensa do poder adquisitivo 152903

42006 (11/POP-006325)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre a adecuación das sedes xudiciais en relación coa seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero 152905

42011 (11/POP-006326)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da afirmación da Comisión Europea relativa ao incumprimento dos requisitos da Directiva Hábitats polo plan director para a xestión dos espazos da Rede Natura 2000 elaborado pola Xunta de Galicia 152907

42016 (11/POP-006327)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para pedir a suspensión da aplicación do regulamento que veta a pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental e presentar un recurso contra este ante a xustiza europea 152909

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

42025 (11/POP-006328)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as actuacións que está realizando a Xunta de Galicia para a prevención, detección e atención ao suicidio 152911

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación á comisión e publicación

42097 (11/POC-007735)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto 152914

42112 (11/POC-007738)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as previsións para a reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño en Santiago 152918

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

41691 (11/POC-007663)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de implantar nos centros educativos a educación ambiental 152921

41692 (11/POC-007664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Otero Lago, Noelia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de implantar nos centros educativos a educación ambiental 152924

41693 (11/POC-007665)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego de crear un centro educativo de ensino secundario en Culleredo 152927

41694 (11/POC-007666)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os mecanismos do Goberno galego para levar a cabo un control de xestión da Administración pública autonómica 152929

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

41695 (11/POC-007667)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a postura do Goberno galego en relación coa protección do territorio do impacto ambiental do sector eólico 152931

41696 (11/POC-007668)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os niveis de protección ambiental en Galicia 152934

41697 (11/POC-007669)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego para evitar a deterioración do ecosistema constituído pola lagoa e a praia de Baldaio 152937

41698 (11/POC-007670)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar o impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal 152939

41699 (11/POC-007671)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante a tala indiscriminada nun espazo protexido como a Ribeira Sacra 152942

41700 (11/POC-007672)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a reiteración das prórrogas dos contratos públicos 152944

41701 (11/POC-007673)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego para acadar a continuidade da Casa de Galicia en Montevideo 152947

41702 (11/POC-007674)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o dereito á información pública 152949

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

41703 (11/POC-007675)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as máscaras recibidas polo Servizo Galego de Saúde de Sibucu S.L. 152952

41704 (11/POC-007676)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a prórroga sistemática de contratos por parte do Servizo Galego de Saúde 152954

41712 (11/POC-007677)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre o desenvolvemento do deseño dos sistemas de transferencia de coñecemento e innovación agrícolas 152956

41724 (11/POC-007678)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre os resultados e o financiamento do programa do Goberno galego de desconto do 50 % que se aplica nos prezos do autobús autonómico 152960

41726 (11/POC-007679)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego da exclusión de Galicia do mapa de autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren 152963

41731 (11/POC-007680)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para reverter a posibilidade da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres 152966

41753 (11/POC-007681)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre o sistema organizativo do Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais 152968

41761 (11/POC-007682)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o grao de execución do programa 741A, de apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial 152973

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

I 41763 (11/POC-007683)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración do Goberno de Galicia da utilización dos fondos europeos que deberían ter por finalidade rexenerar o encoro das Conchas, en Bande 152975

I 41798 (11/POC-007684)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións para garantir a calidade asistencial no centro de saúde do concello do Saviñao 152977

I 41821 (11/POC-007685)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de dotar de profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe o Centro Público Integrado Cruz do Sar, en Bergondo 152980

I 41836 (11/POC-007686)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as medidas que se deben tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa 152983

I 41846 (11/POC-007687)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as previsións do Goberno galego para frear e reverter a situación de degradación da zona húmida de San Lázaro, no concello de Noia 152988

I 41854 (11/POC-007688)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude ao Goberno español da defensa da frota galega de palangre de superficie 152992

I 41862 (11/POC-007689)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as previsións do Goberno galego para constituírse en parte como coadxuvante na nova demanda de reclamación dos bens mobles sitos no pazo de Meirás 152996

I 41864 (11/POC-007690)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre os estudos territoriais realizados en relación coas necesidades de consumo de auga das grandes instalacións industriais e a incidencia do actual contexto de seca 152998

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

41872 (11/POC-007691)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun plan de inserción laboral que fomente os empregos do sector das tecnoloxías da información e a comunicación
153001

41875 (11/POC-007692)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o apoio da Xunta de Galicia á realización do Festivalle en Vilanova de Arousa 153003

41878 (11/POC-007693)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego para levar a cabo a ampliación da Rede Natura 153006

41879 (11/POC-007694)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co impacto ambiental dos proxectos eólicos previstos 153008

41880 (11/POC-007695)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dos plans de recuperación de especies en perigo de extinción 153011

41881 (11/POC-007696)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación cos danos medioambientais en catro encoros obxecto de expediente sancionador 153013

41882 (11/POC-007697)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa política para conservar o bosque autóctono
153017

41883 (11/POC-007698)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación cos danos medioambientais en catro encoros obxecto de expediente sancionador 15321

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

41884 (11/POC-007699)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a postura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto da carencia de persoal e recursos nos centros educativos da comarca da Coruña 153025

41885 (11/POC-007700)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da dotación do sector eólico dun marco xurídico axustado a dereito 153027

41886 (11/POC-007701)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a presentación da declaración dunha exconselleira ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia 153031

41887 (11/POC-007702)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a postura do Goberno galego ante o concepto de memoria democrática 153033

41888 (11/POC-007703)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto dos procesos xudiciais derivados do chamado caso Bárcenas 153036

41893 (11/POC-007704)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a situación das convocatorias de estabilización de prazas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público 153040

41897 (11/POC-007705)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Carreira Pazos, Iria
Sobre a demanda de anulación da autorización para a construción da liña de alta tensión Lousame-Tibo 153042

41908 (11/POC-007706)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada das súas propostas fiscais 153045

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

41914 (11/POC-007707)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as demandas do comité de empresa da Fundación Profesor Novoa Santos respecto do cumprimento do Convenio colectivo de fundacións de investigación sanitarias galegas 153049

41919 (11/POC-007708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre a realización por parte da Xunta de Galicia dunha avaliación dos riscos ecolóxicos e ambientais que supón a construción de subestacións eléctricas colectoras no lugar do Souto, no límite entre os concellos de Ames e Santiago 153054

41930 (11/POC-007709)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria
Sobre a mortalidade de gaivotas na contorna do vertedoiro de Vilagudín, na Coruña 153058

41932 (11/POC-007710)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego das declaracións do voceiro municipal do Partido Popular no Concello de Cangas en relación co Consello de Contas de Galicia 153061

41936 (11/POC-007711)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da achega por un senador dun documento con propostas formuladas anteriormente pola Xunta de Galicia 153062

41939 (11/POC-007712)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria
Sobre a situación da canteira de Casalonga, en Teo 153064

41949 (11/POC-007713)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación económica e laboral da mocidade galega 153068

41954 (11/POC-007714)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo 153070

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

41956 (11/POC-007715)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as previsións de finalización das obras da depuradora e de mellora do saneamento no concello do Pino 153073

41962 (11/POC-007716)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o agravamento do empobrecemento das e dos pensionistas das comarcas de Ourense 153075

41971 (11/POC-007717)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia de Ourense 153079

41975 (11/POC-007718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da lexislación no que atinxe á atención da seguridade sanitaria na celebración de eventos multitudinarios 153082

41982 (11/POC-007720)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación cos actos de celebración do centenario do Seminario de Estudos Galegos 153085

41991 (11/POC-007722)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da responsabilidade dos medios de comunicación públicos en materia de xénero 153090

42001 (11/POC-007723)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a política económica da Xunta de Galicia para a defensa do poder adquisitivo 153093

42007 (11/POC-007724)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre a adecuación das sedes xudiciais en relación coa seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero 153095

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

42010 (11/POC-007725)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da afirmación da Comisión Europea relativa ao incumprimento dos requisitos da Directiva Hábitats polo plan director para a xestión dos espazos da Rede Natura 2000 elaborado pola Xunta de Galicia e as previsións respecto da súa ampliación 153098

42015 (11/POC-007726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para pedir a suspensión da aplicación do regulamento que veta a pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental e presentar un recurso contra este ante a xustiza europea 153100

42022 (11/POC-007727)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as actuacións que está realizando a Xunta de Galicia para a prevención, detección e atención ao suicidio 153102

41979 (11/POC-007719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a utilización pola Corporación Radio e Televisión de Galicia da fórmula contractual de contratos artísticos 153106

41989 (11/POC-007721)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a actualización de contidos na web corporativa da Corporación Radio e Televisión de Galicia 153108

Admisión da retirada e publicación do acordo

39522 (11/POC-007461)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre a consideración do Goberno galego respecto do que pretende o Executivo central coa reforma do Regulamento de Costas 153110

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de outubro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 42100 (11/POP-006343)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as iniciativas levadas a cabo polo Goberno galego diante dos gobernos español e portugués en relación coa mellora e modernización do tren entre Vigo e Porto

- 42115 (11/POP-006345)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre as previsións para a reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño en Santiago

Admisión a trámite e publicación

- 41715 (11/POP-006291)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre o desenvolvemento do deseño dos sistemas de transferencia de coñecemento e innovación agrícolas

- 41725 (11/POP-006292)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego do desconto do 50 % que se aplica nos prezos do autobús autonómico

- 41727 (11/POP-006293)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego da exclusión de Galicia do mapa de autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren

- 41732 (11/POP-006294)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para reverter a posibilidade da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres

- 41756 (11/POP-006295)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre o sistema organizativo do Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

- 41760 (11/POP-006296)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o grao de execución do programa 741A, de apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial

- 41764 (11/POP-006297)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración do Goberno de Galicia da utilización dos fondos europeos que deberían ter por finalidade rexenerar o encoro das Conchas, en Bande

- 41800 (11/POP-006298)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións para garantir a calidade asistencial no centro de saúde do concello do Saviñao

- 41837 (11/POP-006299)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as medidas que se deben tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa

- 41847 (11/POP-006300)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as previsións do Goberno galego para frear e reverter a situación de degradación da zona húmida de San Lázaro, no concello de Noia

- 41849 (11/POP-006301)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de dotar de profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe o Centro Público Integrado Cruz do Sar, en Bergondo

- 41857 (11/POP-006302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impedir a inclusión da quenlla no apéndice II da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres

- 41858 (11/POP-006303)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as previsións do Goberno galego para constituírse en parte como coadxuvante na nova demanda de reclamación dos bens mobles sitos no pazo de Meirás

- 41867 (11/POP-006304)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a postura do Goberno galego respecto da compatibilidade do consumo de auga de Ence coa garantía de abastecemento á poboación

- 41871 (11/POP-006305)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun plan de inserción laboral que fomente os empregos do sector das tecnoloxías da información e a comunicación

- 41877 (11/POP-006306)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o apoio da Xunta de Galicia á realización do Festivalle en Vilanova de Arousa

- 41892 (11/POP-006307)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a situación das convocatorias de estabilización de prazas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

- 41900 (11/POP-006308)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Carreira Pazos, Iria
Sobre a demanda de anulación da autorización para a construción da liña de alta tensión Lousame-Tibo

- 41911 (11/POP-006309)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada das súas propostas fiscais

- 41916 (11/POP-006310)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as demandas do comité de empresa da Fundación Profesor Novoa Santos respecto do cumprimento do Convenio colectivo de fundacións de investigación sanitarias galegas

- 41922 (11/POP-006311)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre as medidas que vai tomar o Goberno galego para garantir e preservar o espazo natural do Souto, en Teo, ante os proxectos de construción de subestacións eléctricas colectoras

- 41934 (11/POP-006313)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta en relación coa mortalidade de gaivotas patiamarelas no vertedoiro de Vilagudín, na Coruña

- 41937 (11/POP-006314)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da achega por un senador dun documento con propostas formuladas anteriormente pola Xunta de Galicia

- 41941 (11/POP-006315)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dunha revisión do plan de restauración da canteira de Casalonga, en Teo

- 41948 (11/POP-006316)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación económica e laboral da mocidade galega

- 41953 (11/POP-006317)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo

- 41957 (11/POP-006318)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as razóns do atraso na construción da depuradora e da mellora do saneamento no concello do Pino

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41966 (11/POP-006319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o agravamento do empobrecemento das e dos pensionistas das comarcas de Ourense

- 41972 (11/POP-006320)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia de Ourense

- 41976 (11/POP-006321)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da lexislación vixente na asistencia sanitaria en eventos multitudinarios

- 41985 (11/POP-006322)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación cos actos de celebración do centenario do Seminario de Estudos Galegos

- 41993 (11/POP-006323)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da responsabilidade dos medios de comunicación públicos en materia de xénero

- 42000 (11/POP-006324)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a política económica da Xunta de Galicia para a defensa do poder adquisitivo

- 42006 (11/POP-006325)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre a adecuación das sedes xudiciais en relación coa seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero

- 42011 (11/POP-006326)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da afirmación da Comisión Europea relativa ao incumprimento dos requisitos da Directiva Hábitats polo plan director para a xestión dos espazos da Rede Natura 2000 elaborado pola Xunta de Galicia

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 42016 (11/POP-006327)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para pedir a suspensión da aplicación do regulamento que veta a pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental e presentar un recurso contra este ante a xustiza europea

- 42025 (11/POP-006328)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as actuacións que está realizando a Xunta de Galicia para a prevención, detección e atención ao suicidio

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación á comisión e publicación

- 42097 (11/POC-007735)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 42112 (11/POC-007738)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as previsións para a reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño en Santiago
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 41691 (11/POC-007663)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de implantar nos centros educativos a educación ambiental
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41692 (11/POC-007664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Otero Lago, Noelia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia de implantar nos centros educativos a educación ambiental
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41693 (11/POC-007665)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións do Goberno galego de crear un centro educativo de ensino secundario en Culleredo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41694 (11/POC-007666)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os mecanismos do Goberno galego para levar a cabo un control de xestión da Administración pública autonómica
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41695 (11/POC-007667)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a postura do Goberno galego en relación coa protección do territorio do impacto ambiental do sector eólico
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41696 (11/POC-007668)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os niveis de protección ambiental en Galicia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41697 (11/POC-007669)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego para evitar a deterioración do ecosistema constituído pola lagoa e a praia de Baldaio
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41698 (11/POC-007670)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar o impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 41699 (11/POC-007671)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante a tala indiscriminada nun espazo protexido como a Ribeira Sacra
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41700 (11/POC-007672)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a reiteración das prórrogas dos contratos públicos
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41701 (11/POC-007673)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego para acadar a continuidade da Casa de Galicia en Montevideo
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41702 (11/POC-007674)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o dereito á información pública
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41703 (11/POC-007675)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as máscaras recibidas polo Servizo Galego de Saúde de Sibucu S.L.
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41704 (11/POC-007676)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a prórroga sistemática de contratos por parte do Servizo Galego de Saúde
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41712 (11/POC-007677)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre o desenvolvemento do deseño dos sistemas de transferencia de coñecemento e innovación agrícolas
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41724 (11/POC-007678)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre os resultados e o financiamento do programa do Goberno galego de desconto do 50 % que se aplica nos prezos do autobús autonómico
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41726 (11/POC-007679)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a valoración do Goberno galego da exclusión de Galicia do mapa de autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41731 (11/POC-007680)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para reverter a posibilidade da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 41753 (11/POC-007681)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre o sistema organizativo do Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 41761 (11/POC-007682)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o grao de execución do programa 741A, de apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 41763 (11/POC-007683)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración do Goberno de Galicia da utilización dos fondos europeos que deberían ter por finalidade rexenerar o encoro das Conchas, en Bande
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41798 (11/POC-007684)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións para garantir a calidade asistencial no centro de saúde do concello do Saviñao
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41821 (11/POC-007685)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a necesidade de dotar de profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe o Centro Público Integrado Cruz do Sar, en Bergondo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41836 (11/POC-007686)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as medidas que se deben tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41846 (11/POC-007687)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as previsións do Goberno galego para frear e reverter a situación de degradación da zona húmida de San Lázaro, no concello de Noia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41854 (11/POC-007688)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude ao Goberno español da defensa da frota galega de palangre de superficie
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 41862 (11/POC-007689)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as previsións do Goberno galego para constituírse en parte como coadxuvante na nova demanda de reclamación dos bens mobles sitos no pazo de Meirás
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41864 (11/POC-007690)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre os estudos territoriais realizados en relación coas necesidades de consumo de auga das grandes instalacións industriais e a incidencia do actual contexto de seca
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41872 (11/POC-007691)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun plan de inserción laboral que fomente os empregos do sector das tecnoloxías da información e a comunicación
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 41875 (11/POC-007692)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o apoio da Xunta de Galicia á realización do Festivalle en Vilanova de Arousa
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41878 (11/POC-007693)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego para levar a cabo a ampliación da Rede Natura
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41879 (11/POC-007694)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co impacto ambiental dos proxectos eólicos previstos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41880 (11/POC-007695)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dos plans de recuperación de especies en perigo de extinción
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41881 (11/POC-007696)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación cos danos medioambientais en catro encoros obxecto de expediente sancionador
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41882 (11/POC-007697)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa política para conservar o bosque autóctono
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41883 (11/POC-007698)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación cos danos medioambientais en catro encoros obxecto de expediente sancionador
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41884 (11/POC-007699)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a postura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto da carencia de persoal e recursos nos centros educativos da comarca da Coruña
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41885 (11/POC-007700)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da dotación do sector eólico dun marco xurídico axustado a dereito
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41886 (11/POC-007701)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a presentación da declaración dunha exconselleira ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta de Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41887 (11/POC-007702)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a postura do Goberno galego ante o concepto de memoria democrática
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41888 (11/POC-007703)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto dos procesos xudiciais derivados do chamado caso Bárcenas
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41893 (11/POC-007704)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a situación das convocatorias de estabilización de prazas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 41897 (11/POC-007705)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Carreira Pazos, Iria
Sobre a demanda de anulación da autorización para a construción da liña de alta tensión Lousame-Tibo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41908 (11/POC-007706)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada das súas propostas fiscais
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41914 (11/POC-007707)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as demandas do comité de empresa da Fundación Profesor Novoa Santos respecto do cumprimento do Convenio colectivo de fundacións de investigación sanitarias galegas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41919 (11/POC-007708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre a realización por parte da Xunta de Galicia dunha avaliación dos riscos ecolóxicos e ambientais que supón a construción de subestacións eléctricas colectoras no lugar do Souto, no límite entre os concellos de Ames e Santiago
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 41930 (11/POC-007709)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria
Sobre a mortalidade de gaivotas na contorna do vertedoiro de Vilagudín, na Coruña
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41932 (11/POC-007710)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego das declaracións do voceiro municipal do Partido Popular no Concello de Cangas en relación co Consello de Contas de Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 41936 (11/POC-007711)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da achega por un senador dun documento con propostas formuladas anteriormente pola Xunta de Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 41939 (11/POC-007712)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria
Sobre a situación da canteira de Casalonga, en Teo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41949 (11/POC-007713)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación económica e laboral da mocidade galega
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 41954 (11/POC-007714)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41956 (11/POC-007715)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre as previsións de finalización das obras da depuradora e de mellora do saneamento no concello do Pino
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 41962 (11/POC-007716)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o agravamento do empobrecemento das e dos pensionistas das comarcas de Ourense
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 41971 (11/POC-007717)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis
Sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia de Ourense
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 41975 (11/POC-007718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o cumprimento da lexislación no que atinxe á atención da seguridade sanitaria na celebración de eventos multitudinarios
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41982 (11/POC-007720)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación cos actos de celebración do centenario do Seminario de Estudos Galegos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 41991 (11/POC-007722)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da responsabilidade dos medios de comunicación públicos en materia de xénero
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 42001 (11/POC-007723)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis
Sobre a política económica da Xunta de Galicia para a defensa do poder adquisitivo
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 42007 (11/POC-007724)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre a adecuación das sedes xudiciais en relación coa seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 42010 (11/POC-007725)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da afirmación da Comisión Europea relativa ao incumprimento dos requisitos da Directiva Hábitats polo plan director para a xestión dos espazos da Rede Natura 2000 elaborado pola Xunta de Galicia e as previsións respecto da súa ampliación
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 42015 (11/POC-007726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para pedir a suspensión da aplicación do regulamento que veta a pesca de fondo en 87 zonas do Atlántico nororiental e presentar un recurso contra este ante a xustiza europea
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 42022 (11/POC-007727)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as actuacións que está realizando a Xunta de Galicia para a prevención, detección e atención ao suicidio
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 41979 (11/POC-007719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a utilización pola Corporación Radio e Televisión de Galicia da fórmula contractual de contratos artísticos
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 41989 (11/POC-007721)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a actualización de contidos na web corporativa da Corporación Radio e Televisión de Galicia
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 39522 (11/POC-007461)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre a consideración do Goberno galego respecto do que pretende o Executivo central coa reforma do Regulamento de Costas
BOPG nº 371, do 31.08.2022

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 41987.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2022
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:07:19
Nº Rexistro: 42100
Data envio: 03/10/2022 11:07:19.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia,** sobre a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que se traslade canto antes un acordo unánime aos gobernos español e portugués.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de setembro, o goberno portugués presentou a Nova Liña de Alta Velocidade Lisboa Porto, un proxecto que deberá estar rematado en 2030. No mesmo acto, anunciáronse os plans da nova liña Porto Vigo, que se prevé desenvolver en fases, con un trazado de dobre vía por Nine-Braga-Valença (paralelo ao actual trazado da Linha do Minho que vai por Nine-Viana-Caminha-Valença). A previsión do goberno

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:07:19
Nº Rexistro: 42100
Data envio: 03/10/2022 11:07:19.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

portugués é que o treito Valença-Braga se execute entre 2026- 2030, igual que a conexión Porto-Aeroporto Sá Carneiro. A fase Braga-Aeroporto quedaría para despois de 2030.

Se ben este proxecto está menos desenvolvido que o da liña Lisboa-Porto, a intervención tanto do Ministro de Infraestruturas Pedro Nuno como a do primeiro ministro António Costa o pasado 28 de setembro constitúen un fito histórico xa que situaron como prioridade de Portugal a conexión e a vocación atlántica do país, e a liña do tren de velocidade entre Galiza e Lisboa como a grande espiña dorsal dese proxecto de futuro. Portugal ten claro que o seu futuro pasa pola cohesión e a vertebración do pais (e a proxección atlántica) fronte a conexión con Madrid. Portugal prioriza os seus intereses fronte á subordinación a Madrid. Portugal e Galiza teñen intereses comúns.

Para entender o que significa o tren de alta velocidade Liboa-Porto-Vigo hai que ter en conta o enorme potencial da megarrexión que vai de Lisboa a Galiza, unha das 40 megarrexións máis importantes do mundo por poboación, PIB e número de patentes. No ámbito da península ibérica xogamos na mesma liga que Madrid e o eixe Barcelona Lyon

O impulso da liña de alta velocidade Vigo Porto é un proxecto estratéxico e prioritario para Galiza, dentro dunha visión atlántica de futuro. Constitúe unha especie de trabe mestra esencial para a vertebración territorial, o intercambio cultural, o desenvolvemento económico, a conciliación e a xeración de oportunidades e traballo nos nosos países. Ademais, é un medio máis sustentábel, saudábel e seguro fronte a outros modos de transporte máis contaminantes.

Tendo en conta todas estas circunstancias, a Comisión Europeo sinalou o tren Vigo Porto, xunto coa liña Bucaret-Budapest, como exemplos de iniciativas de especial

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:07:19
Nº Rexistro: 42100
Data envio: 03/10/2022 11:07:19.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interese en materia de comunicacións transfronteirizas do Mecanismo Conectar Europa. E as institucións europeas tamén acordaron incluír a liña Vigo-Porto no Corredor Atlántico.

Esta debe ser a década do tren e temos que aproveitar todas as oportunidades, tamén o financiamento con fondos europeos, para construír a nova liña de alta velocidade Vigo-Porto, dándolle continuidade cara ao sur ao Eixo Atlántico Coruña (tamén no futuro Ferrol)-Vigo. O obxectivo debe ser ter unha liña moderna e competitiva que permita facer a viaxe nunha hora (actualmente o tempo de viaxe é de 2 h 23 min).

Portugal ten claro que a liña de alta velocidade Porto-Vigo é un proxecto estratéxico e está dando pasos firmes para facelo realidade. Pola parte española, o goberno central está claro que non o considera un proxecto prioritario porque os seus intereses están no esquema radial con centro en Madrid e no Corredor Mediterráneo.

O goberno español encargou -logo se sucesivas demoras- un estudo de alternativas para a chamada Saída Sur (a conexión directa entre Vigo e Valença sen ter que ir cara atrás por Redondela) "Estudio de alternativas de la salida sur ferroviaria de Vigo" á empresa PROINTEC, S.A, por importe de 301.904,68 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 12 meses. O contrato adxudicouse a finais de agosto de 2021 e formalizouse a finais de outubro de 2021, polo que xa debería estar en condicións (xa saíron algunhas informacións sobre alternativas posíbeis).

O fundamental é que se planifique a construción da liña e que se comecen os estudos de trazado e a redacción dos proxectos. Que se faga unha planificación dos investimentos e un cronograma coordinado co goberno portugués.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:07:19
Nº Rexistro: 42100
Data envio: 03/10/2022 11:07:19.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que iniciativas levou a cabo o goberno galego diante dos gobernos español e portugués en relación coa mellora e modernización do tren entre Vigo e Porto?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:07:19
Nº Rexistro: 42100
Data envio: 03/10/2022 11:07:19.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2022 11:01:43

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/10/2022 11:01:53

Mercedes Queixas Zas na data 03/10/2022 11:02:00

Rosana Pérez Fernández na data 03/10/2022 11:02:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/10/2022 11:02:17

Daniel Pérez López na data 03/10/2022 11:02:25

Iria Carreira Pazos na data 03/10/2022 11:02:33

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2022 11:02:47

Daniel Castro García na data 03/10/2022 11:02:55

María del Carmen Aira Díaz na data 03/10/2022 11:03:02

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:07:19
Nº Rexistro: 42100
Data envio: 03/10/2022 11:07:19.427

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2022 11:03:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/10/2022 11:03:20

María González Albert na data 03/10/2022 11:03:30

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2022 11:03:42

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2022 11:03:50

Alexandra Fernández Gómez na data 03/10/2022 11:04:00

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/10/2022 11:04:08

María do Carme González Iglesias na data 03/10/2022 11:04:15

Paulo Ríos Santomé na data 03/10/2022 11:04:23

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:20:32
Nº Rexistro: 42115
Data envio: 03/10/2022 12:20:32.641

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o goberno se pronuncie canto antes sobre estas cuestións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro sociocomunitario Porta do Camiño en Santiago de Compostela continúa sen estar aberto ao público. Após o seu feche en marzo de 2020 por mor da pandemia da COVID19, o centro non volveu a recuperar en ningún momento a actividade, contrariamente ao que aconteceu con outros centros das mesmas características que foron reabrindo conforme houbo melloría nas condicións epidemiolóxicas. Tras ser preguntado por esta cuestión na comisión 5ª en abril do presente ano, o Director Xeral de Inclusión afirmou que a apertura se produciría nun breve período de tempo, pois faltaba por solucionar unha cuestión de reorganización dos

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:20:32
Nº Rexistro: 42115
Data envio: 03/10/2022 12:20:32.641

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espazos do interior do centro, despois de realizar obras para mellorar os accesos tanto do centro coma da residencia que se atopa no mesmo edificio.

Non obstante, seis meses despois desta resposta en sede parlamentaria, non se produciu aínda ningún cambio. O centro continúa pechado e sen ter unha previsión concreta desa reapertura. As usuarias deste centro xa teñen esixido en varias ocasións a súa posta en funcionamento de novo, a través de recollidas de sinaturas, intervencións no pleno municipal ou tamén mediante mobilizacións na rúa, mais sen éxito de momento.

Este centro viña sendo utilizado por un gran número de persoas usuarias de xeito habitual, ademais doutras que o usaban puntualmente e cumpría unha dupla función, como punto de encontro e de dinamización e socialización dentro do propio concello.

Así, faise necesaria a apertura deste centro sociocomunitario da Porta do Camiño de Santiago, un espazo dotado con sala de xogos, salón de peiteado, sala de rehabilitación, ciberaula, sala de lectura e cafetería, no que se realizaban actividades como baile, pilates, pintura, informática, exercicios de memoria e excursións.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cando se vai proceder á reapertura do centro sociocomunitario da Porta do Camiño?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:20:32
Nº Rexistro: 42115
Data envio: 03/10/2022 12:20:32.641

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2022 12:10:36

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:20:32
Nº Rexistro: 42115
Data envio: 03/10/2022 12:20:32.641

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/10/2022 12:10:49

Mercedes Queixas Zas na data 03/10/2022 12:10:56

Rosana Pérez Fernández na data 03/10/2022 12:11:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/10/2022 12:11:12

Daniel Pérez López na data 03/10/2022 12:11:24

Iria Carreira Pazos na data 03/10/2022 12:11:33

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2022 12:12:01

Daniel Castro García na data 03/10/2022 12:12:35

María del Carmen Aira Díaz na data 03/10/2022 12:12:44

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2022 12:13:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/10/2022 12:13:17

María González Albert na data 03/10/2022 12:13:25

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2022 12:14:03

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2022 12:14:13

Alexandra Fernández Gómez na data 03/10/2022 12:14:26

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:20:32
Nº Rexistro: 42115
Data envio: 03/10/2022 12:20:32.641

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/10/2022 12:16:18

María do Carme González Iglesias na data 03/10/2022 12:16:25

Paulo Ríos Santomé na data 03/10/2022 12:16:31

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 10:39:48
Nº Rexistro: 41715
Data envio: 23/09/2022 10:39:48.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lonxevo e tradicional sistema investigador agrario que desgraciadamente se foi deixando esmorecer pola falta de recursos humanos suficientes, pero aínda así centros como o CIAM de Mabegondo ou o centro de Lourizán, por nomear dous, están a facer un traballo meritorio que non está chegando aos produtores/as primarios dun xeito apropiado pola falla dunha estrutura para a transferencia de coñecemento.

Debido á situación actual, por unha banda a escaseza de alimentos e forraxes para animais, derivados do cambio climático e outras circunstancias, con períodos de seca cada vez máis acusados e por outra banda a dificultade económica de facerlle fronte aos incrementos dos custes das importacións de forraxes que veñen de Latinoamérica, ou antes, do leste de Europa, pola subida do prezo dos carburantes fan imprescindible a autosuficiencia alimentar e a polo tanto a produción propia, polo que se require unha aposta decidida por un modelo fundamentado na soberanía alimentar.

Evidentemente esta produción propia non se pode levar a cabo de xeito tradicional, o fundamental céntrase na actualización técnica e de coñecemento para acadar cultivos de calidade. Tamén é imperativa a transferencia de coñecemento para facer viábeis as granxas e explotacións a medio e longo prazo, dado que no mundo agrario no que os cambios son cada vez máis vertixinosos.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 10:39:48
Nº Rexistro: 41715
Data envio: 23/09/2022 10:39:48.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a política agraria europea priman cada vez máis exixencias relacionadas co benestar animal, o coidado medioambiental, o control de fitosanitarios nos vexetais e antibióticos nos animais, avogándose claramente por unha agricultura de precisión que monitoriza aos cultivos e o coidado animal, de modo que as intervencións que se teñan que facer sexan mínimas ao ir por diante de potenciais pragas e enfermidades.

É, polo tanto, a estas alturas do século XXI imprescindíbel fomentar a investigación e a innovación que á súa vez vai xerar un coñecemento fundamental para estar na vangarda da produción agrícola, máxime cando un país como o galego que é líder nestas producións porque o contrario supón quedar en desvantaxe co resto de países e rexións do mundo.

É evidente que todo pasa porque este coñecemento se transmita adecuadamente aos principais actores , cuestión que non se debe estar a producir xa que alá polo 2008 en Europa pensouse que se precisaba un sistema de transferencia de coñecemento e innovación que quedou ata actualidade nunha mera proposición teórica.

Parece que é agora o momento no que os circuítos de transferencia de coñecementos deben desenvolverse, e isto terá que facerse tendo en conta as realidades dos distintos estados europeos e tamén ás diversas realidades que se dan dentro de cada estado.

Preocupa principalmente que a falta de cultura de transferencia de coñecemento que se demostra na mínima execución da submedida referida a isto do último período do PDR. Preocupa tamén que quizá non se vaian incluír tódolos actores implicados ata o de agora, e por último preocupa que a estas datas non teñamos coñecemento oficial de quen está a facer o traballo, en que punto do proceso están, con que participación se conta ou para cando estará dispoñible.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 10:39:48
Nº Rexistro: 41715
Data envio: 23/09/2022 10:39:48.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que momento de desenvolvemento está o deseño para Galiza dos AKIS (sistemas de transferencia de coñecemento e innovación) e quen está participando no seu deseño?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 23/09/2022 10:29:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/09/2022 10:29:40

María González Albert na data 23/09/2022 10:29:50

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:45:07
Nº Rexistro: 41725
Data envio: 23/09/2022 13:45:07.354

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e **Belén Salido Maroño,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, ven de anunciar que o Goberno galego aplicará desde o 1 de setembro e ata o 31 de decembro do ano en curso un desconto do 50% nos prezos do autobús autonómico.

O Goberno galego adopta esta medida e decide poñela en marcha destinando fondos propios, tendo en conta que o Executivo central non concretou aínda o diñeiro que lle corresponderá a Galicia, nin consignou os fondos anunciados en xuño para que as autonomías aplicasen o desconto do 30% no prezo de autobús, habilitando ademais ás comunidades implementalo ata o 50% con fondos propios.

Deste xeito, a Xunta adiantará o diñeiro e aplicará a máxima bonificación (50%) no transporte público autonómico, estendendo con fondos propios a bonificación ao transporte da ría de Vigo e ao tren de proximidade na área de Ferrol, que forman parte do Plan de Transporte Metropolitano. Así mesmo, os servizos urbanos de Pontevedra e Ferrol tamén se beneficiarán deste desconto, xa que o seu transporte opera con concesións autonómicas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do desconto do 50% que vén aplicando desde o pasado 1 de setembro nos prezos do autobús autonómico?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:45:07
Nº Rexistro: 41725
Data envio: 23/09/2022 13:45:07.354

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 23/09/2022 13:36:30

Carmen María Pomar Tojo na data 23/09/2022 13:36:43

Ramón Carballo Páez na data 23/09/2022 13:36:58

María Sol Díaz Mouteira na data 23/09/2022 13:37:13

Freire Vázquez, María Begoña na data 23/09/2022 13:37:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/09/2022 13:37:42

María Belén Salido Maroño na data 23/09/2022 13:37:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:45:34
Nº Rexistro: 41727
Data envio: 23/09/2022 13:45:34.651

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e **Belén Salido Maroño,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Hai días coñeciamos pola prensa os plans do Goberno de España que suporían un novo agravio do executivo que preside Pedro Sánchez contra a nosa Comunidade, ao pretender excluír a Galicia da modernización do ferrocarril de mercadorías e deixala fóra dos plans estatais para o desenvolvemento das autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren.

Todo iso a pesar de que Galicia é firmemente candidata a formar parte deste proxecto loxístico, entre outros espazos, a través do percorrido A Coruña-Vigo-Ourense-Monforte-León, parece que excluído do mapa de autopistas ferroviarias deseñado polo Ministerio de Transportes.

A isto hai que engadir o feito de que o Goberno de España non ten achegado información oficial sobre as previsións para avanzar no Corredor Atlántico de Mercadorías, unha infraestrutura estratéxica para Galicia que tampouco parece estar entre as prioridades do Executivo de coalición, e isto a pesar dos compromisos asumidos polo Goberno de España con Galicia neste eido.

Tamén para Galicia é fundamental o impulso da alta velocidade entre Vigo e Porto. Para aproveitar ao máximo os fondos europeos e impulsar sinerxias entre Galicia e Portugal cómpre que o Ministerio de Transportes impulse, como unha primeira actuación imprescindible, a saída Sur de Vigo, e lamentablemente esta infraestrutura aínda segue co estudo de alternativas e sen planificación orzamentaria para a súa execución.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da pretensión do Executivo que preside Pedro Sánchez de excluír Galicia do mapa de autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren tal e como recolle o borrador elaborado polo Executivo central?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:45:34
Nº Rexistro: 41727
Data envio: 23/09/2022 13:45:34.651

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 23/09/2022 13:42:08

Carmen María Pomar Tojo na data 23/09/2022 13:42:21

Ramón Carballo Páez na data 23/09/2022 13:42:36

María Sol Díaz Mouteira na data 23/09/2022 13:42:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:45:34
Nº Rexistro: 41727
Data envio: 23/09/2022 13:45:34.651

grupo parlamentario popular de galicia

Freire Vázquez, María Begoña na data 23/09/2022 13:43:10

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/09/2022 13:43:23

María Belén Salido Maroño na data 23/09/2022 13:43:36

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41732
Data envio: 23/09/2022 14:39:16.860

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Unha nova intención das institucións comunitarias pon en risco a viabilidade da frota palangreira de superficie galega.

E esta nova ameaza parte da proposta de Panamá de incluír a quenlla, tamén coñecida como tintorera, no apéndice II CITES (Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres). Neste apéndice II recóllense as especies que non están necesariamente ameazadas de extinción pero que poderían chegar a estalo, a menos que se controle estritamente o seu comercio. A inclusión neste apéndice obriga, entre outros, a esixir un certificado CITES para a súa comercialización, con todos os problemas e cargas burocráticas que isto acarrearía, como estivemos a ver nos últimos anos co marraxo dientuso.

Esta proposta de Panamá non conta co apoio da comunidade científica. En xullo os expertos do Comité de Pesca da FAO deixaban patentes os seus reparos á iniciativa de Panamá pola falta de sustento científico. Tamén CIAT di non a incluír a tintorera no apéndice II CITES.

O Goberno de España, sector e comunidade científica non comparten os argumentos dados por Panamá para a súa inclusión no apéndice de CITES.

Pero a pesar de todo ese rexeitamento o certo é que o pasado 8 de setembro na Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo aprobouse a proposta que ten como finalidade a inclusión na lista CITES da quenlla (58 votos a favor, 6 abstencións e 1 en contra). Entre os votos a favor están os dos grupos do Partido Popular Europeo, por moito que estes días o eurodeputado galego do PP estea a dicir que eles votaron no sentido de rexeitar esa proposta de inclusión.

Aínda queda unha oportunidade para que esta ameaza non se leve adiante, e esta terá lugar no debate e votación no pleno do Parlamento Europeo. A frota galega de palangre de superficie xógase a súa viabilidade con esta decisión, xa que non podemos pasar por alto que Galicia é a primeira potencia en europea en captura de quenlla, e que ademais realizan esta actividade dun xeito sostible co medioambiente.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41732
Data envio: 23/09/2022 14:39:16.860

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que medidas ten realizado a Xunta de Galicia para reverter a posibilidade da inclusión da quenlla no apéndice II CITES?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/09/2022 13:16:37

Julio Torrado Quintela na data 23/09/2022 13:16:54

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:44:23
Nº Rexistro: 41756
Data envio: 26/09/2022 09:44:23.935

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas brigadas municipais de loita contra os incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego mantivo ao longo dos anos unha postura estábel no relativo ao sistema organizativo que ten que manter de xeito idóneo o Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Nese sentido temos defendido que o SPDIF ten que ser un servizo estábel, profesionalizado, activo os 365 días do ano e de mando único. Facémolo coa convicción de que sobre esa forma de estruturar un servizo tan importante para o conxunto da cidadanía é sobre a que se pode artellar un sistema eficiente e con garantía de servizo mais tamén con garantías para a seguridade e calidade laboral dos traballadores e traballadoras.

Nesta liña o BNG ten defendido, entre outras moitas medidas, en múltiples ocasións a desaparición das Brigadas Municipais en tanto que tales e a ampliación do servizo propio da Consellaría de Medio Rural nun volume axeitado para atender ao territorio. O obxectivo final é contar cun servizo profesionalizado e eficiente tanto en labores de extinción dos lumes convectivos de 6ª xeración aos que nos enfrontamos como para a realización con garantías e prontitude das labores de prevención que neste momento son inherentes ás brigadas municipais e que se financian en boa medida a

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:44:23
Nº Rexistro: 41756
Data envio: 26/09/2022 09:44:23.935

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galiza.

O PLADIGA recolle no seu plan de medios unha previsión de que as brigadas municipais se incorporen ao Servizo en Período de Alto Risco; isto é, desde o 1 de xullo até o 30 de setembro. Faino así no que resulta unha neglixencia continuada por parte do Goberno Galego que prevé incorporar a traballadoras e traballadores que teñen por labor principal a prevención na época do ano na que non se pode realizar esa prevención por motivos obvios.

Entre as reticencias e problemas que presentan este tipo de brigadas atópanse cuestións fundamentais como a súa evidente precarización (con contratos de 3 meses e salarios moi por debaixo do resto de persoal do servizo), escasa formación, tardía incorporación ao servizo en base ás supostas funcións que deben cubrir e distribución no territorio en base a criterios que pouco ou nada teñen a ver cos risco de incendios específico en cada parte do territorio.

Así e todo o PLADIGA 2022 prevé no seu cadro persoal que no período de alto risco (isto é, entre xullo e agosto) o SPDIF contase cun total de 1.298 traballadoras e traballadores incorporados dentro dos convenios coas entidades locais para servizo motobomba e brigadas contra incendios. Representarían, polo tanto, o 24,06% do total do persoal previsto no PLADIGA para o Servizo dentro dese período de alto risco (que ascendería a un total de 5.394 incluíndo a traballadores da Xunta, Estado, GES, Parques Comarcais, BRIF e brigadas helitransportadas privadas).

Esa situación “ideal” que para o Partido Popular prevé o PLADIGA na que as brigadas se incorporarían en xullo viuse seriamente comprometida na campaña deste ano cando moitos concellos non tiveron capacidade para incorporar esas brigadas até

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:44:23
Nº Rexistro: 41756
Data envio: 26/09/2022 09:44:23.935

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mediados do mes de agosto, cando xa debían levar mes e medio incorporadas ao servizo.

Engadido a isto, cabe remarcar que na Comisión 7ª de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes celebrada no 23 de setembro de 2022, o director xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais afirmou que "o mellor período para as brigadas municipais é o comprendido entre os meses de agosto e outubro", xa que é aí cando tradicionalmente se multiplican as labores de extinción. Ao tempo, afirmou que todos os convenios estaban asinados a finais de xuño e que "a data límite para a súa constitución era o 15 de agosto"e que, en todo caso "é responsabilidade dos concellos o momento efectivo da súa constitución".

En Galiza temos neste momento, polo tanto, un sistema atomizado con múltiples organismos que se adican á prevención e extinción. Isto resta notabelmente, ao noso entender, eficacia na actuación ante os lumes forestais e moito máis coa nova tipoloxía de incendios á que nos enfrontamos na actualidade xa que se comportan de maneira completamente diferente á afrontada até o día de hoxe.

A atomización e heteroxeneidade do Servizo de Extinción de Incendios, baixo a responsabilidade da Xunta de Galiza, coa continua perda de peso neste do SPDIF afecta gravemente a eficacia deste. Demasiados chiringuitos pagados con cartos públicos e cunha formación escasa. A eficacia diminúe por dous factores, por atomización do dispositivo, (estase metendo no monte xente pouco preparada) e porque os dispositivos non están sendo adaptados ó novo tipo de lumes. Isto non se pode deixar á improvisación. Todo dispositivo que traballe nunha emerxencia debe ter esa formación: brigadas municipais, Seaga, persoal privado contratado...

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:44:23
Nº Rexistro: 41756
Data envio: 26/09/2022 09:44:23.935

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha brigada municipal ten a calidade operativa do salario que cobra e do tempo de contrato que ten. A realidade é que non existe ningún protocolo conxunto en canto a preparación e formación.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que responsabilidade van asumir do feito de que o 24,06% do total do persoal previsto no PLADIGA 2022 non estivese incorporado o servizo mentres se desenvolvían os incendios forestais máis grandes da historia de Galiza?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 26/09/2022 09:41:32

María del Carmen Aira Díaz na data 26/09/2022 09:41:37

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:44:23
Nº Rexistro: 41756
Data envio: 26/09/2022 09:44:23.935

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/09/2022 09:42:02

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:47:23
Nº Rexistro: 41760
Data envio: 26/09/2022 09:47:23.317

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A economía galega ten amosado nos 13 anos de gobernos de Feijóo na Xunta de Galicia grandes dificultades para xerar emprego. Á vista está o dato de que, nun periodo no que en España aumentou nun millón de persoas a poboación ocupada, en Galicia perdéronse 60.000 efectivos. E a inercia mantida polo goberno galego tralo cambio de presidente non permite augurar cambios neste sentido.

Con estas dificultades para cambiar a base produtiva e xerar emprego, incrementadas polas consecuencias dunha inflación que é superior en Galicia que na media de España e o impacto da guerra en Ucraína, chama a atención a resistencia do goberno da Xunta a exercer todas as competencias que lle dá o marco estatutario para apoiar ás empresas e contribuír ao seu desenvolvemento.

O impulso dende o sector público ten que servir para axudar ao tecido produtivo a xerar emprego, investir e innovar para medrar, polo que a Xunta de Galicia ten que adoptar medidas que favorezan ás empresas da nosa comunidade, tanto ás que teñen xa historia propia como a aquelas que vaian aparecendo.

Nun contexto no que o Instituto Galego de Estatística pon en evidencia tendencias galegas que deben preocupar en relación ao número de empresas disoltas e creadas en Galicia, é importante que o goberno da Xunta apoie ao tecido produtivo, ás pemes e ás persoas autónomas, e poña a disposición dos mesmos de forma efectiva os programas anunciados. Pensemos que a creación de empresas caeu un 33 por cento en Galicia, o dobre que en España. De feito, Galicia é a comunidade na que máis cae a constitución de novas empresas en toda España. Se en xullo de 2022 en Galicia se crearon 223 novas empresas, en xullo de 2021 nacían 331, cunha diferencia de 108 no número de novas empresas que se abrían no mesmo mes.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:47:23
Nº Rexistro: 41760
Data envio: 26/09/2022 09:47:23.317

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é o grao de execución do programa 741A, de Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/09/2022 09:42:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/09/2022 09:42:54

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 10:49:38
Nº Rexistro: 41764
Data envio: 26/09/2022 10:49:38.371

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Segundo se desprende do informe do Consello de Contas publicado en xullo deste ano sobre o proxecto Life Rexenera Limia, a CHMS, Xunta de Galicia e a deputación de Ourense deixaron sen gastar o 40 % dos fondos deste proxecto que se iniciou en 2014 e tiña un orzamento total de algo máis de dous millóns de euros, un gasto subvencionable de 1,7 millóns e unha taxa de cofinanciamento do 50 % con fondos europeos, polo que a UE aportaría un euro por cada euro gastado por España.

O obxectivo do proxecto Life Rexenera Limia era implementar proxectos innovadores de rexeneración dos sistemas fluviais degradados na Comarca da Limia, pola intensa actividade agrícola e gandeira. Tratábase, por tanto de recuperar e rexenerar os sistemas hídricos dos que forman parte os cursos de auga que desaugan no río Limia, que á súa vez verte as súas augas no encoro das Conchas.

Por outra banda, a documentación sobre o Proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación do entorno do encoro das Conchas desenvolto pola CHMS entre os anos 2014 e 2015, dotado con 1.015.631 euros e financiado nun 80 % con fondos FEDER, amosa que a maioría deses fondos gastáronse en construír piscinas e reconstruír termas no concello de Bande.

Os obxectivos dese programa eran, por esta orde, mellorar a calidade das augas do encoro, compensar a falta de baño (prohibido en moitas épocas do ano] con outras zonas adaptadas a ese uso, promover actividades lúdicas, culturais e de saúde nese entorno fluvial, e promover a seguridade e a accesibilidade da ribeira, pero na práctica, o primeiro obxectivo case non recibiu fondos porque practicamente a totalidade do orzamento -921.183 euros máis 193.449 euros de IVA dedicouse fundamentalmente a construír unha instalación de dúas piscinas e o reacondicionamiento como piscinas das termas romanas de Porto Quintela, en ambos casos en Bande, mentres que para a recuperación ambiental das augas do encoro só se gastaron 30.200 euros.

O encoro leva décadas acumulando a contaminación por fósforo e nitratos dos xurros, fertilizantes e residuos das explotacións gandeiras industriais existentes na comarca, que ten a maior densidade de granxas de porcos e polos de Galicia,

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 10:49:38
Nº Rexistro: 41764
Data envio: 26/09/2022 10:49:38.371

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

contaminación que produce unha proliferación de cianobacterias que, sumada á falla de osíxeno das augas, desembocou este verán o envelenamento das augas con ácido sulfídrico pola descomposición das cianobacterias que se atopan no fondo e apenas reciben luz.

Dase a circunstancia de que o Goberno do Estado aprobou a comezos deste ano o Real decreto sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, que de acordo coa normativa europea e estatal obriga ás CC.AA a declarar zonas vulnerables por este tipo de contaminación, como é obviamente o caso da comarca da Limia e do encoro das Conchas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Como valora o Goberno de Galicia que a maioría dos fondos europeos que en teoría deberían ter por finalidade rexenerar o encoro das Conchas se gastasen en construír piscinas en Bande?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 23/09/2022 13:52:47

Paloma Castro Rey na data 23/09/2022 13:53:01

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 13:26:37
Nº Rexistro: 41800
Data envio: 26/09/2022 13:26:37.360

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 15 de setembro de 2022 saíu publicado o listado provisional de traslados do SERGAS, nesa publicación puidemos comprobar que a unha das facultativas do Centro de Saúde de Escairón se lle concede traslado para outro centro de saúde mentres para o Centro de Saúde de Escairón non ten pedido ninguén.

Aínda que estas listaxes son provisionais temos constatado que é moi raro que as listaxes definitivas sufran variacións, polo que podemos contar con que efectivamente o mencionado centro de saúde vai quedar sen un persoal facultativo estable.

O Concello do Saviñao ten unha poboación de pouco máis de 3500 habitantes e 200 km2. Conta neste momento con 3 médicas, 3 enfermeiras, 2 psx na capitalidade e 1 médica e 1 enfermeira máis no consultorio de Currelos. Este persoal xustifícase polas dimensións , a orografía e a media de idade da poboación do Concello.

Dado o exemplo que temos en zonas veciñas pensamos que é probable que a escaseza de persoal facultativo se use como xustificación perfecta para deixar esta praza por cubrir ou para cubrila de forma ocasional o que entendemos que sería extremadamente prexudicial para manter a calidade asistencial.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 13:26:37
Nº Rexistro: 41800
Data envio: 26/09/2022 13:26:37.360

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o punto de vista laboral será tamén problemático porque incrementará as cargas para o persoal facultativo que quede.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Teñen feito algún traballo para darlle estabilidade á cobertura da ausencia desta profesional médica para que non se vexa afectada a calidade asistencial e as condicións laboral do persoal que queda?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 26/09/2022 13:23:38

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2022 13:23:43

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:14
Nº Rexistro: 41837
Data envio: 26/09/2022 18:14:14.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Mecedes Queixas Zas**, **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo a finais deste mes de setembro vai celebrarse na Illa da Toxa, no concello de O Grove o "IV Foro La Toja". Un evento no que participa o máis granado da oligarquía: entre outros o presidente da Xunta de Galiza, o presidente do Goberno español, ex-presidentes do Goberno español, como Felipe González e Mariano Rajoy e representantes do mundo da empresa ou das finanzas.

Baixo a beatífica imaxe dun "foro de debate intelectual e académico para fomentar o intercambio de ideas e experiencias" o que agocha é a intención de deseñar e decidir o noso futuro, fóra das institucións democráticas.

Durante tres días reúnense representantes da elite política, económica e intelectual, banqueiros, xefes de goberno presentes e pasados, afinando as súas estratexias de dominación e explotación da maioría ao servizo do poder dominante que representan.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:14
Nº Rexistro: 41837
Data envio: 26/09/2022 18:14:14.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Poder responsábel do proceso acelerado da degradación das condicións de vida da maioría da poboación, empobrecemento e precariedade da clase traballadora e desmantelamento dos servizos públicos.

Queremos denunciar o apoio da Xunta de Galiza e do Goberno español a un Foro creado para promover e divulgar a ideoloxía neoliberal en materia de doutrina económica, social e política internacional; para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo, e anular o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.

O que tería que facer o Presidente da Xunta é deixar de estar abrazado ao gran capital e reclamar nese Foro o fin do roubo xeralizado ao que están sometendo á poboación, do espolio enerxético aos que nos están sometendo @s galeg@s e rematar co deterioro dos servizos públicos, na vez de apoiar eses comportamentos empresariais compartindo mesa con eles.

Este foro ao denominarse "Foro La Toja" incumpre co seu nome a lexislación que recoñece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. "Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega", así como que "estas denominacións son as legais a todos os efectos".

Representa un exercicio de ostentación e de desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto d@s galeg@s, unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua que non se pode consentir.

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:14
Nº Rexistro: 41837
Data envio: 26/09/2022 18:14:14.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promoción da nosa lingua participen e apoien economicamente eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Temos que sumar que a Xunta, en resolución do 13 de agosto de 2021, declara como de "interese galego" a "Fundación La Toja", constituída en Barcelona, sen que teña feito nada para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, a pesares de que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as razóns do evidente apoio político e institucional por parte da Xunta de Galiza a un Foro que responde ás premisas ideolóxicas e lingüísticas tan marcadas?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:14
Nº Rexistro: 41837
Data envio: 26/09/2022 18:14:14.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2022 18:06:44

Daniel Castro García na data 26/09/2022 18:06:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/09/2022 18:07:02

Mercedes Queixas Zas na data 26/09/2022 18:07:10

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41847
Data envio: 26/09/2022 18:38:39.731

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A evolución urbanística do concello de Noia durante os anos 80 e 90 e a necesidade de mellora da dotación de instalacións públicas deportivas supuxo que, na zona de San Lázaro, se levara a cabo un recheo e posterior construción sobre zonas húmidas.

Así, aproveitáronse os espazos gañados ao humidal para a construción do estadio municipal que na actualidade continúa a empregarse para a actividade deportiva de varios clubes locais.

Preto do estadio municipal atópase un paseo fluvial que cada vez ten máis afluencia de persoas, un feito que se suma aos centenares que fan uso das instalacións deportivas. E tamén nesta mesma zona é onde se pretende construír o futuro centro de saúde de Noia, que dará servizo a máis de 30.000 persoas en toda a comarca.

No entanto, malia ao seu cada vez maior uso e ao seu gran potencial, a contorna do estadio municipal está nun estado total de abandono, especialmente o vello campo de entrenamento de terra, agora xa en desuso, que se atopa completamente degradado.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41847
Data envio: 26/09/2022 18:38:39.731

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A recuperación e posta en valor da zona húmida de San Lázaro require de distintas actuacións que deberan ter un enfoque integral e que permitiran o aproveitamento do terreo e a mellora das infraestruturas, á par da rexeneración do humidal, tanto ambiental como paisaxisticamente.

O feito da instalación do futuro centro de saúde neste espazo fai necesaria tamén a ubicación dun heliporto na zona que, na práctica, xa está a ser empregada como heliporto de emerxencia, polo que tamén habería que ter en conta a adaptación do terreo a esta necesidade e establecer un heliporto sostíbel, realizado con técnicas que teñan unha mínima repercusión na contorna.

Así mesmo, a rexeneración do espazo debería favorecer a accesibilidade, tanto ao centro de saúde a construír como ao estadio municipal.

Por outra banda, o bombeo de saneamento de augas denominado "Estadio" por ubicarse nese lugar, é un dos máis problemáticos do concello, tal e como recolle o Plan Director de Saneamento de Noia, que recoñece que "no bombeo de Estadio os colectores de entrada atópanse permanentemente en carga, con moito lixo e sólidos grosos, que causan atascos nas bombas e impiden o seu funcionamento". Por esta razón, continúa o documento elaborado pola Xunta de Galiza, "vértense directamente as augas residuais que chegan a este bombeo polo seu aliviadoiro sobre o Rego de Tállara".

É evidente, pois, que unha actuación integral non podería obviar dar solución aos serios problemas de saneamento de augas na zona.

En calquera caso, faise imprescindíbel actuar na contorna do estadio municipal de San Lázaro para atallar o estado actual de degradación. Tanto o actual paseo fluvial, o campo de fútbol en desuso, como o resto do terreo gañado

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41847
Data envio: 26/09/2022 18:38:39.731

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

á zona húmida deberan ser obxecto dunha rexeneración ambiental e paisaxística que combinase, á súa vez, con aqueles usos deportivos e de ocio que sexan respetuosos coa contorna.

Neste sentido cómpre subliñar o establecido na Estratexia 2030 da UE sobre a biodiversidade, que recolle a obriga de mellora dos hábitats e especies en peor estado de conservación, entre os que se inclúen os humidais.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto levar a cabo o Goberno galego para frear e reverter a situación de degradación do humidal de San Lázaro, no Concello de Noia, e da súa contorna?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41847
Data envio: 26/09/2022 18:38:39.731

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2022 18:34:41

Rosana Pérez Fernández na data 26/09/2022 18:34:46

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41849
Data envio: 26/09/2022 18:42:17.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de dotar de profesorado especialista en PT e AL o CPI Cruz do Sar (Bergondo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CPI Cruz do Sar (Bergondo), onde están escolarizados máis de 350 alumnos e alumnas, comezou o presente curso 2022-2023 con dous docentes menos que no curso 2021-2022, un mestre de Educación Primaria e un de Pedagoxía Terapéutica.

Deste xeito, no actual curso a atención ás NEAE é afrontada cunha única especialista en Pedagoxía Terapéutica e ningunha de Audición e Linguaxe, ao non figurar esta no catálogo do centro e estar condicionada a unha presenza ocasional e discontinua, o que prexudica o coidado e seguimento deste alumnado.

Os informes do Departamento de Orientación deste centro educativo ratificaban, xa a finais do curso pasado, para o presente curso o acrecentamento de alumnado con necesidades significativas, polo que considerou imprescindible solicitar, ademais dunha mestra de AL, unha segunda mestra de PT.

A resposta da Consellería desatendeu as demandas xustificadas do centro e resolveu conceder unha soa mestra co perfil de AL afín con PT.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41849
Data envio: 26/09/2022 18:42:17.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consecuentemente, o CPI Cruz do Sar non pode dar cumprimento ao Plan Xeral de Atención á Diversidade, o que obriga a priorizar unha parte do alumnado con NEAE e deixar desatendido outro.

Todo o alumnado NEAE vai recibir menos sesións de apoio por parte das mestras de PT e AL e até 19 alumnos quedan sen ningunha atención, fallando, deste xeito, ao principio básico garantista dunha escolarización verdadeiramente inclusiva.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese a Xunta a dotar, á maior brevidade, os docentes demandados no CPI Cruz do Sar (Bergondo), para reparar o abandono dunha parte do alumnado que maior atención educativa precisa para garantir o dereito a unha educación inclusiva?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/09/2022 18:41:18

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41849
Data envio: 26/09/2022 18:42:17.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 26/09/2022 18:41:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/09/2022 18:41:36

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:00:41
Nº Rexistro: 41857
Data envio: 27/09/2022 10:00:41.733

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vindeira reunión da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES), terá lugar no mes de novembro en Panamá, país que, precisamente, lidera a inclusión da quenlla dentro da listaxe de especies do Apéndice II de CITES.

A proposta fundaméntase en restrinxir a comercialización de tiburón azul porque "existe un parecido visual con outras especies de tiburóns que están protexidas", sen ter en conta que a captura da quenlla está hoxe xa regulada para protexer a súa explotación sostíbel.

A UE, que está obrigada pola propia PPC a tomar decisións apoiadas en informes científicos, en avaliacións do impacto socioeconómico e con consulta ás partes interesadas, xa se manifestou favorábel á proposta de Panamá a través do Consello e, máis recentemente, da Comisión de Medio Ambiente da Eurocámara, malia a ser un país apercibido dúas veces pola propia UE por prácticas de pesca ilegal.

Aínda que a posición do Estado español foi contraria, tamén e certo que foi quen propuxo no ano 2020 límites precautorios de capturas (TAC) no Atlántico pese a que os

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:00:41
Nº Rexistro: 41857
Data envio: 27/09/2022 10:00:41.733

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

stocks, segundo os informes e avaliacións científicas realizadas, non indicaban sobrepesca. Moi ao contrario, aínda hoxe indican que a quenlla é unha especie moi abundante tanto no Atlántico, como no Índico, como no Pacífico.

E así o corroborou, no mes de xullo, o panel de expertos do Comité de Pesca da FAO para a avaliación das propostas de emendas dos Apéndices I e II de CITES sobre especies acuáticas explotadas comercialmente que, no seu informe preliminar, concluíu que a especie "xa está suxeita a múltiples medidas de xestión en diferentes OROP" e que a posíbel inclusión da quenlla "pode producir un impacto socioeconómico global que debería, cando menos, ser considerado na proposta".

Só o impacto que tería para os intereses pesqueiros de Galiza, que representa o 90% da produción europea, e para os espadeiros galegos, para os que a quenlla supón entre o 60 e o 70% do volume de capturas, sería demoledor.

O Apéndice II de CITES non inclúe as especies en perigo de extinción, se non as que se considera que o seu comercio debe ser controlado para garantir a súa supervivencia, o que, na práctica, provoca importantes dificultades administrativas e de comercialización, situación xa vivida a partir do 2019 polo sector co marraxo dientuso e da que aínda arrastra perdas e outras consecuencias debido, fundamentalmente, á descordinación e á deficiente xestión do Goberno español.

De novo, pois, a preocupación, a incertidume e a inquietude esténdese sobre unha frota, a de palangre de superficie, que vén realizando dende hai anos un enorme esforzo a prol dunha explotación sostíbel e ten posto en marcha programas como o FIP Blues (Proxecto de Mellora da Pesquería do peixe espada e a quenlla) que xa é unha referencia en compromiso coa sostibilidade.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:00:41
Nº Rexistro: 41857
Data envio: 27/09/2022 10:00:41.733

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis unha vez, unha frota que conta con máis de 120 buques e arredor de 900 tripulantes, que cumpre cun amplo marco normativo, sometida a estritos controis e que colabora coa comunidade científica dende hai máis de 40 anos, non pode verse exposta a decisións que non contan con evidencias científicas e que obvian os criterios de equilibrio que debe existir entre unha pesquería sostíbel e as repercusións socioeconómicas da limitación da mesma.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galiza para impedir que a inclusión da quenlla no Apéndice II de CITES se produza e afecte gravemente á frota galega de palangre de superficie?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:00:41
Nº Rexistro: 41857
Data envio: 27/09/2022 10:00:41.733

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 27/09/2022 09:57:37

María do Carme González Iglesias na data 27/09/2022 09:57:41

Daniel Castro García na data 27/09/2022 09:57:48

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:08:09
Nº Rexistro: 41858
Data envio: 27/09/2022 10:08:09.009

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Avogacía do Estado presentou ante os xulgados de Madrid unha demanda contra os herdeiros de Franco reclamando a propiedade do Estado sobre unha gran parte dos bens mobles que se atopan dentro do Pazo de Meirás, grazas a que a execución provisional da sentenza do Xulgado de 1ª Instancia da Coruña permitiu coñecer os bens, os seus orixes, características, condicións e inventarialos.

Un total de 564 bens mobles, documentos e cartafoles que se poden agrupar en tres categorías:

1) bens de Patrimonio Nacional;
2) bens de Patrimonio Documental Español;
3) bens que son de dominio público pola súa afectación ao uso do Pazo de Meirás como residencia oficial do Xefe do Estado e que, ademais, forman parte do Patrimonio Histórico Español polo seu interese histórico e tamén artístico, vinculado, por unha parte, á figura da escritora Dª Emilia Pardo Bazán, e por outra, á actividade oficial desenvolvida durante a ditadura franquista.

Na demanda inclúese unha petición como medida cautelar de permanencia dos bens dentro do Pazo de Meirás, e en depósito da Administración, ata que o xulgado decida sobre a súa propiedade.

Dende o Grupo Socialista defendemos que esta reclamación é esencial para garantir a conservación e protección de todos estes bens, así como a integridade dos intereses históricos e artísticos vinculados a eles, e entendemos que ao atoparse o Pazo en Galicia o Goberno da Xunta ten que implicarse nesta recuperación e personarse nesta causa xudicial como fixo no seu día coa demanda que reclamaba a propiedade do Pazo de Meirás.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Ten previsto o Goberno galego personarse como coadyuvante, nesta nova demanda de reclamación dos bens mobles sitos no Pazo de Meirás contra os herdeiros de Franco?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:08:09
Nº Rexistro: 41858
Data envio: 27/09/2022 10:08:09.009

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 10:06:44

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 10:06:57

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:15:00
Nº Rexistro: 41867
Data envio: 27/09/2022 10:15:00.769

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de cumprirse dous meses da parada da actividade de ENCE debido á situación de prealerta no río Lérez e á escaseza de auga na presa de Bora. A fábrica de Lourizán ten un consumo de auga moi elevado, uns 12 millóns de m3/ano, que capta no cauce do río Lérez en Bora.

Tendo en conta que a presa do río é a principal fonte de abastecemento de auga aos concellos da ría considerando que o actual contexto de seca non é unha situación conxuntural, cómpre avaliar o actual emprazamento da fábrica, as súas necesidades de consumo de auga e a compatibilidade co abastecemento de auga á poboación.

A administración autonómica debe facer unha avaliación exhaustiva das necesidades de consumo de auga das grandes instalacións industriais, e analizar os escenarios presentes e futuros que se derivan do actual contexto de seca e de escaseza de auga. Un dos aspectos importantes a ter en conta é a análise da compatibilidade entre as necesidades de consumo de auga da gran industria e as necesidades de consumo da poboación. No caso de ENCE parece clara a incompatibilidade, constituíndo un factor máis para a procura de alternativas de ubicación deste complexo industrial que está situado no dominio público marítimo terrestre.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:15:00
Nº Rexistro: 41867
Data envio: 27/09/2022 10:15:00.769

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego compatíbel o consumo de auga de ENCE coa garantía de abastecemento á poboación no actual contexto de seca e nos escenarios futuros de escaseza de auga?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2022 10:12:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2022 10:12:44

Alexandra Fernández Gómez na data 27/09/2022 10:12:51

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:25:27
Nº Rexistro: 41871
Data envio: 27/09/2022 10:25:27.355

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As dificultades para cubrir os postos de traballo so sector das TIC é unha queixa constante das empresas tecnolóxicas da información e da comunicación na nosa comunidade autónoma. Existen, segundo os seus cálculos, 3.000 vacantes sen cubrir e a oferta de emprego non para de crecer pola imparable dixitalización da economía que acelerouse pola COVID-19 e polo histórico despregue dos fondos europeos de recuperación.

E isto, a pesar de que o Clúster TIC formou a algo máis de 2.000 persoas en competencias dixitais nun plan para mellorar o perfil profesional dos traballadores e traballadoras en activo e de persoas desempregadas, en colaboración coa Consellería de Emprego e Igualdade e financiado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional. Prevense uns 80 cursos na iniciativa que se desenvolverán ata novembro. Hai a modalidade online, outra a través da aula virtual e unha terceira mixta, combinando as dúas anteriores.

O Grupo Parlamentario Socialista pensa que a Xunta de Galicia debería elaborar unha serie de medidas para cubrir eses postos de traballo que se demandan por parte das empresas tecnolóxicas da información e da comunicación. Sería unha boa fórmula de empregabilidade para moitas persoas que están en desemprego e tamén sería unha saída profesional para moitos mozos e mozas da nosa terra.

O sector das TIC converteuse nun dos principais motores do mercado laboral autonómico. Ten algo máis de 14.200 traballadores a data de 31 de agosto, tras un incremento do 25,7 % en comparación cos datos de afiliación previos á pandemia, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE). O auxe das profesións dixitais ten moito que ver coa importante subida das bases de cotización na recadación do IRPF este ano e durante o ano 2021.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:25:27
Nº Rexistro: 41871
Data envio: 27/09/2022 10:25:27.355

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego elaborar un plan de inserción laboral para fomentar que as persoas en desemprego podan optar ós empregos do sector TIC?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/09/2022 10:01:10

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/09/2022 10:01:18

Noelia Otero Lago na data 26/09/2022 10:01:26

Martín Seco García na data 26/09/2022 10:01:34

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:01:16
Nº Rexistro: 41877
Data envio: 27/09/2022 12:01:16.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o apoio da Xunta á celebración do Festivalle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo, entre os días 11 e 15, celebrouse en Vilanova de Arousa o Festivalle, un festival de teatro centrado monograficamente na figura do dramaturgo e creador do esperpento Ramón María del Valle-Inclán.

Presentouse esta como unha cita inaugural, por parte dos responsábeis, nada con vocación de continuidade, dirixida por José Luis Méndez Romeu, promovida pola Asociación de Amigos de Valle-Inclán e apoiada economicamente pola Xunta de Galiza, ademais de polo INAEM.

O programa de Festivalle ofreceu, por unha banda, representacións teatrais da autoría de Valle-Inclán e, pola outra, un curso de verán centrado na vida do dramaturgo e diferentes actividades culturais coincidentes no obxectivo común de redescubrir o autor desde a súa vila natal.

O apoio da Xunta a este novo festival sorprendeu no sector das artes escénicas, ao se descoñeceren os criterios públicos que sustentan a implicación económica, cando outros festivais de artes escénicas de longa traxectoria e recoñecemento son refrendados

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:01:16
Nº Rexistro: 41877
Data envio: 27/09/2022 12:01:16.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por outras institucións públicas galegas e estatais, mentres que do propio goberno galego só reciben indiferenza e desatención.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Responde a participación económica da Xunta para co Festivalle aos principios de equidade, igualdade e transparencia?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2022 11:59:40

Daniel Castro García na data 27/09/2022 11:59:45

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:01:16
Nº Rexistro: 41877
Data envio: 27/09/2022 12:01:16.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2022 11:59:53

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:14:43
Nº Rexistro: 41892
Data envio: 27/09/2022 13:14:43.818

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En Galicia estímase que o 31.7 % dos traballadores/as das administracións públicas teñen un contrato temporal segundo datos da EPA do segundo trimestre de 2022. A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público perfila unha senda de procesos de estabilización de prazas que afecta a moitos traballadores e traballadoras tamén en Galicia. Ao longo deste ano 2022, o goberno da Xunta debe publicar as distintas convocatorias que están dentro do seu ámbito e facelo de forma coherente coa lexislación existente e coordinada cos axentes sociais e representantes de traballadores/as, buscando así o mellor sistema para estabilizar esas prazas e sendo consciente da necesidade de reducir a temporalidade que sufriron ao longo de anos moitos traballadores e traballadoras.

De feito, as administracións públicas deben reducir por lei a temporalidade co obxectivo de situar a taxa de temporalidade estrutural por debaixo do 8 % a finais de 2024. Por iso, o goberno da Xunta debe asumir este reto como propio, cumprindo axeitadamente coas súas obrigas e acertando nos procesos de convocatorias que sairán antes do final de 2022 de forma dilixente e eficiente, entendo a gravidade da situación á que hai que dar solución.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a situación das convocatorias de estabilización de prazas derivadas da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que corresponden á Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro do 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:14:43
Nº Rexistro: 41892
Data envio: 27/09/2022 13:14:43.818

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/09/2022 13:12:27

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 13:12:38

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 13:12:48

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:35:49
Nº Rexistro: 41900
Data envio: 27/09/2022 13:35:49.477

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda de anular a autorización para a construción da liña de alta tensión Lousame-Tibo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de agosto o Consello da Xunta autorizou a construción da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo, cunha extensión de 40 km que atravesan unha decena de concellos entre as dúas localidades mencionadas.

Este acordo demorou un mes en ser comunicado publicamente e ignorou as múltiples alegacións presentadas pola veciñanza, por diferentes concellos afectados, así como o informe negativo do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta.

As alegacións presentadas incidían na alta desprotección dos valores patrimoniais culturais da zona, no incumprimento das medidas de salvagarda, así como no forte impacto degradativo dunha paisaxe cultural singular e protexida como é o Castro Lupario, a aldea de Angueira de Castro, o Pazo do Faramello ou o propio Camiño de Santiago, o Camiño Portugués, entre Iria e Compostela.

O ámbito da afectación é definido polo CCG como “un espazo de calidades culturais relevantes” que constitúe “unha paisaxe cultural construída ao longo dos

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:35:49
Nº Rexistro: 41900
Data envio: 27/09/2022 13:35:49.477

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempos que conserva moitos dos elementos desa construción histórica e na que a comunidade se identifica".

No Catálogo das Paisaxes de Galiza son recoñecidas as liñas de alta tensión como causantes de fortes impactos e interferencias na paisaxe que rodea os diferentes Camiños de Santiago.

Sen dubida, este un claro exemplo dunha realidade que no BNG entendemos que aínda estamos a tempo de frear e, consecuentemente, salvar os bens protexidos como parte dunha paisaxe cultural global que constitúe territorio histórico do Camiño de Santiago.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Entende a Xunta que a autorización de construción da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo garante a preservación e protección da pasisaxe cultural e dos valores patrimoniais afectados que a conforman como o Castro Lupario, a aldea de Angueira de Castro, o Pazo do Faramello ou o propio Camiño Portugués?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:35:49
Nº Rexistro: 41900
Data envio: 27/09/2022 13:35:49.477

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2022 13:30:34

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2022 13:30:37

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:05:19
Nº Rexistro: 41911
Data envio: 27/09/2022 17:05:19.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza retire a súa nova proposta impositiva regresiva e incorpore unha alternativa realmente redistributiva para o debate do próximo proxecto de orzamentos da comunidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 23 de setembro de 2022 o Presidente da Xunta anunciaba unha nova reforma fiscal regresiva. Facíao nun foro privado impulsado por unha entidade bancaria á que o goberno galego xa facilitou a xestión e decisión sobre fondos europeos, a xestión de infraestruturas bancarias con financiamento da Xunta e o impulso da primeira universidade privada do noso país. Neste foro, anunciaba que a bonificación que Feijoo aprobara para o ano 2022 dun 25% para o imposto de patrimonio das rendas máis altas pasaría ao 50% para os 8.000 galegos e galegas máis ricos. Desta forma, o noso país perderá o ingreso de máis de 34 millóns de euros que son moi necesarios nun contexto de empobrecemento masivo agravado por unha inflación sostida por riba do 11%.

Ante as críticas, o Presidente da Xunta comparecía no Parlamento Galego no Pleno do 27 e 28 de setembro de 2022 para complementar as liñas mestras dos vindeiros orzamentos. Nesa sesión, ratificábase nesta medida regresiva e anunciaba outras mudanzas no IRPF que non cumpren coas necesidades de xustiza e redistribución social

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:05:19
Nº Rexistro: 41911
Data envio: 27/09/2022 17:05:19.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que demanda a sociedade galega e o agravamento da situación social e económica. Por exemplo, a baixada do 9,4 ao 9% no tramo de IRPF implica que unha familia que ingresa 12.500 euros anuais aforra 50€ ao ano no imposto da renda, mais para os 7.700 que teñen máis dun millón de euros de patrimonio, a baixada é de 4.415 euros ao ano. Así mesmo, no que atinxe á equiparación das familias de dous fillos ou fillas coas familias numerosas, vemos un novo exercicio de cinismo. Esta medida implica que lle van reducir o mesmo a unha familia de dous fillos ou fillas que ingrese 20.000 euros ao ano, que a unha familia de dous fillos ou fillas que ingrese 100.000 euros ao ano. Así mesmo, o goberno segue a incumprir as súas propias promesas respecto das familias monoparentais.

Así as cousas, a falta de coñecer o proxecto de orzamentos para 2023, os anuncios do Partido Popular amosan que van en contra do benestar social dos galegos e das galegas e reflexan un goberno contrario aos intereses da maioría social e centrados en favorecer a minoría dos patrimonios millonarios. A política impositiva é unha ferramenta imprescindible para ter unha sociedade máis xusta, con redistribución da riqueza e con servizos públicos de calidade. O pelotazo fiscal anunciado polo xefe do Executivo non só mostra a un PP que goberna para unha minoría, senón tamén adhesión sen crítica ás directrices do Partido Popular a nivel de Estado.

A agudización das consecuencias sociais da crise inflacionista e a inadecuación da proposta fiscal enunciada polo Presidente da Xunta fan necesario que deba reconsiderarse antes de se iniciar a tramitación do Proxecto de Orzamentos da Xunta para 2023.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:05:19
Nº Rexistro: 41911
Data envio: 27/09/2022 17:05:19.019

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Vai retirar o goberno galego as súas propostas fiscais antisociais?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2022 17:02:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/09/2022 17:02:39

Daniel Pérez López na data 27/09/2022 17:02:50

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:54
Nº Rexistro: 41916
Data envio: 27/09/2022 17:31:54.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as demandas do persoal traballador do INIBIC do cumprimento do convenio colectivo laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A investigación hospitalaria galega está xestionada por tres Fundacións Biomédicas ás que se asocian as áreas sanitarias e hospitais: a **Fundación Profesor Novoa Santos** (Área Sanitaria da Coruña e Cee e Área Sanitaria de Ferrol), a **Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** (Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza e Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos) e a **Fundacion Biomédica Galicia Sur** (Área Sanitaria de Vigo, Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e Área Sanitaria de Pontevedra y O Salnés).

Para ese fin estas tres fundacións xestionan o **Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña** (**INIBIC**), o **Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** (**IDIS**) e o **Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur** (**IISGS**).

A regulación laboral do persoal investigador e de xestión das tres Fundacións Sanitarias está amparada polo primeiro Convenio Colectivo de Fundacións de Investigación Sanitarias Galegas.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:54
Nº Rexistro: 41916
Data envio: 27/09/2022 17:31:54.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, a aplicación deste convenio para a área de investigación hospitalaria da Coruña-Cee e Ferrol, vinculado ao persoal investigador e de xestión no CHUAC e no CHUF, correspóndelle á Fundación Novoa Santos (FPNS), órgao xestor do Instituto de Investigación Biomédica (INIBIC).

O persoal investigador e de xestión da FPNS está a comprobar con preocupación como desde esta Fundación non se está a dar cumprimento correcto do regulado neste convenio.

No grupo parlamentar do BNG compartimos a máxima preocupación amosada polo comité de empresa da FPNS ante a vulneración da aplicación deste convenio a respecto da adscrición, cada vez maior, do seu persoal investigador á categoría de persoal de apoio, sen ter en conta os méritos no tipo de traballo que desenvolve, alegando que o persoal de apoio pode de forma altruísta desenvolver tarefas de investigador sen que iso implique que teñan que estar na categoría de persoal investigador tal e como regula o convenio vixente.

Na actualidade, a Fundación Profesor Novoa Santos, órgao xestor do INIBIC, vén encadrando o seu persoal, de forma unilateral, nas categorías que considera segundo o seu criterio, de tal xeito que de 153 profesionais que constan no censo da empresa, só 20 teñen categoría de persoal de investigación, o que representa o 13% do total.

Esta dato cobra unha preocupación relevante se atendemos a que o cadro de persoal investigador contratado pola Fundación Profesor Novoa Santos durante os anos 2016-2019 supoñía entorno ao 46% do persoal total.

Como preocupación engadida é a xustificación desta mingua achegada pola propia dirección da Fundación Profesor Novoa Santos, razoada nunha compoñente altruísta que debe acompañar a función investigadora.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:54
Nº Rexistro: 41916
Data envio: 27/09/2022 17:31:54.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta práctica conduce á infravaloración e precariedade laboral, para alén dun bloqueo absoluto da carreira investigadora do persoal da FPNS, agravada pola arbitrariedade na actuación e aplicación do convenio, xa que non está a acontecer isto nas outras dúas fundacións biomédicas de Santiago e Vigo.

Esta actuación claramente discriminadora por parte da dirección da Fundación Profesor Novoa Santos está a desgastar e minguar a investigación sanitaria hospitalaria na Coruña e Ferrol e impedir o desenvolvemento dunha carreira profesional como investigador/investigadora.

Asemade, está tamén a limitar o obxectivo último da investigación biomédica que non é outro máis que xerar novo coñecemento sobre a orixe das enfermidades, os posíbeis tratamentos e a súa transferencia á práctica clínica.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese o goberno a atender as demandas do comité de empresa da Fundación Profesor Novoa Santos a respecto do estrito cumprimento do convenio laboral aprobado?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:54
Nº Rexistro: 41916
Data envio: 27/09/2022 17:31:54.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2022 17:30:23

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2022 17:30:28

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2022 17:30:47

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:51:52
Nº Rexistro: 41922
Data envio: 27/09/2022 17:51:52.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural do Souto, no límite entre os concellos de Ames e Santiago de Compostela, é unha zona dunha gran riqueza patrimonial, natural e paisaxística. Conta cunha vexetación conformada por carballos e castiñeiros, moitos deles centenarios, flora e fauna singulares, ademais de elementos etnográficos e arqueolóxicos. É unha paisaxe conformada durante centos de anos, de enorme valor, que ademais conta cun gran valor patrimonial.

Estas 200 hectáreas supoñen a segunda masa vexetal de especies autóctonas no concello de Santiago de Compostela, e nelas concéntranse máis de 30 elementos patrimoniais de gran relevancia: un castro, unha mámoa, seis petróglifos, un xacemento aberto da Idade do Bronce, unha antiga fabrica de papel, tres pontes, ruínas dun batán de la, unha pesqueira, restos de calzadas medievais lousadas, un pombal, un cruceiro e doce muíños coas respectivas canles e presas, ademais de regueiras e muros de pedra seca espallados por todo o espazo. Ademais, o Souto está conformado por unha serie de microhábitats no que se poden atopar invertebrados, réptiles, anfibios e pequenos mamíferos, algunha destas especies protexidas, como son o caracol de Quimper (Elona quimperiana), a papuxa do mato (Sylvia undata), a lontra (Lutra lutra) ou a ra de patas longas (Rana iberica). Tamén conta con varias árbores senlleiras, carballos, freixos, amieiros ou un exemplar de ciprés de Lawson, que presentan unha lonxevidade de

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:51:52
Nº Rexistro: 41922
Data envio: 27/09/2022 17:51:52.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

varios séculos e con exemplares dunhas dimensións que superan amplamente os 3m de perímetro e os 30m de altura.

Mais o Souto vese ameazado ante o proxecto promovido por Villar Mir Energía para a construción do proxecto SET colectora Nova 132/220 kV e LAT 220 KV SET colectora Nova-SET Santiago de Compostela (expediente IN408A 2020/166), tal como está previsto segundo o anuncio publicado o 22 de agosto de 2022 no DOG. Esta liña ten como obxecto evacuar a enerxía eléctrica xerada nos parques eólicos A Picota (42MW), A Picota II (21MW), Castro Valente (18MW), Monte Xesteira (22MW) e Huracán (56MW), todos eles en estado de tramitación.

No seu paso polo concello de Santiago de Compostela, nun tramo lixeiramente inferior aos 4km, máis da metade do mesmo proxéctase como unha liña de trazado aéreo mentres que o resto será soterrado. A liña aérea prevé que a construción de 7 dos apoios que precisa sexa dentro do espazo do Souto, cada un deles soportado por catro bases cimentadas de formigón, o que supón un impacto directo sobre a biodiversidade, a paisaxe e tamén os elementos patrimoniais, particularmente o xacemento da Silvouta, datado da Idade do Bronce. Ademais, esta infraestrutura implica a destrución unha ampla superficie do espazo e o seu fraccionamento en dúas áreas máis pequenas e vulnerábeis, contravindo as directrices da Comisión Europea, o que reducirá significativamente o seu valor ecolóxico e paisaxístico, ademais de supor un compromiso para a estabilidade do ecosistema.

Unha solución alternativa para evitar a agresión deste espazos pode ser que o trazado desta liña de alta tensión discorra en paralelo á autovía e se realice de forma soterrada, do mesmo xeito a como se realiza cando atravesa o Camiño de Santiago, de xeito que cause o menor dano ambiental e impacto visual posíbeis.

A veciñanza da contorna, así como a Plataforma pola Recuperación do Sar, téñense manifestado en contra da construción desta infraestrutura nos termos expostos,

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:51:52
Nº Rexistro: 41922
Data envio: 27/09/2022 17:51:52.343

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao tempo que denuncian erros e inexactitudes no proxecto e informes presentados pola empresa promotora.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas que vai tomar o goberno galego para garantir e preservar o espazo natural do Souto?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2022 17:49:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/09/2022 17:49:05

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2022 17:49:16

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:43:47
Nº Rexistro: 41934
Data envio: 28/09/2022 11:43:47.217

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a sobre mortaldade de gaivotas no encoro de Vilagudín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos véñense producindo episodios recorrentes de mortes de gaivotas, unha situación que se dá con especial virulencia no encoro de Vilagudín, situado nos concellos de Ordes, Tordoia e Cerceda. Presumíbelmente esta mortaldade está causada por un gromo de botulismo, provocado pola bacteria Clostridium botulinum. Segundo datos de Adega, a maior parte das aves afectadas son gaivotas patiamarelas, especie que experimentou un declive moi importante nas súas poboacións en Galiza.

Como consecuencia destas mortes, a Xunta decretou a prohibición da pesca no encoro de Vilagudín, mentres non se coñezan as causas deste episodio e as súas causas. Mais trátase dunha medida insuficiente e tardía, xa que estas mortes lévanse producindo desde fai cando menos 7 anos e estanse dando tamén noutras zonas do noso país.

Estamos diante dun problema grave, que pode estenderse a outras especies de animais e constituír un risco para a saúde pública. Por iso debe ser obxecto dunha investigación rigorosa e exhaustiva, que inclúa a inspección dos vertedoiros nos que se alimentan as aves. Esta inspección debe centrarse no vertedoiro de Areosa polas súas dimensións e porque, pola proximidade con Vilagudín, é a principal zona de alimentación das gaivotas.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:43:47
Nº Rexistro: 41934
Data envio: 28/09/2022 11:43:47.217

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou a Xunta en relación coa mortaldade de gaivotas patiamarelas?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2022 11:41:20

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2022 11:41:24

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:45:09
Nº Rexistro: 41937
Data envio: 28/09/2022 11:45:09.172

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No debate desenvolvido no Senado o pasado 6 de setembro entre o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, e o líder do PP, Alberto Núñez Feijóo, que se estreou como senador no mes de maio, confrontaron os seus modelos para abordar asuntos como a crise enerxética. Así, mentres que o presidente do Goberno, Pedro Sánchez debullou unha a unha as medidas aprobadas e implementadas polo Goberno para axudar á cidadanía do noso país a combater as consecuencias do crecemento desmesurado dos prezos derivados, fundamentalmente da invasión de Ucraína por Putin, o Sr. Feijóo propoñía que se premie con descontos directos no recibo enerxético aos consumidores, familias e Pemes polo seu aforro de enerxía, enviando ao Goberno español unha semana despois do debate as supostas medidas propostas polo Partido Popular, que nas súas conclusións eran unha copia literal dun documento que a Xunta de Galicia xa enviara á Moncloa no mes de agosto.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego de que o senador Núñez Feijóo achegue o mesmo documento elaborado pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado como se fose unha nova proposta presentada polo Partido Popular?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2022 11:39:58

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:45:09
Nº Rexistro: 41937
Data envio: 28/09/2022 11:45:09.172

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2022 11:40:16

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 12:03:47
Nº Rexistro: 41941
Data envio: 28/09/2022 12:03:47.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da canteira de Casalonga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O expediente do plan de restauración da canteira de Casalonga aprobado pola Xunta ten graves carencias e irregularidades:

- na zona existen varias zonas de vertedoiros de materiais de construción, entullos, lodos que non constan na documentación do plan; aínda que nestes vertedoiros acumúlanse máis de 500.000 m³ de residuos, non se citan nos informes da Dirección Xeral de Planificaciónm Enerxética e non consta tampouco informe ao respecto de TRAGSA;

-na contorna da canteira, augas abaixo, existen 17 puntos de captación de auga para abastecemento da veciñanza, que poderían verse afectadas pola contaminación derivada da zona da explotación mineira e dos vertedoiros non rexistrados;

-o organismo Augas de Galicia retiroulle á empresa promotora do Plan de restauración a autorización do vertido das augas das pozas do interior do oco mineiro;

-non existe información sobre o aval depositado polo concesionario anterior e o aval do vixente plan de restauración ascende a 134.000 euros, unha cantidade claramente insuficiente para facer fronte aos traballos de restauración no caso de incumprimento por parte da empresa

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 12:03:47
Nº Rexistro: 41941
Data envio: 28/09/2022 12:03:47.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O plan de restauración aprobouse ao abeiro dunha DIA caducada.

Por outra parte, existen dúbidas sobre a caducidade da concesión, xa que a Xunta decretou a suspensión da actividade polo prazo de un ano, desde setembro de 2021.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai revisar a Xunta o Plan de restauración de Casalonga para incluír os vertedoiros existentes na zona, esixir unha nova declaración de impacto ambiental e unha garantía suficiente para levar a cabo os traballos de restauración o caso de incumprimento por parte da empresa?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iria Carreira Pazos
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2022 12:02:43

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2022 12:02:48

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:26:08
Nº Rexistro: 41948
Data envio: 28/09/2022 13:26:08.183

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Co gallo da celebración do Día internacional da Xuventude o pasado 12 de agosto, UGT-Galicia presentou unha radiografía do mercado laboral galego centrada nos máis mozos que amosa falta de oportunidades, a pesar de ter Galicia pouca poboación nesta franxa de idade, que se reflicte en taxas de actividade moi baixas, altos índices de desemprego e baixos salarios. A precariedade segue a ser tamén unha constante, aínda que a reforma laboral, froito do diálogo social, comeza a dar os seus froitos e está a facer posible que a contratación indefinida mellore tamén neste sector da poboación. Precisamente, UGT-Galicia considera que este é o camiño, o do diálogo e concertación para chegar a novos acordos que vaian na liña de mellora do mercado laboral en xeral e tamén dos máis mozos. En termos de poboación, Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas (de 16 a 35 anos), cun peso cada vez menor no conxunto de idades. Isto, inicialmente, podería levar a unha interpretación que resulta errónea. Ó existir menos poboación nesta franxa de idade as oportunidades no mercado laboral deberían ser máis e mellores pero isto non é así. Todo o contrario. Os máis mozos son o grupo diana das grandes eivas do mercado laboral galego.

Hai na nosa comunidade un total de 453.600 mozos e mozas (entre 16 e 35 anos), segundo os últimos datos da EPA, segundo trimestre de 2022. Esta cifra representa o 19,37 % sobre o total de idades, a porcentaxe máis baixa dos últimos anos, que contrasta, por exemplo, cos datos do terceiro trimestre de 2009, cando este grupo de poboación representaba o 27,2 % sobre o total. Estamos, polo tanto, entre as tres comunidades autónomas coa taxa de actividade xuvenil máis baixa do Estado, do 59 %, fronte ó 63,9 % de media ou datos como os de Cataluña ou Madrid, por enriba do 67 %. De aquí conclúese un dos datos máis destacable e negativo, rexistramos a terceira menor taxa de actividade no Estado entre a súa poboación máis nova (de 16 a 35 anos), sendo menor tan só en Asturias e Cantabria. A taxa de paro xuvenil sube aquí ata o 19,7 %, moi afastada do 11,2 % do conxunto de idades. Pero é que esta sube ata o 55,2 % no grupo de 16 a 19 anos.

Nun contexto de crise como o actual, cómpre lembrar que a mocidade galega xa viña soportan dun xeito máis incisivo o desemprego, baixas taxas de actividade,

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:26:08
Nº Rexistro: 41948
Data envio: 28/09/2022 13:26:08.183

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

baixos salarios e precariedade e unha das taxas máis baixas de emancipación a nivel estatal.

A radiografía é especialmente dramática entre os 30 e os 34 anos con 4 de cada 10 mozos e mozas galegas que non logran facer unha vida independente situándonos na segunda peor taxa de Estado só por detrás de Canarias. Xunto as dificultades laborais cabe salientar a falla de vivenda accesible na nosa comunidade como razón fundamental desta falla de independencia que está a hipotecar a toda unha xeración que ve afogado o seu desenvolvemento vital. Atendendo ao aumento desorbitado dos prezos da vivenda, á falla dun plan específico de acceso á vivenda asumible fundamentalmente en réxime de alugueiro, os gastos de luz e auga impide que mesmo tendo un traballo sexa viable pensar nun proxecto de vida independente para a maioría da mocidade o que redunda ao mesmo tempo na fonda crise demográfica que estamos a vivir.

Neste contexto, a Xunta de Galicia non pode mirar cara outro lado e ademais de aumentar de xeito considerable e urxente as axudas ao alugueiro nos vindeiros orzamentos debe poñer en marcha medidas de carácter estrutural.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas pensa desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a demoledora situación económica e laboral da mocidade galega?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/09/2022 13:23:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:26:08
Nº Rexistro: 41948
Data envio: 28/09/2022 13:26:08.183

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/09/2022 13:23:20

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2022 13:23:31

Marina Ortega Otero na data 28/09/2022 13:23:40

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:27:14
Nº Rexistro: 41953
Data envio: 28/09/2022 13:27:14.434

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O CPI Cruz de Sar de Bergondo acolle este curso a máis de 350 alumnas e alumnos, dos cales máis de 30 son nenas e nenos con necesidades específicas e especiais, alumnado entre o que existen casos de menores cun elevado grao de dependencia recoñecido. A filosofía do centro réxese polos principios de inclusión en canto á atención á diversidade. Cunha radiografía similar á do curso pasado e incluso con novas matrículas de alumnado NEE e NEA, o centro conta este 2022/2023 con dous profesores menos, un mestre de Educación Primaria e un de Pedagoxía Terapéutica.

A pesar de telo solicitado con tempo, a Consellería de Educación denegou un segundo especialista en Pedagoxía Terapéutica ademais de recortar nunha alta porcentaxe a xornada, insuficiente xa antes, na especialidade de Audición e Linguaxe. Segundo denuncia a ANPA e o conxunto da comunidade educativa, o colexio só conta cunha mestra de Pedagoxía Terapéutica por catálogo con destino definitivo e non conta con mestre ou mestra de Audición e Linguaxe, xa que por catálogo non está asignada esta praza, e cada curso vén unha persoa distinta, o que repercute ademais negativamente na calidade educativa imposibilitando o necesario seguimento e continuidade no traballo. No final do curso pasado, e debido á previsión de incorporación deste alumnado novo con necesidades significativas, o departamento de orientación considerou imprescindible solicitar, ademais dunha mestra de Audición e Linguaxe, unha segunda mestra de Pedagoxía Terapéutica. No canto de atender estas necesidades trasladadas con tempo de adianto, a Consellería de Educación non contestou ata comezado o mes de setembro e o fixo denegando a solicitude dun especialista en Pedagoxía Terapéutica, recortando a xornada do de Audición e Linguaxe nunha alta porcentaxe de horas e prescindindo dun mestre de Primaria.

Educación fundamenta esta decisión na dispoñibilidade de horas coas que contan os docentes de Primaria, pero a realidade é que as necesidades específicas destas alumnas e alumnos con diversidade funcional non poden ser atendidas deste xeito. O impacto negativo non só afectará aos máis de 30 alumnos e alumnas ás que se lles nega un profesor especialista senón ao conxunto do alumnado. Dende

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:27:14
Nº Rexistro: 41953
Data envio: 28/09/2022 13:27:14.434

a ANPA do centro teñen iniciado un calendario de mobilizacións e lembran que esta decisión vulnera o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O texto do decreto recolle no seu articulado a adopción de medidas extraordinarias e de atención á diversidade para dar resposta a necesidades educativas específicas que deberán ser aplicadas una vez esgotadas as de carácter ordinario ou resultar insuficientes. A demanda das familias, canalizada a través da APA As Mariñas conta co apoio da totalidade do equipo directivo e docente do CPI Cruz do Sar, así como de todas as asociacións do concello mariñán. Asemade, todos os grupos políticos da Corporación municipal amosaron a súa disposición para axudar a resolver este problema co Goberno municipal á cabeza. A propia alcaldesa se ten dirixido a Inspección para defender os intereses do centro e do alumnado e para denunciar o desleixo e a desatención ás demandas xustificadas do centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Coñece a Consellería de Educación o aumento do alumnado con necesidades educativas matriculado este curso no CPI Cruz do Sar?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Pablo Arangüena Fernández
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/09/2022 13:14:13

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:27:14
Nº Rexistro: 41953
Data envio: 28/09/2022 13:27:14.434

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Noa Susana Díaz Varela na data 28/09/2022 13:14:22

Pablo Arangüena Fernández na data 28/09/2022 13:14:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2022 13:14:51

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:29:54
Nº Rexistro: 41957
Data envio: 28/09/2022 13:29:54.423

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

En setembro de 2018 a Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do territorio asinaba un convenio co Concello do Pino para a mellora do saneamento e da depuración nese termo municipal, cun financiamento nesa primeira fase -obras prioritarias- dunha cantidade máxima de 2.100.000 euros, sufragados na súa totalidade por Augas de Galicia. O convenio establecía un total de 4 anualidades: 32.275.000 euros en 2018, 266.724.000 en 2019, 900.000 en 2021 e 900.000 en 2022.

En setembro de 2020, e ante a dilación nos prazos do proxecto e a súa execución, asínase unha addenda a ese convenio na que se explícita que o proxecto construtivo da obra aínda se está a redactar. Amplíase así a vixencia e reaxústanse as anualidades de xeito que se establece a aprobación do proxecto no último cuadrimestre do 2020 e a licitación do contrato no 2021.

Mais a realidade é que tampouco nesa segunda ocasión se cumpriron os prazos xa que a licitación non se lanzou no 2021 senón un ano máis tarde. A addenda prevía o maior montante orzamentario (1.700.000 euros) para o ano 2022, mais nestes momentos o proceso de licitación está aínda en marcha e non parece que se vaia resolver nun breve prazo de tempo para poder executala.

Hai que lembrar que o concello do Pino non conta con ningunha instalación de depuración de augas residuais, co prexuízo que supón para a súa poboación e para a súa contorna natural, polo que esta debería ser unha obra prioritaria para o Goberno galego. Non se explica tanta dilación nun proxecto comprometido oficialmente hai catro anos.

Esta ineficacia nunha infraestrutura imprescindible para un concello situado no Camiño de Santiago, que atende cada ano a miles de visitantes que hai que lle sumar á súa poboación natural, non parece ter unha explicación razoable que non sexa a de agardar polo financiamento extraordinario con fondos europeos consecuencia da crise da covid-19. Non en van, a obra que nun principio ía ser sufragada por Augas de Galicia vai ser agora financiada na súa totalidade no marco do Eixe REACT-UE do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:29:54
Nº Rexistro: 41957
Data envio: 28/09/2022 13:29:54.423

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Cales son as razóns que explican o atraso de catro anos na construción da depuradora e mellora do saneamento no concello do Pino?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2022 13:47:05

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 13:47:21

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 13:47:36

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 17:23:51
Nº Rexistro: 41966
Data envio: 28/09/2022 17:23:51.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **María González Albert** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego do empobrecemento extremo das e dos pensionistas de Ourense e ás actuacións que debe impulsar para paliar a súa situación.

Exposición de motivos

A cronificación da suba da inflación está tendo consecuencias importantes no empobrecemento da sociedade galega. Singularmente, esta situación impacta máis en quen menos ten. Entre os colectivos con máis dificultades están as e os pensionistas que ingresan menos recursos.

Cómpre recordar que a pensión é un dereito conquistado pola clase traballadora, e que xa no noso país as e os pensionistas sufriron o impacto negativo da crise desatada a partir de 2008 e das sucesivas reformas desde o ámbito do Estado. Agora mesmo, estamos a ver como desde o marco da Unión Europea e diante da transferencia dos denominados fondos europeos para a reconstrución, volve estar en cuestión este dereito, con cambios xa aplicados e outros anunciados ao abeiro dunha condicionalidade que se traduce na perda de capacidade adquisitiva.

Neste contexto, o goberno do Partido Popular vén negándose a exercer o seu autogoberno e impulsar medidas como o incremento da contía das pensións non contributivas. Así as cousas, os datos máis recentes alertan das baixas contías das pensións galegas. Isto agrava a situación se temos en conta, ademais, que Galiza arrastra unha inflación superior á do Estado desde hai máis dun ano. Isto quere dicir que as e os nosos pensionistas teñen menos capacidade de resistencia ante a crise de prezos.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 17:23:51
Nº Rexistro: 41966
Data envio: 28/09/2022 17:23:51.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis aínda, estes demoledores datos amosan tamén unha desigualdade dentro do territorio galego, singularmente no que coñecemos como provincias de Lugo e Ourense. É necesario salientar que ningunha destas chega á cifra de pensión media de mil euros. Se ben a pensión media por xubilación en Galiza acada no mes de setembro os 1.065,42 euros, en Lugo e Ourense 893,43 e 949,96 euros respectivamente.

Nesta situación, chove sobre mollado e o goberno galego debe impulsar medidas urxentes de actuación para evitar que o empobrecemento das e dos pensionistas de territorios como Ourense sexan aínda máis graves que no conxunto do país. Máis aínda, tendo en conta que outros indicadores como o emprego, o volume de poboación activa, os índices de empobrecemento, etc. son tamén preocupantes.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para evitar o agravamento do empobrecemento das e dos pensionistas ourensáns con respecto ao conxunto de Galiza e do Estado?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 17:23:51
Nº Rexistro: 41966
Data envio: 28/09/2022 17:23:51.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2022 17:13:22

María González Albert na data 28/09/2022 17:13:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/09/2022 17:13:40

Daniel Pérez López na data 28/09/2022 17:13:50

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41972
Data envio: 28/09/2022 18:58:05.884

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Pérez López**, **Carme González Iglesias** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de setembro as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza rexistraron e comunicaron unha convocatoria de folga no sector da industria do metal da provincia de Ourense para os días 28 e 29 de setembro, e advirten que para o caso da patronal manterse no actual inmobilismo a folga será indefinida a partir do 5 de outubro.

O principal atranco para o acordo, como era previsíbel, está nas subas e revisións salariais. A patronal limita a súa oferta ao 4% para os distintos anos de vixencia do convenio, 2022-2024, e a parte social demanda un incremento do 6,5% para os anos 2022 e 2023, e do 5% para o ano 2024, con cláusula de revisión salarial e que os atrasos se perciban desde o 1 de xaneiro.

As subas salariais veñen sendo loxicamente motivo de debate público e de conflito social neste escenario de inflación desbocada que está a provocar unha perda de poder adquisitivo entre a clase traballadora sensibelmente superior ao que marca o IPC, por certo medio punto superior na Galiza ao da media do estado español (6,6% último dato oficial no que vai de ano) por causa, segundo o Conselleiro de Facenda da Xunta, da maior ponderación dos prezos da electricidade e do combustíbel no IPC galego, o que evidencia a necesidade de realizar diferentes índices en función das diferentes realidades sociais, como a territorial e o nivel de renda.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41972
Data envio: 28/09/2022 18:58:05.884

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG consideramos de vital importancia que o goberno galego se implique activamente para evitar a perda de poder adquisitivo da clase traballadora, máis aínda se temos en conta o punto de partida dos salarios e cotizacións da provincia de Ourense, por debaixo da media galega, e nun 88,5% da media do estado español.

O persoal afectado polo convenio colectivo da Industria do siderometal e talleres de reparación de vehículos representa unha elevada porcentaxe dos traballadores e traballadoras da provincia de Ourense que traballan por conta allea, e non cabe dúbida de que as súas condicións salariais e de traballo, e a súa eventual perda de poder adquisitivo, terían importantes consecuencias na economía provincial e toda Galiza.

Por suposto hai outras cuestións que son obxecto de discusión na mesa de negociación do convenio colectivo, non de menor importancia, fundamentais na vida dos traballadores e traballadoras, como por exemplo a xornada, mais a ninguén se lle escapa que a negociación da suba salarial e do mecanismo de revisión anual para evitar a perda de poder adquisitivo dos salarios está no cerne das reivindicacións sindicais nun sector que durante o ano 2021 tivo unha suba de apenas o 1,5% con efectos desde xullo e sen revisión a final de ano, cando o IPC galego do ano 2021 marcou o 6,7%.

Trátase dun sector que xa perdeu moito poder de compra, e desde o BNG, insistimos nisto, entendemos que a Xunta de Galiza debería preocuparse de garantir o poder adquisitivo dos salarios que como neste caso son de aplicación a amplas capas da sociedade galega.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza non ten promovido ningunha acción para promover as accións necesarias de cara a conseguir que as partes cheguen a un acordo que garanta o poder adquisitivo dos salarios do persoal afectado polo convenio colectivo da Industria do siderometal e talleres de reparación de vehículos da provincia de Ourense?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41972
Data envio: 28/09/2022 18:58:05.884

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/09/2022 18:42:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/09/2022 18:42:25

Daniel Pérez López na data 28/09/2022 18:42:37

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2022 18:43:05

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41976
Data envio: 28/09/2022 19:14:23.781

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento da lexislación a respecto da atención de seguridade sanitaria na celebración de eventos festivos, musicais e deportivos multitudinarios.

A celebración de eventos festivos, deportivos e musicais ao longo do pasado verán en que concorreron miles de persoas requiriu a aplicación dunha normativa de atención de seguridade sanitaria que está determinada polo Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, así como polo Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario.

No Grupo Parlamentar do BNG recibimos con preocupación o desacougo da cidadanía galega ante algunhas prácticas que semellan posíbeis incumprimentos da lexislación por parte de empresas de ambulancias.

Estas supostas prácticas irregulares refírense a varias cuestións: uso de vehículos de tipo A non acondicionados para traslados de urxencia que poden producirse neste tipo de eventos festivos ou deportivos multitudinarios; dotación incompleta do persoal mínimo esixíbel para ambulancias uvis móbiles tipo C; rotulación irregular dalgunhas ambulancias; montaxe de hospitais de campaña en eventos multitudinarios insuficientemente dotados conforme a lexislación vixente.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41976
Data envio: 28/09/2022 19:14:23.781

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pode asegurar o goberno que a asistencia sanitaria en eventos multitudinarios cumpre coas esixencias fixadas pola lexislación vixente conforme o Decreto 12/2009, Decreto 52/2015 e Decreto 836/2012?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2022 19:09:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2022 19:10:11

Daniel Castro García na data 28/09/2022 19:10:21

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:27
Nº Rexistro: 41985
Data envio: 29/09/2022 09:47:27.683

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a proposta dun marco de actuacións por parte da Xunta de Galiza co gallo da celebración do centenario do Seminario de Estudos Galegos, co obxectivo de reparar a dignidade do labor intelectual, cultural, científico, económico e político da extraordinaria xeración do Seminario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Irmandades da Fala conseguiron facer da lingua galega o sinal de identidade do país, potenciando infraestruturas que aseguraron a saída do espazo privado e o seu emprego na vida pública desde a fundación de Coros Populares, editoriais, compañías de teatro amadoras até a súa defensa pública en actos que percorreron o país.

A Revista Nós, herdeira directa do espírito das Irmandades da Fala e do seu boletín A Nosa Terra (1917), supuxo a renovación estética e literaria, a universalización da cultura galega desde a súa propia realidade e a demostración de que a nosa lingua era válida para calquera ámbito de uso.

O Seminario de Estudos Galegos significou un pulo máis nesta andaina de dignificación de Galiza: a promoción da investigación sobre o país desde todas as disciplinas lingüísticas e áreas do coñecemento.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:27
Nº Rexistro: 41985
Data envio: 29/09/2022 09:47:27.683

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 12 de outubro de 1923 nun roteiro simbólico desde Compostela até Ortoño, á casa da familia paterna de Rosalía, sélase esta irmandade. O 23 do mesmo mes asínase a acta fundacional do que se denominará Seminario de Estudos Galegos na casa do profesor Armando Cotarelo Valledor en Santiago de Compostela.

O SEG foi unha institución onde confluíron en 1923 os desexos e a necesidade de poñer en valor todos os aspectos da cultura galega, ausentes até aquel entón dos estudos universitarios.

Toda a intelectualidade galeguista irá incorporándose a un proxecto que procuraba avanzar no estudo, investigación e divulgación do patrimonio cultural galego.

O SEG estruturouse en diferentes seccións relacionadas coas disciplinas científicas do momento: Filoloxía (coordinada por Cotarelo Valledor), Historia (coordinada por Cabeza de León), Arte e Letras (coordinada por Castelao), Prehistoria (coordinada por F. Cuevillas), Xeografía (coordinada por Otero Pedrayo), Etnografía (coordinada por Vicente Risco), Ciencias Aplicadas (coordinada polo arquitecto Manuel Gómez Román), Pedagoxía (coordinada por Manuel Díaz Rozas), Historia da arte (coordinada por Xesús Carro), Ciencias naturais (coordinada por Luís Iglesias). Cómpre sinalarmos que dos membros fundadores, Filgueira Valverde coordinará a sección de Historia da Literatura e Lois Tobío Fernández a de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, un dos responsábeis con Carvalho Calero, tamén membro da institución, da redacción do *Anteproyeito do Estatuto da Galiza*. Tamén Isidro Parga Pondal, un dos científicos máis relevantes da institución, introduciría os estudos de xeoloxía e minería, crearía dentro das ciencias a subsección de Xeoquímica, con el colaboraría a licenciada en química, Dolores Lorenzo Salgado, a licenciada en farmacia Amparo Arango Fernández, que converterían en obxecto de estudo o volframio, as areas das praias galegas ou, no campo da bromatoloxía, a composición química dos queixos galegos.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:27
Nº Rexistro: 41985
Data envio: 29/09/2022 09:47:27.683

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai cen anos a cidade de Santiago de Compostela, como sede do SEG, converteuse na capital científica dunha Galiza con futuro, representada nesa xeración de profesorado, universitarios e universitarias que iniciaron novas liñas de investigación sobre o país e desde o país, que se conectaron co mundo e que lle abriron as portas a investigadores e investigadoras que chegaron de fóra como a romanista alemá Margot Sponer, autora da primeira tese sobre documentos do galego antigo (1931), defendida na daquela Universidade de Berlín.

Hai cen anos en Santiago de Compostela alentaba un espírito democrático que soñaba e traballaba para un mundo mellor, con sabedoría, que non podía imaxinar a ruptura que significaría a sublevación militar de1936 e as súas consecuencias que desmantelou o SEG, converténdoo nunha vítima máis do espolio fascista, co obxecto de anular a memoria de noso creada por este capital humano galego que axudou a nacer a investigación científica en galego e desde Galiza.

A represión violenta franquista actuou sobre esta xeración imprescindíbel para Galiza. Algúns dos membros foron asasinados, outros encarcerados, exiliados, multados, destituídos dos seus cargos públicos; o monumental fondo bibliográfico e a documentación científica recompilada compilados durante anos polos equipos de traballo do Seminario de Estudos Galegos foron confiscados ou destruídos pola censura franquista.

Un dos sobreviventes do proxecto do SEG, malia sufrir a represión fascista desde varias vertentes após 1936, foi Antón Fraguas, membro das Seccións de Xeografía, Etnografía e Folclore, e Prehistoria, que, para alén doutros compromisos e responsabilidades posteriores coa cultura galega, desde 1963 asumiu a dirección do Museo do Pobo Galego, do que foi un dos fundadores.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:27
Nº Rexistro: 41985
Data envio: 29/09/2022 09:47:27.683

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 1943 o réxime franquista crea o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, adscrito ao CSIC, ao que se incorporan os fondos incautados, mais que, no canto de lle dar continuidade ao labor investigador desenvolvido polos membros do SEG, centrouse en desprestixiar os historiadores do Seminario e mais as súas obras.

Este 2023 celébrase o centenario do SEG e no grupo parlamentario do BNG entendemos que é unha boa ocasión para pór en valor o seu legado histórico a través dunha divulgación social expansiva, mais tamén debe ser a oportunidade definitiva para reconstruír a súa historia interna e reparar a ignonimia á que o someteu a censura franquista.

No BNG reclamamos a necesidade de poñer en valor o labor intelectual, cultural, científico, económico e político da extraordinaria xeración do Seminario, sobre todo en relación cos proxectos modernizadores e transformadores que puxeron en marcha desde Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa a Xunta activar un plan de recuperación do Seminario de Estudos Galegos que permita reparar a dignidade do labor intelectual, cultural, científico, económico e político da xeración que o impulsou?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:27
Nº Rexistro: 41985
Data envio: 29/09/2022 09:47:27.683

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/09/2022 09:44:09

Daniel Castro García na data 29/09/2022 09:44:28

Mercedes Queixas Zas na data 29/09/2022 09:44:42

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 12:21:59
Nº Rexistro: 41993
Data envio: 29/09/2022 12:21:59.836

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a responsabilidade dos medios de comunicación públicos en materia de xénero e a opinión da Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a CRTVG lanzou a promoción dunha serie, Saudade de ti, con, entre outras, as seguintes mensaxes:

Como sabes cando é amor de verdade?

O amor de verdade fai sufrir

Se é de verdade, é pura loucura

En xeral, todas as afirmacións que se utilizan no spot non fan senón reproducir os denominados mitos do amor romántico que configuran a base de relacións afectivas tóxicas e machistas, como analizou e estudou de maneira extensa o pensamento feminista.

Non é a primeira vez en que desde o Grupo Parlamentar do BNG advertimos á Dirección Xeral da CRTVG da falta de perspectiva de xénero na súa programación.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 12:21:59
Nº Rexistro: 41993
Data envio: 29/09/2022 12:21:59.836

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sen ir máis lonxe, nos últimos meses cuestionamos o tratamento informativo da condena ao xogador do Celta, Santi Mina, por violación e tamén a frivolidade e espectaculización coa que se abordou un caso de acoso no programa Land Rober.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vémonos na obriga de insistir na enorme responsabilidade dos medios de comunicación, públicos e privados, á hora de coidar as mensaxes e o tratamento que fan da información sendo, non necesaria senón imprescindíbel, a introdución en todo momento da perspectiva de xénero.

Por esa razón, tamén nos vemos na obriga de preguntar á Consellaría de Igualdade e SX de Igualdade que opinión lle merece este tipo de mensaxes difundidas a través dos medios públicos de comunicación, se considera que contribúen a erradicar as bases que sosteñen a violencia machista ou polo contrario, cre que afonda nos mitos do amor romántico, tóxico, que ve no mal trato algún tipo de romanticismo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que consideración lle merecen as referidas mensaxes á Consellaría de Igualdade?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 12:21:59
Nº Rexistro: 41993
Data envio: 29/09/2022 12:21:59.836

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2022 12:20:51

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2022 12:20:55

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2022 12:21:09

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42000
Data envio: 29/09/2022 16:18:26.992

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Estímase que os salarios en Galicia son un 7.5 % máis baixos que no conxunto de España. Así o reflexan estudos salariais do Monitor Adecco, que sinalan que o salario medio bruto por traballador en Galicia está en 1.620 euros mensuais, mentres en España sitúase en 1.751 euros. Esta realidade sitúa os salarios en Galicia moi por debaixo do salario medio ordinario bruto da UE, que alcanzou os 2.194 euros mensuais, polo que segue existindo unha fenda estrutural nos niveis salariais da economía galega que reflexa debilidades da nosa economía. En termos medios, tense publicado que, de acordo a estas cifras, para gañar o que gaña un alemán en 12 meses, un traballador galego debería traballar 22 meses.

A maiores, o actual proceso inflacionario merma a capacidade adquisitiva das persoas traballadoras e, para o caso galego, a taxa de inflación está sendo superior á do conxunto do Estado. Os salarios están crecendo moi por debaixo do IPC, o cal implica unha considerable perda de poder adquisitivo. Galicia foi unha das comunidades autónomas españolas con maior incremento salarial nos convenios colectivos negociados ata o mes de xullo, pero ese aumento medio negociado situouse nun 3,79 % cando a inflación chegou ata o 11,5 %. A fenda entre crecemento de salarios e inflación resulta preocupante para unha cidadanía con niveis salariais máis baixos.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que política económica está aplicando a Xunta de Galicia para defender o poder adquisitivo dos traballadores/as galegos/as?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42000
Data envio: 29/09/2022 16:18:26.992

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/09/2022 16:15:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/09/2022 16:15:55

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/09/2022 16:16:08

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42006
Data envio: 29/09/2022 16:29:54.052

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O trato dispensado ás vítimas de violencia de xénero nas sedes xudiciais é indispensable para crear unha atmosfera de seguridade e protección.

Así mesmo a creación dun clima de empatía e tranquilidade serve á seguridade das vítimas ou os recursos que existen a súa disposición, tomar a declaración sen presas, respectando os seus tempos...

Dende o Grupo Socialista defendemos que un modelo de atención axeitado esixe:

a) Unha especial consideración dos colectivos especialmente vulnerables (entre outros, mulleres estranxeiras, discapacitadas...)

b) Que as dependencias nas que as vítimas deberán esperar ou prestar declaración sirvan así mesmo á creación da atmosfera propicia para que poidan exteriorizar cara terceiros aspectos negativos da súa vida e experiencias persoais.

c) Que as sedes xudiciais conten con lugares axeitados para os tempos de agarda garantindo que no existirá confrontación visual entre denunciante e denunciado.

En Galicia na meirande parte dos xulgados que resolven procesos en materia de Violencia sobre a Muller non se cumpren estes requisitos, sobre todo cando se trata de xulgados mixtos que coñecen tamén outras materias.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, é a Administración con competencias en materia de medios materiais para atender o correcto funcionamento da Administración de Xustiza e, polo tanto, para garantir a implementación dos recursos necesarios para dispensar un axeitado trato ás usuarias do sistema de xustiza penal e, en especial, ás vítimas de violencia de xénero.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42006
Data envio: 29/09/2022 16:29:54.052

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Dezaoito anos despois da entrada en vigor da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero non é asumible que aínda nos atopemos nesta situación polo que dende o Grupo Socialista esiximos a este goberno que redacte un plan de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero dentro das sedes xudiciais previsto para un período de 4 anos e no que se contemple unha adecuación progresiva dos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero en todo o territorio galego co obxectivo de mellorar a seguridade e protección das vítimas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Entende o Goberno galego que as sedes xudiciais deste país cumpren os requisitos axeitados de seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/09/2022 16:21:41

Noa Susana Díaz Varela na data 29/09/2022 16:21:51

Noelia Otero Lago na data 29/09/2022 16:22:03

Pablo Arangüena Fernández na data 29/09/2022 16:22:12

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 17:01:09
Nº Rexistro: 42011
Data envio: 29/09/2022 17:01:09.459

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Comisión 2ª do Parlamento de Galicia, a instancia e como resultado dunha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista con número de rexistro 15.584, acordou na súa sesión do 18 de maio de 2021 instar á Xunta de Galicia "a rematar os traballos para a ampliación e revisión da Rede Natura 2000, así como avanzar na aprobación dos diferentes plans de xestión no prazo máis breve posible".

A pesar do tempo transcorrido, non hai ningunha noticia nin indicio de que ese acordo se vaia cumprir, a pesar de que a Xunta xa anunciara a ampliación –que deixara ultimada o goberno de Emilio Pérez Touriño- no ano 2011, quedando paralizada por razóns descoñecidas pero por todos sospeitadas durante unha década, a pesar de que nun anuncio no DOG de xaneiro de 2012, a propia Xunta recoñecía que a ampliación era "urxente".

Hai que ter en conta que Galicia ten a Rede Natura máis pequena entre as 17 CC.AA, con menos do 12 % da súa superficie protexida sobre o papel fronte ao 20 % da seguinte comunidade, que é o País Vasco, e ao 27 % de media estatal. Hai que ter en conta tamén que polo que sabemos da proxectada ampliación, aínda de levarse a cabo, estariamos moi lonxe da media estatal e seguiriamos á cola das CC.AA, é dicir, non se trata dunha ampliación en modo algún ambiciosa.

A rede natura galega carece de mecanismos para compensar as restricións de uso da propiedade asociadas ao plan director, ademais de que sería recomendable dinamizar os recursos e o patrimonio natural e ambiental dos territorios que sexan xa ou sexan declarados no futuro Rede Natura, polo que sería recomendable crear un fondo de compensación a tal efecto.

Ese fondo podería nutrirse de recursos europeos, estatais, autonómicos ou incluso, no seu caso, procedentes de empresas que queiran voluntariamente contribuír dentro da súa responsabilidade social corporativa.

Por outra banda, en resposta a unha pregunta do eurodeputado do PSdeG Nicolás González Casares do mes de agosto de 2022, a Comisión Europea afirma que *"A Comisión considera que o Plan director elaborado por Galicia para a xestión*

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 17:01:09
Nº Rexistro: 42011
Data envio: 29/09/2022 17:01:09.459

dos espazos Natura 2000 non cumpre os requisitos da Directiva Hábitats con respecto ás sesenta e cinco zonas especiais de conservación de Galicia, incluída a zona Ancares-Courel".

Isto engádese ao feito de que segundo a organización ecoloxista WWF, Galicia ten o peor plan director entre as comunidades autónomas do Estado. Faise, por tanto, obxectivamente necesario modificar o Plan director da Rede Natura para melloralo e adaptalo á normativa europea e, en particular, á directiva de hábitats que a Comisión afirma que non cumpre.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora o Goberno galego que a Comisión Europea afirme por escrito que "o *Plan director elaborado por Galicia para a xestión dos espazos Natura 2000 non cumpre os requisitos da Directiva Hábitats con respecto ás sesenta e cinco zonas especiais de conservación de Galicia"?*

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 29/09/2022 16:57:32

Paloma Castro Rey na data 29/09/2022 16:57:52

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 17:33:50
Nº Rexistro: 42016
Data envio: 29/09/2022 17:33:50.485

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Regulamento 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común recolle a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares, especialmente sensibles, de augas profundas.

No ano 2016 aprobouse en Europa o Regulamento 2016/2336 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro dese ano, específico de augas profundas que sinala que, a máis tardar o 13 de xaneiro de 2018, a Comisión Europea adoptará os actos de execución co obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou que sexa probable que existan entre os 400 e 800 metros de profundidade sobre a base da mellor información científica e técnica dispoñible, tendo presentes tamén as avaliacións e identificacións levadas a cabo polos Estados membros e o organismo científico consultivo. Deste xeito prohibirase a pesca con artes de fondo en todas as zonas incluídas na lista que será revisada cada ano.

A Comisión Europea non deu cumprimento ao contemplado no citado Regulamento de 2016, mais recentemente coincidindo coa Conferencia dos Océanos en Lisboa, celebrada entre os días 26 de xuño e 1 de xullo do presente ano, o comisario de Pesca europea fixo público que o organismo comunitario estaba a examinar se continuaba coa adopción dun regulamento para prohibir a pesca de fondo en zonas vulnerables, que afectaría a 94 áreas de augas comunitarias do Atlántico Nororiental. Decisión adoptada xusto despois de que no debate no Comité de Pesca, no que se tiña que dar o visto e prace a tal decisión non se acadase a maioría necesaria para sacar esta votación adiante. España, xunto con Irlanda, votaron en contra desta prohibición.

O 15 de setembro a Comisión Europea adoptou a decisión de pechar á pesca de fondo 87 zonas ao longo da plataforma continental mariña comunitaria que foi publicada o 19 de setembro no Diario Oficial da Unión Europea (UE) a través do regulamento que entrará en vigor nun prazo de 20 días.

Este veto sumamente prexudicial para os intereses da frota galega, nomeadamente das persoas que traballan na zona de litoral e Gran Sol, levouse a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia. Por

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 17:33:50
Nº Rexistro: 42016
Data envio: 29/09/2022 17:33:50.485

parte dos órganos comunitarios non se lles consultou aos Estados membros dunha forma seria, así como tampouco non se tivo en conta o sector pesqueiro. A esta falta de diálogo preocupante súmaselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar os suficientes argumentos científicos e técnicos que o avalen e sen un verdadeiro estudo socieconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.

Novamente, España, xunto con Irlanda e Francia conseguiron incluír na orde do día do Consello de Ministros de Pesca da UE do día 26 de setembro o tema do veto da CE á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de:

- FORMA: porque despois da non adopción por falla de maioría do ditame do Consello Consultivo, unha soa reunión o pasado 26 de xullo non é unha forma seria de consultar ao sector nin aos Estados membros.

- FONDO: o informe do ICES non é actual nin cobre o conxunto de decisións que conforme a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea e inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego interpoñer un recurso ante os tribunais europeos contra o Regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 29/09/2022 16:26:46

Julio Torrado Quintela na data 29/09/2022 16:27:04

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 18:01:35
Nº Rexistro: 42025
Data envio: 29/09/2022 18:01:35.095

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida case catro mil galeg@s (3.083) entre 2010 e 2021. Segundo o informe do IMELGA recentemente publicado no último ano foron 331 persoas.

A falta de coñecer os datos do INE para todo o Estado, todo parece indicar que Galiza seguirá tristemente á cabeza das taxas de suicidios por cen mil habitantes.

Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicido consumada prodúcense entre vinte e trinta tentativas.

A pandemia orixinada pola Covid 19 e a tremenda crise actual deixan en evidencia que se antes os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíticos, agora son absolutamente insuficientes para atender á poboación.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 18:01:35
Nº Rexistro: 42025
Data envio: 29/09/2022 18:01:35.095

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Cinco anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento ou avaliación da situación. Non coñecemos que tiveran feito ningunha memoria anual de actividade e seguimento nin tampouco informe de resultados. Non poden utilizar o contexto de pandemia e de crise para diluír responsabilidades ante a inacción que se está a manter de forma obstinada.

A prevención do suicidio segue sen ocupar un lugar prioritario nas políticas publicas, a pesar do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

A Xunta non está a poñer todos os medios necesarios nin o interese para levar a cabo políticas públicas eficaces que consigan diminuír as taxas de mortalidade por suicidio e con isto o nivel de sufrimento que moita xente está a padecer.

É urxente destinar recursos e medios para ter información, datos precisos e regulares para servir de guía das accións a realizar, para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica á poboación. Dispor de información, de datos actualizados, de calidade, precisos é moi importante, para que o traballo preventivo sexa eficaz. Publicar datos con nove meses de atraso, como ven de facer o Imelga coa memoria de ano 2021, non serven para a planificación.

A asistencia eficaz é a que é accesíbel no momento que se precisa, logo a abordaxe é moito máis difícil, ou chega tarde. Sen o aumento de recursos, persoal, dispositivos, non é posíbel. Atención Primaria tiña que xogar un papel fundamental na detección, prevención, seguimento, que pola falta de recursos non pode realizar.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 18:01:35
Nº Rexistro: 42025
Data envio: 29/09/2022 18:01:35.095

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Coida que a Xunta de Galiza está tendo unha actuación na prevención, detección e atención ao suicidio acorde á magnitude da incidencia no noso país?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2022 17:58:50

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2022 17:58:55

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2022 17:59:08

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:06:54
Nº Rexistro: 42097
Data envio: 03/10/2022 11:06:54.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia,** sobre a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que se traslade canto antes un acordo unánime aos gobernos español e portugués.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de setembro, o goberno portugués presentou a Nova Liña de Alta Velocidade Lisboa Porto, un proxecto que deberá estar rematado en 2030. No mesmo acto, anunciáronse os plans da nova liña Porto Vigo, que se prevé desenvolver en fases, con un trazado de dobre vía por Nine-Braga-Valença (paralelo ao actual trazado da Linha do Minho que vai por Nine-Viana-Caminha-Valença). A previsión do goberno portugués é que o treito Valença-Braga se execute entre 2026- 2030, igual que a conexión Porto-Aeroporto Sá Carneiro. A fase Braga-Aeroporto quedaría para despois de 2030.

Se ben este proxecto está menos desenvolvido que o da liña Lisboa-Porto, a intervención tanto do Ministro de Infraestruturas Pedro Nuno como a do primeiro

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:06:54
Nº Rexistro: 42097
Data envio: 03/10/2022 11:06:54.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ministro António Costa o pasado 28 de setembro constitúen un fito histórico xa que situaron como prioridade de Portugal a conexión e a vocación atlántica do país, e a liña do tren de velocidade entre Galiza e Lisboa como a grande espiña dorsal dese proxecto de futuro. Portugal ten claro que o seu futuro pasa pola cohesión e a vertebración do pais (e a proxección atlántica) fronte a conexión con Madrid. Portugal prioriza os seus intereses fronte á subordinación a Madrid. Portugal e Galiza teñen intereses comúns.

Para entender o que significa o tren de alta velocidade Liboa-Porto-Vigo hai que ter en conta o enorme potencial da megarrexión que vai de Lisboa a Galiza, unha das 40 megarrexións máis importantes do mundo por poboación, PIB e número de patentes. No ámbito da península ibérica xogamos na mesma liga que Madrid e o eixe Barcelona Lyon

O impulso da liña de alta velocidade Vigo Porto é un proxecto estratéxico e prioritario para Galiza, dentro dunha visión atlántica de futuro. Constitúe unha especie de trabe mestra esencial para a vertebración territorial, o intercambio cultural, o desenvolvemento económico, a conciliación e a xeración de oportunidades e traballo nos nosos países. Ademais, é un medio máis sustentábel, saudábel e seguro fronte a outros modos de transporte máis contaminantes.

Tendo en conta todas estas circunstancias, a Comisión Europeo sinalou o tren Vigo Porto, xunto coa liña Bucaret-Budapest, como exemplos de iniciativas de especial interese en materia de comunicacións transfronteirizas do Mecanismo Conectar Europa. E as institucións europeas tamén acordaron incluír a liña Vigo-Porto no Corredor Atlántico.

Esta debe ser a década do tren e temos que aproveitar todas as oportunidades, tamén o financiamento con fondos europeos, para construír a nova liña de alta

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:06:54
Nº Rexistro: 42097
Data envio: 03/10/2022 11:06:54.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

velocidade Vigo-Porto, dándolle continuidade cara ao sur ao Eixo Atlántico Coruña (tamén no futuro Ferrol)-Vigo. O obxectivo debe ser ter unha liña moderna e competitiva que permita facer a viaxe nunha hora (actualmente o tempo de viaxe é de 2 h 23 min).

Portugal ten claro que a liña de alta velocidade Porto-Vigo é un proxecto estratéxico e está dando pasos firmes para facelo realidade. Pola parte española, o goberno central está claro que non o considera un proxecto prioritario porque os seus intereses están no esquema radial con centro en Madrid e no Corredor Mediterráneo.

O goberno español encargou -logo se sucesivas demoras- un estudo de alternativas para a chamada Saída Sur (a conexión directa entre Vigo e Valença sen ter que ir cara atrás por Redondela) "Estudio de alternativas de la salida sur ferroviaria de Vigo" á empresa PROINTEC, S.A, por importe de 301.904,68 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 12 meses. O contrato adxudicouse a finais de agosto de 2021 e formalizouse a finais de outubro de 2021, polo que xa debería estar en condicións (xa saíron algunhas informacións sobre alternativas posíbeis).

O fundamental é que se planifique a construción da liña e que se comecen os estudos de trazado e a redacción dos proxectos. Que se faga unha planificación dos investimentos e un cronograma coordinado co goberno portugués.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

- Que iniciativas levou a cabo o goberno galego diante dos gobernos español e portugués en relación co impulso do tren de alta velocidade entre Vigo e Porto?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 11:06:54
Nº Rexistro: 42097
Data envio: 03/10/2022 11:06:54.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que propostas trasladou o goberno galego aos gobernos español e portugués no tocante a melloras inmediatas na liña de tren Vigo e Porto?

- Que deseño de futuro e que propostas ten a Xunta de Galiza en relación coa mobilidade de persoas e o transporte de mercadorías en tren na área metropolitana de Vigo e na súa conexión con Portugal?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2022 11:04:33

Paulo Ríos Santomé na data 03/10/2022 11:04:43

Alexandra Fernández Gómez na data 03/10/2022 11:04:51

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:20:07
Nº Rexistro: 42112
Data envio: 03/10/2022 12:20:07.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o goberno se pronuncie canto antes sobre estas cuestións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro sociocomunitario Porta do Camiño en Santiago de Compostela continúa sen estar aberto ao público. Após o seu feche en marzo de 2020 por mor da pandemia da COVID19, o centro non volveu a recuperar en ningún momento a actividade, contrariamente ao que aconteceu con outros centros das mesmas características que foron reabrindo conforme houbo melloría nas condicións epidemiolóxicas. Tras ser preguntado por esta cuestión na comisión 5ª en abril do presente ano, o Director Xeral de Inclusión afirmou que a apertura se produciría nun breve período de tempo, pois faltaba por solucionar unha cuestión de reorganización dos espazos do interior do centro, despois de realizar obras para mellorar os accesos tanto do centro coma da residencia que se atopa no mesmo edificio.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:20:07
Nº Rexistro: 42112
Data envio: 03/10/2022 12:20:07.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non obstante, seis meses despois desta resposta en sede parlamentaria, non se produciu aínda ningún cambio. O centro continúa pechado e sen ter unha previsión concreta desa reapertura. As usuarias deste centro xa teñen esixido en varias ocasións a súa posta en funcionamento de novo, a través de recollidas de sinaturas, intervencións no pleno municipal ou tamén mediante mobilizacións na rúa, mais sen éxito de momento.

Este centro viña sendo utilizado por un gran número de persoas usuarias de xeito habitual, ademais doutras que o usaban puntualmente e cumpría unha dupla función, como punto de encontro e de dinamización e socialización dentro do propio concello.

Así, faise necesaria a apertura deste centro sociocomunitario da Porta do Camiño de Santiago, un espazo dotado con sala de xogos, salón de peiteado, sala de rehabilitación, ciberaula, sala de lectura e cafetería, no que se realizaban actividades como baile, pilates, pintura, informática, exercicios de memoria e excursións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

– Cal é o motivo polo cal o centro sociocomunitario da Porta do Camiño continúa pechado?

– Existe algún tipo de previsión para a súa reapertura? Cal vai ser a data concreta?

– Vanse manter todas as actividades e servizos cos que contaba este centro sociocomunitario?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2022 12:20:07
Nº Rexistro: 42112
Data envio: 03/10/2022 12:20:07.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Ten previsión o goberno galego de incrementar os centros destas características para o desfrute da veciñanza de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/10/2022 12:17:19

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2022 12:17:29

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2022 12:17:40

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41691
Data envio: 22/09/2022 18:32:58.731

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Sendo a educación o instrumento máis potente para a mellora individual e social, o noso sistema educativo (que como tal ten menos dun século de vida) debe ser dinámico e evolucionar para dar resposta á complexidade do mundo e do propio coñecemento que se ten del, así como á rápida transformación social que se está a producir no século XXI.

Un dos campos nos que o noso coñecemento evolucionou con gran rapidez nas últimas décadas e ó do medio ambiente e a ecoloxía, en paralelo co progresivo colapso ecolóxico que foi prognosticado polo informe do Clube de Roma sobre Os límites do crecemento (1972), sucesivamente actualizado e que se concreta na actualidade en fenómenos como a crise climática que afronta a humanidade, a perda acelerada de biodiversidade, a contaminación da auga e do aire, etc, etc.

A concienciación medioambiental da nosa xuventude é cada vez maior. Como mostra, o 47 % das persoas mozas entre 14 e 29 anos considera que o cambio climático é "o problema máis importante", segundo o informe *Juventud en España 2020* de Injuve, fronte ao 17 % dos adultos. En contraste, existe un amplo consenso na comunidade educativa sobre as carencias da educación ambiental no noso país (e en moitos outros), así como sobre a súa importancia.

Segundo o estudo *La educación ambiental en el entorno familiar* realizado dentro do proxecto educativo ambiental de Ecoembes Naturaliza, o 72,7 % dos pais e nais considera clave que se imparta educación ambiental cando escolle centro educativo para os seus fillos, e a maioría opina que aprender valores ambientais contribúe á mellora da formación xeral e ás capacidades, especialmente dos máis pequenos.

O informe da UNESCO *'Aprender polo planeta'*, que analiza os plans educativos e marcos curriculares de arredor de 50 países, constata que máis da metade non fai referencia ao cambio climático e só o 19 % menciona a biodiversidade, polo que fixa como obxectivo facer da educación ambiental un compoñente esencial dos plans de estudio de todos os países no ano 2025. En España a nova Lei educativa (LOMLOE), aprobada en decembro de 2020 e que dota de máis

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41691
Data envio: 22/09/2022 18:32:58.731

autonomía ás CC.AA e centros de estudo, afirma que o sistema educativo "non pode ser alleo aos desafíos que implica o cambio climático do planeta, os centros docentes han de converterse nun lugar de custodia e coidado do noso medio ambiente".

Despois de que a LOMCE, aprobada en solitario polo PP en 2013, impuxese un retroceso no eido da educación ambiental, o MITECO está poñendo en marcha un Plan de acción de educación ambiental para a sostibilidade (PAEAS), que recolle algúns pasos para impulsar a educación ambiental dentro dos colexios, con seis eixos operativos e 61 accións clave a desenvolver por parte da Administración xeral do Estado.

Finalmente, o informe da Unesco *Educación para os obxectivos do desenvolvemento sostible,* considera que son necesarias "experiencias directas" que afecten no emocional ao alumnado, sinalando que "as competencias non se poden ensinar, senón que os alumnos adquírenas con acción, experiencia e reflexión" e avoga por que o estudantado sexa capaz de crear en grupo "accións innovadoras" que fomenten a sostibilidade a escala local. Nese sentido, son múltiples as experiencias de apadriñamento ou adopción de ecosistemas que se teñen desenvolto con éxito en centros educativos de todo o mundo.

Mentres tanto, o Goberno de Galicia limítase a fachendear da súa adhesión ao proxecto europeo *Life Evergreen with Volunteers* (LEWO), que promove tarefas de voluntariado ambiental, obviando que a educación ambiental está practicamente ausente dos currículos dos centros docentes de Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia a implantar con carácter transversal a educación ambiental nos plans de estudo dos diferentes centros educativos de Galicia para afrontar as carencias actuais nesa materia dentro da autonomía que lle outorga a LOMLOE?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que a educación ambiental debe ser unha parte fundamental do sistema educativo no século XXI?

3ª) Vai a Xunta de Galicia implantar nos centros educativos de Galicia actividades de educación ambiental que impliquen contacto e aprendizaxe directos na natureza?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41691
Data envio: 22/09/2022 18:32:58.731

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:25:48

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:26:04

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41692
Data envio: 22/09/2022 18:33:15.872

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Noelia Otero Lago, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Sendo a educación o instrumento máis potente para a mellora individual e social, o noso sistema educativo (que como tal ten menos dun século de vida) debe ser dinámico e evolucionar para dar resposta á complexidade do mundo e do propio coñecemento que se ten del, así como á rápida transformación social que se está a producir no século XXI.

Un dos campos nos que o noso coñecemento evolucionou con gran rapidez nas últimas décadas e ó do medio ambiente e a ecoloxía, en paralelo co progresivo colapso ecolóxico que foi prognosticado polo informe do Clube de Roma sobre Os límites do crecemento (1972), sucesivamente actualizado e que se concreta na actualidade en fenómenos como a crise climática que afronta a humanidade, a perda acelerada de biodiversidade, a contaminación da auga e do aire, etc, etc.

A concienciación medioambiental da nosa xuventude é cada vez maior. Como mostra, o 47 % das persoas mozas entre 14 e 29 anos considera que o cambio climático é "o problema máis importante", segundo o informe *Juventud en España 2020* de Injuve, fronte ao 17 % dos adultos. En contraste, existe un amplo consenso na comunidade educativa sobre as carencias da educación ambiental no noso país (e en moitos outros), así como sobre a súa importancia.

Segundo o estudo *La educación ambiental en el entorno familiar* realizado dentro do proxecto educativo ambiental de Ecoembes Naturaliza, o 72,7 % dos pais e nais considera clave que se imparta educación ambiental cando escolle centro educativo para os seus fillos, e a maioría opina que aprender valores ambientais contribúe á mellora da formación xeral e ás capacidades, especialmente dos máis pequenos.

O informe da UNESCO *'Aprender polo planeta'*, que analiza os plans educativos e marcos curriculares de arredor de 50 países, constata que máis da metade non fai referencia ao cambio climático e só o 19 % menciona a biodiversidade, polo que fixa como obxectivo facer da educación ambiental un compoñente esencial dos plans de estudio de todos os países no ano 2025. En España a nova Lei educativa (LOMLOE), aprobada en decembro de 2020 e que dota de máis

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41692
Data envio: 22/09/2022 18:33:15.872

autonomía ás CC.AA e centros de estudo, afirma que o sistema educativo "non pode ser alleo aos desafíos que implica o cambio climático do planeta, os centros docentes han de converterse nun lugar de custodia e coidado do noso medio ambiente".

Despois de que a LOMCE, aprobada en solitario polo PP en 2013, impuxese un retroceso no eido da educación ambiental, o MITECO está poñendo en marcha un Plan de acción de educación ambiental para a sostibilidade (PAEAS), que recolle algúns pasos para impulsar a educación ambiental dentro dos colexios, con seis eixos operativos e 61 accións clave a desenvolver por parte da Administración xeral do Estado.

Finalmente, o informe da Unesco *Educación para os obxectivos do desenvolvemento sostible,* considera que son necesarias "experiencias directas" que afecten no emocional ao alumnado, sinalando que "as competencias non se poden ensinar, senón que os alumnos adquírenas con acción, experiencia e reflexión" e avoga por que o estudantado sexa capaz de crear en grupo "accións innovadoras" que fomenten a sostibilidade a escala local. Nese sentido, son múltiples as experiencias de apadriñamento ou adopción de ecosistemas que se teñen desenvolto con éxito en centros educativos de todo o mundo.

Mentres tanto, o Goberno de Galicia limítase a fachendear da súa adhesión ao proxecto europeo *Life Evergreen with Volunteers* (LEWO), que promove tarefas de voluntariado ambiental, obviando que a educación ambiental está practicamente ausente dos currículos dos centros docentes de Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia implantar con carácter transversal a educación ambiental nos plans de estudo dos diferentes centros educativos de Galicia para afrontar as carencias actuais nesa materia dentro da autonomía que lle outorga a LOMLOE?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que a educación ambiental debe ser unha parte fundamental do sistema educativo no século XXI?

3ª) Vai a Xunta de Galicia implantar nos centros educativos de Galicia actividades de educación ambiental que impliquen contacto e aprendizaxe directos na natureza?

Pazo do Parlamento 22 de setembro de 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41692
Data envio: 22/09/2022 18:33:15.872

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:27:56

Noelia Otero Lago na data 22/09/2022 18:28:14

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41693
Data envio: 22/09/2022 18:34:03.793

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Noelia Otero Lago e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Concello de Culleredo excede na actualidade os 30.000 habitantes, sendo un dos poucos de Galicia que medra en poboación, cousa que leva facendo durante as últimas décadas. Así, no ano 1991 tiña 14.602 habitantes, 22.076 en 2001 e 28.227 en 2009. A súa posición estratéxica, lindeiro coa Coruña, dotado con parques empresariais, aeroporto, autoestrada e un amplo abano de servizos comunitarios e de benestar, explican ese crecemento constante.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no seu capítulo III do título II, titulado «Equidade na educación», a escolarización en centros públicos e privados concertados, establecendo que as administracións educativas deberán regular a admisión do alumnado de tal forma que se garanta o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por parte de nais, pais, titoras e titores.

Contrariamente a ese principio de equidade, actualmente o ensino secundario en Culleredo soamente se atende por parte dos centros educativos radicados no norte dese concello, na que é a súa área máis urbana, quedando gran parte do seu territorio sen un centro de proximidade que atenda a demanda educativa para tantos mozos e mozas que viven nel. E hai alumnos que perden case dúas horas cada día para se desprazaren desde os seus lugares de residencia ata os institutos da parte urbana.

Por outra banda, a saturación dos recursos de ensino secundario da zona urbana non está a ser atendida axeitadamente pola Xunta, por iso, periodicamente, se repitan as protestas por falta de medios e persoal.

A desatención á demanda educativa do rural por parte do Goberno galego, que provoca desigualdade e discriminación para o alumnado en función do seu lugar de residencia, debería ser paliada para atender ao mesmo tempo esa situación de saturación e a falla de recursos mediante a creación dun centro que atenda a demanda de ensino secundario da gran maioría do concello.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41693
Data envio: 22/09/2022 18:34:03.793

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Ante esa situación, aprobouse xa no ano 2019 no Pleno local unha moción acordando comunicar á Xunta a total dispoñibilidade do Concello de Culleredo para poñer a disposición da Administración autonómica competente en materia educativa os terreos necesarios para a construción dun centro educativo na zona rural que atenda esa necesidade educativa, e por parte dese concello manifestouse desde entón que a radicación dese novo centro podería ser Ledoño, Celas ou Tarrío, neste último caso existe a posibilidade de ampliar o centro xa existente.

Pola súa banda, moitas familias manifestan que o importante é atender efectivamente á demanda, con independencia da radicación ou incluso da tipoloxía do centro.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego atender á necesidade e reclamación, por parte da veciñanza, dun centro educativo que achegue o ensino secundario na zona rural de Culleredo para evitar tanto a saturación dos institutos da zona urbana como a necesidade desprazamento dos mozos e mozas do rural?

2ª) No caso de que a resposta á pregunta anterior sexa afirmativa, cando e de que maneira?

3ª) Cales son as ratios de alumnos dos distintos centros educativos de Culleredo?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:30:02

Noelia Otero Lago na data 22/09/2022 18:30:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/09/2022 18:30:41

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41694
Data envio: 22/09/2022 18:58:34.368

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A crise do coronavirus está provocando unha caída económica do PIB sen precedentes no noso país nun período de paz. No resto do mundo, en maior ou menor medida, prodúcese unha situación similar que é altamente probable que se vexa agravada pola situación sanitaria, lonxe de estar controlada na maior parte dos países.

A caída dos ingresos fiscais e o aumento dos gastos asociados ao coste dos ERTE, axudas aos autónomos, gastos extra do sistema sanitario e educativo, etc, etc, determinan unha situación financeira de extrema dificultade para todas as instancias e niveis territoriais do Estado.

A Unión Europea, consciente da envergadura do desafío, acadou recentemente acordos para facer un esforzo de solidariedade sen precedentes, enlazado cos fondos *Next Generation*, que xa antes da pandemia pretendían modernizar e dixitalizar a economía europea ao mesmo tempo que se facía unha aposta decidida pola transición ecolóxica e enerxética. O financiamento europeo ao que poida chegar a acceder España nos próximos anos -absolutamente crucial dada a difícil situación das arcas públicas- vai estar condicionada dun xeito aínda difícil de precisar pero que irá na liña de examinar a calidade e a execución dos proxectos que se pretendan impulsar con ese financiamento.

Nese contexto, é absolutamente fundamental que as administracións e o sector público en xeral sexan resilientes e eficientes no uso de recursos públicos cada vez máis escasos, o cal choca en Galicia coa ausencia dun sistema de control de xestión do gasto da Administración pública autonómica, limitándose as intervencións da Xunta a fiscalizar a regularidade administrativa (legalidade e dispoñibilidade orzamentaria) sen avaliar a eficacia e a eficiencia (é dicir, a consecución dos obxectivos, e o coste e alternativas desa consecución) como impón máis que nunca neste momento o principio básico de sometemento á obxectividade e ó interese xeral que vén establecido polo artigo 103 da Constitución.

Sen control de xestión da Administración pública, sen avaliación e medición

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41694
Data envio: 22/09/2022 18:58:34.368

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

reais da eficacia e da eficiencia das políticas da Administración autonómica, é imposible garantir un certo nivel de resiliencia que se demostra imprescindible ante fenómenos como a pandemia que estamos vivindo ou crises máis estruturais como a asociada á emerxencia climática ou aos cambios económicos e sociais que se están a vivir no século XXI.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Pensa o Goberno galego que a Administración autonómica debe mellorar a avaliación da eficacia e da eficiencia das políticas públicas ante a situación de restrición financeira que impón a actual e grave crise económica e as perspectivas dunha lexislatura que vai estar marcada pola crise sanitaria e económica?

2ª) Pensa o Goberno galego que necesitamos unha Administración máis resiliente para reaccionar mellor ante fenómenos como a actual pandemia e os seus efectos económicos e sociais?

3ª) Cales son os mecanismos dos que dispón o Goberno galego para levar a cabo un control de xestión da Administración pública autonómica, é dicir, da eficacia e eficiencia das políticas públicas autonómicas?

4ª) Canto persoal da Administración autonómica se dedica a ese cometido e en que departamentos da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:35:40

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:36:00

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41695
Data envio: 22/09/2022 18:58:59.836

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a existencia dunhas excelentes condicións para o aproveitamento eólico no noso territorio pero tamén a un marco regulador que favoreceu ese desenvolvemento.

Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo chegou a falta de aposta polo sector, unida á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que se levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, que implicaron a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, unicamente foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha caída millonaria no investimento en Galicia e a perda da oportunidade de creación de moitos postos de traballo.

No ano 2019 volveu crecer en Galicia a potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores, e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construirán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica no pasado é resultado dun marco regulador moi determinado, con aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero en Galicia levouse a cabo sen a participación necesaria por parte da sociedade, unha situación que naquel momento non xerou oposición social pero co tempo está a xerar conflitividade social e medioambiental, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado recentemente e as mobilizacións que existen en moitos concellos afectados.

As comunidades afectadas denuncian a falta de transparencia na información e o deficiente asesoramento que reciben da Administración autonómica e incumpríronse cuestións relativas ao impacto ambiental, pois o 50 % desa

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41695
Data envio: 22/09/2022 18:58:59.836

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

potencia instalada está en zonas da Rede Natura e moitos concellos denuncian a escasa distancia das vivendas da súa veciñanza na que están sendo instalados os ditos parques.

Nun momento no que o sector está a experimentar un forte relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é de máxima importancia non repetir os erros cometidos no pasado, establecendo para iso unha regulación que favoreza a implantación da enerxía eólica pero procure minimizar o impacto ambiental das instalacións.

Especial atención debe merecer o fraccionamento de parques eólicos que constitúen unha única explotación pero se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental se faga polo Estado, unha situación que se está a producir en distintos lugares da nosa comunidade, en clara vulneración da lexislación vixente.

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que, ante o forte relanzamento do sector eólico que se está a producir e o que está previsto na próxima década, se está a protexer adecuadamente o noso territorio do impacto ambiental do sector eólico, sinaladamente na Rede Natura?

2ª) Deberían mellorarse os mecanismos de información e transparencia para garantir que a implantación de parques eólicos en Galicia teña o menor impacto ambiental posible?

3ª) Cre necesario modificar a distancia dos parques eólicos respecto das vivendas da veciñanza afectada?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:37:23

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:37:42

Eduardo Ojea Arias na data 22/09/2022 18:37:55

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41695
Data envio: 22/09/2022 18:58:59.836

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Patricia Otero Rodríguez na data 22/09/2022 18:38:05

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41696
Data envio: 22/09/2022 18:59:50.132

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Na lei de acompañamento ós orzamentos de 2021 a Xunta de Galicia mantén as rebaixas fiscais ás empresas contaminantes que xa estaban presentes na anterior lei de acompañamento para 2020, concedendo así un tratamento de favor ás empresas contaminantes que resulta incompatible co desenvolvemento do dereito medioambiental e coa importancia dos temas medioambientais no século XXI, ademais de co pacto verde europeo.

Consolídase así un axuste á baixa dos gravames aplicados por carga contaminante derivados da lei de augas de Galicia. Sinteticamente, a suma total do gravame imposto á carga contaminante mantívose intacta nos últimos 11 anos, cando o IPC nese período experimentou un ascenso no entorno do 15 %, o cal implica que ano tras ano sae máis barato contaminar en Galicia e que o principio "quen contamina paga" transfórmase en Galicia no principio "quen contamina paga cada ano menos".

Na mesma liña, as sancións contempladas na lei de pesca continental recentemente aprobada por este parlamento rebaixan notablemente as do ano 1992 a pesar do transcurso de case 30 anos. Así, en moitos casos as infraccións redúcense a menos da metade, cando o simple efecto da inflación acumulada debería facer que se multiplicasen. Así, a inflación acumulada dende 1992 e do 88%. É dicir, unha sanción de 100 euros (ou as correspondentes pesetas) no ano 1992, se a actualizamos, sería hoxe equivalente a unha sanción de 188 euros.

O cal implica que as sancións terían case que duplicarse, cando se reducen en moitos casos á metade. Como exemplo, a sanción por infracción moi grave, que podía chegar ós 50 millóns na lei de 1992, queda agora nun máximo de 150.000 euros, a metade, o cal implica que un vertido que sexa considerado infracción moi grave, ou calquera outra agresión ó medio que se considere moi grave, sae hoxe á metade de prezo que en 1992. E se contamos a inflación, sae pola cuarta parte do prezo.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41696
Data envio: 22/09/2022 18:59:50.132

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Chama poderosamente a atención que, mentres en todo o mundo civilizado se abren paso políticas cada vez menos permisivas coas agresións ó medio, en Galicia consolídase unha tendencia contraria e distópica, pouco atractivo para futuras inversións, asociadas cada vez máis a un marco de sostibilidade e responsabilidade social corporativa, facéndonos cada vez, paradoxalmente, menos atractivos como destino inversor para un capital que fuxe cada vez máis das antigas vantaxes industriais e busca outro tipo de incentivos, dos que Galicia carece a pesar da reiterada lexislación de "simplificación administrativa", que non parece simplificar nada.

Igualmente, de xeito incomprensible, a Xunta de Galicia négase a declarar a emerxencia climática en Galicia, a pesar dun acordo en tal sentido adoptado polo Parlamento de Galicia hai máis dun ano e da proposición non de lei presentada polo noso grupo no pleno do pasado 22 de decembro de 2020. E a pesar de que unha recente enquisa da ONU, de alcance global, reflicte que o 64% dos cidadáns do planeta consideran o cambio climático unha situación de emerxencia e de que todas as CC.AA de España menos as do PP e o propio Goberno de España teñan declarado a emerxencia climática.

Ademais, no novo plan Forestal a Xunta acepta e consolida a proliferación indiscriminada dunha especie forestal como o eucalipto, que está reemprazando por completo ó bosque autóctono de Galicia e que, recoñecendo a súa importancia económica, debe ser considerada tamén desde o punto de vista dos seus efectos mediombientais, sinaladamente a redución da biodiversidade, así como o empobrecemento da paisaxe.

O anterior relato de feitos fala ben ás claras do completo desinterese do goberno de Galicia con respecto a defensa e protección do medio ambiente, mantendo políticas que podemos cualificar de depredatorias do territorio e propiciando unha progresiva involución medioambiental incompatible co sentido dos tempos, co dereito ambiental, co cambio climático.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o motivo do progresivo deterioro e rebaixa dos niveis de protección medioambiental en Galicia a través das políticas e lexislación impulsados pola Xunta de Galicia?

2ª) Vai o Goberno galego seguir rebaixando os niveis de protección medioambiental en Galicia?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41696
Data envio: 22/09/2022 18:59:50.132

3ª) Considera o Goberno de Galicia que a protección do medio ambiente obrigada polo artigo 45 da Constitución é algo do que pode prescindir nas súas políticas?

4ª) Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia no ano 2020 por vulneración da normativa medioambiental?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:39:40

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:39:57

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41697
Data envio: 22/09/2022 19:00:08.054

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O espazo integrado pola lagoa de Baldaio e a praia e espazo dunar adxacentes forma parte da Rede Natura 2000 e, a pesar do grave deterioro sufrido nas últimas décadas, ten aínda un moi elevado valor ecolóxico (especial pero non exclusivamente pola súa riqueza ornitolóxica) e paisaxístico ademais do económico asociado a produción marisqueira.

Ás agresións sufridas desde que a empresa Baldayos SL obtivese a concesión de explotación marisqueira no ano 1948 únense a progresiva e desordenada presión urbanística e os problemas de peche da lagoa, así como unha presenza humana cada vez máis intensa en forma de visitantes, paseantes, mascotas, etc. A todo o anterior súmase agora o previsible impacto do cambio climático, que pode afectar especialmente a un espazo tan singular e delicado coma este.

Nun mundo en situación de progresivo colapso medioambiental, cunha sociedade cada vez máis concienciada da necesidade de protexer o medio por unha cuestión incluso de supervivencia e como parte dunha Unión Europea que prima nas súas políticas o compromiso medioambiental e que impulsa e apoia cun importante compromiso económico un ambicioso pacto verde, Galicia non pode permitir (nin desde o punto de vista político nin desde o punto de vista das obrigas legais da Administración galega) que un espazo tan singular e valioso siga esmorecendo e sufrindo agresións que o degradan cada vez máis.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que vai facer o Goberno galego, dentro da súa plena competencia medioambiental e das súas obrigas de protección do medio e ordenación do territorio, para evitar o progresivo deterioro do ecosistema constituído pola lagoa e praia de Baldaio?

2ª) Fixo algún estudo o Goberno galego sobre a situación na que se atopa ese espazo e a forma de evitar o seu deterioro?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41697
Data envio: 22/09/2022 19:00:08.054

3ª) Cantas sancións impuxo o Goberno galego por infraccións medioambientais ou urbanísticas na zona de Baldaio na última década?

4ª) Cal é o orzamento que ten previsto dedicar no ano 2021 á protección do ecosistema constituído pola lagoa e praia de Baldaio?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:40:46

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:41:02

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41698
Data envio: 22/09/2022 19:00:39.741

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

As comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal levan véndose intensamente afectadas pola perda de tecido produtivo e un elevado desemprego desde a reconversión industrial dos anos 80. A perda de emprego foi da man da perda de poboación, que ronda as 25.000 persoas en Ferrol, sen parangón en cidades do seu tamaño nese tempo.

Antes da actual pandemia, a decisión adoptada pola empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, derivada do enorme incremento do custo dos dereitos de emisión no mercado europeo –decisión pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles-, xa implicaba un grave problema para a economía da zona, agravado polo peche de empresas como Poligal e os problemas de moitas outras como Galicia Téxtil pero a crise económica asociada aos efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais da zona e de toda Galicia, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego que se está a materializar xa na zona. Como exemplo, o anuncio de peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que se pretende deslocalizar a Portugal como fixeron centos de empresas de toda Galicia na última década.

A folga xeral celebrada o 10 de marzo é un exemplo da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial, agravada pola falta de carga de traballo de Navantia á espera do comezo da fabricación das fragatas F110, que vai implicar o maior investimento industrial da historia pero ten uns períodos de desenvolvemento que non palían a situación actual para a propia Navantia e a industria auxiliar. Lembremos que a situación do sector naval é extremadamente complicada por motivos completamente alleos a calquera goberno, sendo xa moi complicada antes da pandemia e despois da pandemia é aínda moito máis complicada pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, que fai que se reduzan drasticamente os pedidos, caendo a suma da contratación naval, incluíndo a militar e a civil, un 97 % en Europa, un 42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea. Por outra banda, cando

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41698
Data envio: 22/09/2022 19:00:39.741

cambiou o Goberno do Estado en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa de disolución, coa particularidade de que sendo unha empresa de titularidade pública, ano tras ano o propio Estado inxectáballe capital, a razón de 200 millóns de euros por ano de media, e precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, 297 millóns de euros. En decembro de 2018, para actuar fronte a esta situación de quebra na que o anterior Goberno deixou a Navantia, o actual Goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022, de acordo cos representantes dos traballadores e co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. Pero iso non é suficiente na situación actual e todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia e o resto da economía da zona.

Cómpre lembrar que a política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte ao art. 30 do Estatuto de autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos. Os fondos *Next Generation* implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ao mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia exercer as súas competencias de política industrial e promoción económica para compensar o impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

2ª) Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia dentro das súas competencias de política industrial e política económica para compensar o impacto económico da actual pandemia nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

3ª) Cales foron os contactos establecidos pola Xunta de Galicia cos operadores económicos para enfocar a reactivación nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

4ª) Cantos dos 108 proxectos que a Xunta di que van optar aos fondos europeos *Next Generation* se van desenvolver nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal?

5ª) En que consisten concretamente os proxectos que ten previsto desenvolver a Xunta nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal dentro da súa política de reactivación?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41698
Data envio: 22/09/2022 19:00:39.741

6ª) Que empresas están dispostas a participar neses proxectos?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:42:16

Martín Seco García na data 22/09/2022 18:42:37

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/09/2022 18:42:55

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41699
Data envio: 22/09/2022 19:01:03.444

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Vén de ser denunciado ante a opinión pública polo colectivo Amigas das Árbores a tala indiscriminada dunha fraga de 2.5 hectáreas formada por especies autóctonas no concello de Parada de Sil, en pleno corazón da Ribeira Sacra, eliminando todo o sotobosque e o bosque de ribeira a carón do regato da Senra. Os cañóns do Sil forman parte da Rede Natura 2000 como LIC e ZEC, tendo un elevadísimo valor ecolóxico, cultural e etnográfico.

A forma de efectuar a tala constitúe unha práctica silvícola altamente agresiva que elimina todas as árbores dunha zona producindo a desaparición de flora e fauna, a colmatación dos cursos fluviais, perda de chan fértil e erosión, ademais do impacto paisaxístico.

Os nosos bosques autóctonos están a ser substituídos aceleradamente por monocultivos de eucalipto, o cal atenta contra a biodiversidade, a paisaxe e o dereito ambiental español e europeo. Este novo episodio, un de tantos, prodúcese nun espazo que en teoría debería gozar do máximo grado de protección e que, ademais, aspira a ser declarado Patrimonio da Humanidade este mesmo ano.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia ante a tala indiscriminada e total dunha fraga de 2,5 hectáreas nun espazo protexido como a Ribeira Sacra?

2ª) Autorizou a Xunta de Galicia esa tala?

3ª) Permite a Xunta de Galicia a tala indiscriminada de fragas nos espazos protexidos de Galicia?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que permitir a tala de fragas na Ribeira Sacra vai axudar a conseguir a declaración como Patrimonio da Humanidade?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41699
Data envio: 22/09/2022 19:01:03.444

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:45:01

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:45:18

Eduardo Ojea Arias na data 22/09/2022 18:45:30

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41700
Data envio: 22/09/2022 19:01:39.412

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamento Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia vén prorrogando sen convocar concurso público contratos de servizos de todo tipo, desde mantemento de estradas ata subministracións enerxéticas, servizos postais ou xestión de todo tipo de vehículos e medios de transporte como helicópteros, barcos ou autobuses. As prórrogas son teoricamente legais, pero supoñen un obstáculo á libre competencia, segundo veñen advertindo o Consello de Contas ou a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC).

Recentemente, o contrato da inspección técnica de vehículos (ITV), que está en mans da mesma empresa desde o ano 1987 e finalizaba no 2023, foi prorrogado ata o ano 2027.

A finais de 2021 prorrogouse o servizo de operación dos dous helicópteros de salvamento marítimo da Xunta, que fora adxudicado en 2017 por 8,25 millóns de euros ao ano á empresa á que o Goberno galego vendera en 2012 os seus dous helicópteros mercados sete anos antes, cun prazo de execución de catro anos, prorrogable por outros dous e agora prorrogouse outros dous anos máis, ata novembro de 2023 e por 16,5 millóns de euros, malia que no seu momento o presidente Feijóo asegurara que en sucesivos concursos se poderían obter aparatos "máis modernos". No seu momento, cando a Xunta se desfixo dos aparatos, o Consello de Contas xa advertira de que o Goberno galego tomara a decisión sen "ningún estudo sobre a repercusión da venda dos helicópteros" nas futuras contratacións do servizo cando a Administración xa non tivese a súa propiedade.

A Xunta tamén prorrogou durante anos á mesma empresa diversos contratos de helicópteros de loita contra os incendios, prórrogas censuradas polo Consello de Contas por entender que se producira unha incorrecta planificación do servizo por parte da Xunta.

As prórrogas non só se rexistran nos helicópteros, sexan de incendios ou de salvamento marítimo, senón que nese último sector, tamén se producen no departamento de Gardacostas de Galicia, dependente da Consellería do Mar. Así,

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41700
Data envio: 22/09/2022 19:01:39.412

o servizo de operación dos catro barcos de salvamento marítimo de maior tamaño da Xunta vén sendo prorrogado sucesivamente sen un novo concurso público desde o que se outorgou en 2006 á empresa Remolcanosa.

Igualmente, tras moitos anos e nalgúns casos mesmo décadas de prórrogas dos contratos de transporte escolar con todo tipo de irregularidades certificadas polo Consello de Contas, en 2021 tamén foron prorrogados os contratos da metade das liñas de transporte escolar de Galicia, en concreto os que se prestan de xeito exclusivo a centros educativos e non integrados no transporte regular xeral. debido a que a Xunta viuse xudicialmente obrigada a reiniciar o concurso para renovalas porque cometera "erros non subsanables" nos primeiros pregos de condicións que validara a propia Consellería de Educación. Se no primeiro proceso a Xunta estimaba un gasto de 81 millóns de euros nos dous próximos anos, agora calcula que terá que gastar un 15 % máis, 93,4 millóns, porque entre outras cuestións faltábanlle 284 paradas, unha omisión que amosa un elevado nivel de incompetencia.

Respecto doutros contratos de transporte escolar, que están en fase de renovación, o Consello de Contas dixo no seu momento que se outorgaran incumprindo os sucesivos gobernos galegos "os principios esenciais da contratación administrativa (publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación)" e que posteriormente "a utilización do mecanismo da prórroga permitiu estender a duración dos contratos [...] sen que se promovera concorrencia no sector".

As prórrogas contractuais, aínda que sexan legais, deben ser segundo o noso ordenamento xurídico un mecanismo excepcional, que hai que xustificar cumpridamente, cousa que non fai a Xunta, que o emprega como mecanismo habitual excluíndo o xogo da libre competencia na contratación pública en gran parte dos contratos do sector público autonómico de Galicia e beneficiando sistematicamente a determinadas empresas que fan negocio co público creando monopolios *de facto* que son contrarios á lei e ao interese público.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno de Galicia deixar de usar habitualmente a práctica de prorrogar con carácter reiterado os contratos públicos para evitar o prexuízo á competencia e ao interese público que tal práctica supón?

2ª) Por que non atende o Goberno de Galicia as recomendacións do Consello de Contas e da CNMC en materia de contratación pública?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41700
Data envio: 22/09/2022 19:01:39.412

3ª) Considera o Goberno de Galicia que a práctica de prorrogar reiteradamente contratos públicos é axustada á letra e ao espírito da normativa en materia de contratación pública?

4ª) Considera o Goberno de Galicia que a práctica de prorrogar reiteradamente contratos públicos é contraria ao interese da cidadanía?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:51:52

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:52:12

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41701
Data envio: 22/09/2022 19:03:39.629

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A finais de outubro de 2021, tras entrar en concurso de acredores, o Goberno uruguaio decidiu a intervención do sanatorio Casa de Galicia de Montevideo, fundado pola colectividade galega de Uruguai no ano 1917, e que durante décadas foi unha institución sanitaria de referencia no país. A situación de concurso e intervención ten por causa as débedas acumuladas pola empresa, que aínda daba servizo a milleiros de pacientes, sumando máis de 43.000 persoas socias e arredor de 2.500 traballadores e traballadoras.

A intervención pública, que buscaba investigar a situación da entidade mutualista e manter a súa actividade, foi anulada o pasado 18 de novembro por decisión xudicial. Un mes máis tarde, o 23 de decembro, o mesmo xuíz decidiu o peche definitivo da entidade, nunha acción criticada polo Goberno uruguaio, a oposición e os socios e traballadores, que reclaman a continuidade do sanatorio.

Se chega a confirmarse, o peche sumaríase a unha serie de outras crises ou vendas dalgunhas das máis importantes institucións e entidades creadas pola colectividade galega en América, de gran importancia económica e social. Como caso máis destacado hai dous anos e medio o Centro Galego de Bos Aires perdeu a súa sede.

En outubro de 2021 o presidente da Xunta dicía ter confianza nunha resolución favorable desta crise, afirmando que a intervención do goberno uruguaio sería temporal e breve, e afirmando que "Casa de Galicia ten que seguir sendo Casa de Galicia" e ser "conscientes da importancia que ten este centro para a colectividade galega", cualificando o hospital como "un dos mellores de Uruguay".

Segundo o xuíz "a situación económico-financeira da Casa de Galicia é de extrema gravidade e arrástrase dende hai 18 anos". A entidade presentaba o pasado mes de decembro un saldo negativo de máis de 100 millóns de pesos uruguaios, uns dous millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41701
Data envio: 22/09/2022 19:03:39.629

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Ademais do hospital, da institución forman parte o Instituto de Secundaria Manuel Curros Enríquez e a biblioteca Alfonso R. Castelao, así como un gran patrimonio pictórico e escultórico. Uruguay é o cuarto país do mundo por número de residentes galegos, con máis de 40.000.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai adoptar o Goberno galego algún tipo de medida para acadar a continuidade da Casa de Galicia de Montevideo?

2ª) É consciente o Goberno galego de que o peche desa institución pode ter un elevado impacto sanitario, social e cultural para a cuarta comunidade galega do mundo?

3ª) Deu algún tipo de apoio o Goberno galego a esa institución desde o ano 2009?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:53:16

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:53:31

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41702
Data envio: 22/09/2022 19:04:00.832

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión na Comisión 1ª.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, aprobada con máis de dous anos de retraso con respecto á lei estatal do ano 2013, establece e desenvolve o dereito da cidadanía a pedir á Administración calquera información que estea no seu poder. Se a Administración non contesta a esa petición ou declina facilitar a información solicitada conforme a algunha das excepcións previstas pola propia lei, pódese recorrer á Comisión da Transparencia de Galicia, competencia da Valedora do Pobo. Non obstante, seis anos despois da aprobación da lei galega, esta carece de regulamento que indique as consecuencias do incumprimento por parte da Administración no caso de que a Valedora determine que o cidadán ten razón e que a Administración ten que facilitar a información solicitada e, por tanto, a Valedora non ten xeito de obrigar a Administración a proporcionar a información solicitada, e o cidadán en cuestión non ten máis remedio, en caso de que a Administración non cumpra a resolución da Valedora facilitando a información solicitada como ocorre frecuentemente, que acudir á Xustiza, o cal implica, ademais dun coste económico, un retraso de tempo moi elevado que desvirtúa por completo a finalidade do dereito de acceso á información pública configurado polo artigo 105.b da Constitución e pola propia lei estatal.

É dicir, hoxe en Galicia ese dereito é meramente teórico pero non existe na práctica a non ser que o declare un xulgado, de xeito que a Administración pode negarse a facilitar calquera información que lle resulte "incómoda", confiada en que un cidadán normal non incorrerá no gasto de tempo e cartos que implica un proceso xudicial e, por tanto, desistirá da súa pretensión. Esta situación choca frontalmente coas declaracións no seu momento do Sr. Feijóo, que dixo a lei de transparencia galega sería "das máis avanzadas de Europa" e coas frecuentes declaracións dos responsables do Goberno galego, que presumen dunha transparencia que na realidade é completamente inexistente.

Na mesma liña, o artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia establece que:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41702
Data envio: 22/09/2022 19:04:00.832

1. *Para o mellor cumprimento das súas funcións parlamentarias, os deputados, logo de coñecemento do respectivo grupo parlamentario, terán a facultade de solicitar das administracións públicas os datos, informes ou documentos que consten en poder destas.*

2. *A solicitude dirixirase, en todo caso, por conduto da Presidencia do Parlamento, e a Administración autonómica deberá facilitar a documentación solicitada ou manifestar á Presidencia do Parlamento, en prazo non superior a trinta días e para o seu máis conveniente traslado á persoa solicitante, as razóns fundadas en dereito que o impidan, ou comunicar a súa disposición para lle permitir o acceso directo á documentación solicitada.*

   2 bis. No caso de que a Administración autonómica non facilite a información requirida e de que non medie comunicación que xustifique a negativa no prazo sinalado na alínea anterior, transcorridos trinta días as solicitudes de información poderán ser reconvertidas, sempre por petición do autor ou da autora delas, en pregunta en comisión, onde recibirán o tratamento das preguntas orais.

Por tanto, o Regulamento establece –con toda lóxica democrática- que os deputados e deputadas poden solicitar os datos, informes ou documentos que teñan as administracións, e establece tamén a obriga da Administración galega de facilitalos ou fundamentar unha eventual negativa nun prazo de 30 días, pero a realidade é que a Administración galega non da resposta á inmensa maioría das peticións realizadas consonte ao artigo 9, nin en 30 días nin en 30 anos, o cal deixa ao deputado ou deputada a posibilidade de reconverter a súa petición en pregunta, pero unha pregunta non obriga á Administración a facilitar ningún tipo de información e, na práctica, nin sequera a dar resposta realmente á pregunta que se lle fai.

Por iso o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando vai a Xunta de Galicia garantir que o dereito de acceso á información pública sexa real e efectivo na nosa comunidade sen necesidade de acudir aos tribunais?

2ª) É consciente a Xunta de Galicia de que o dereito á información pública, que é un dos piares da nosa democracia, vulnérase cada día en Galicia estando configurado na práctica como unha facultade da Administración galega e non como unha obriga?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41702
Data envio: 22/09/2022 19:04:00.832

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

3ª) Por que incumpre a Administración galega resolucións da Comisión de Transparencia de Galicia obrigando aos afectados a acudir á Xustiza para obter a información?

4ª) Por que incumpre sistematicamente a Administración galega o mandato do artigo 9 do Regulamento do Parlamento?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:54:45

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:55:01

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41703
Data envio: 22/09/2022 19:04:28.269

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Segundo transcendeu nos últimos días, entre marzo e xuño de 2020 o Sergas mercou á empresa galega SIBUCU SL 2,3 millóns de mascaras -2 millóns de tipo cirúrxico e 300.000 de tipo FFP2- por un importe de 1.945.000 euros, compras realizadas mediante catro expedientes tramitados polo procedemento de emerxencia.

Pouco tempo despois da entrega das mascaras de SIBUCU, detectouse por parte do Instituto Galego de Consumo que catro lotes de mascaras FFP2 da citada empresa foran validadas pola empresa italiana ENS Certificazione Macchine SRL, que non estaba autorizada para facer esa certificación, a pesar do cal SIBUCU entregounas co marcado 'CE' que garante a adecuación á lexislación europea, a pesar do cal a Xunta continuou coa distribución das mascaras entregadas por SIBUCU.

Ningún dos expedientes de compra a SIBUCU aparece na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, como tampouco figura ningunha das contratacións de emerxencia do Sergas. O IGCC chegou a abrir expediente sancionador á empresa en xullo de 2020 por importe de 10.500 euros.

A empresa SIBUCU SL carecía por completo, no momento de efectuar as ventas de mascaras, de experiencia no mercado sanitario, que tampouco figuraba no seu obxecto social. Ademais do Sergas, a empresa vendeu mascaras á comunidade e ao concello de Madrid, entre outras administracións públicas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) As mascaras que o Sergas recibiu de SIBUCU SL tiñan a calidade necesaria e estaban correctamente certificadas?

2ª) Cal foi o número, características e prezo das mascaras que o Sergas comprou a SIBUCU SL?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41703
Data envio: 22/09/2022 19:04:28.269

3ª) Que medidas adoptou o Goberno galego cando o Instituto Galego do Consumo detectou que parte das mascaras de SIBUCU SL estaban incorrectamente certificadas?

4ª) Verificou o Goberno galego a quen se comercializaron esas mascaras incorrectamente certificadas por parte de SIBUCU SL?

5ª) Por que non aparece na plataforma dixital de contratos da Xunta de Galicia ningún dos contratos de compra de material sanitario tramitados polo procedemento de emerxencia na pandemia?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:55:55

Paloma Castro Rey na data 22/09/2022 18:56:10

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41704
Data envio: 22/09/2022 19:04:58.066

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Un informe de fiscalización específica do Consello de Contas sobre a execución de contratos no Sergas conclúe que no 59 % dos expedientes fiscalizados (22 de 37) a actividade continuou máis alá da vixencia do contrato e que a Xunta pagou 40 millóns de euros (29 % do total analizado) sen cobertura contractual.

Conclúe o Consello de Contas no seu informe que a prórroga de contratos automática e sen xustificación é unha práctica "sistemática", "cando esta debe ter carácter excepcional" .

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que o Sergas está recorrendo sistematicamente á prórroga de contratos cando esta debe ter un carácter excepcional segundo o noso ordenamento xurídico?

2ª) Por que o Sergas non xustifica a prórroga de contratos que practica con carácter xeral?

3ª) É consciente o Goberno de Galicia de que a prórroga sistemática de contratos atenta contra os principios de libre concorrencia e de competencia que deben rexer a contratación pública, ademais de encarecer o prezo dos bens e servizos?

4ª) Vai facer algo o Goberno de Galicia para corrixir esta situación?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2022 18:57:02

Julio Torrado Quintela na data 22/09/2022 18:57:23

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41704
Data envio: 22/09/2022 19:04:58.066

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Marina Ortega Otero na data 22/09/2022 18:57:35

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 10:39:18
Nº Rexistro: 41712
Data envio: 23/09/2022 10:39:18.528

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lonxevo e tradicional sistema investigador agrario que desgraciadamente se foi deixando esmorecer pola falta de recursos humanos suficientes, pero aínda así centros como o CIAM de Mabegondo ou o centro de Lourizán, por nomear dous, están a facer un traballo meritorio que non está chegando aos produtores/as primarios dun xeito apropiado pola falla dunha estrutura para a transferencia de coñecemento.

Debido á situación actual, por unha banda a escaseza de alimentos e forraxes para animais, derivados do cambio climático e outras circunstancias, con períodos de seca cada vez máis acusados e por outra banda a dificultade económica de facerlle fronte aos incrementos dos custes das importacións de forraxes que veñen de Latinoamérica, ou antes, do leste de Europa, pola subida do prezo dos carburantes fan imprescindible a autosuficiencia alimentar e a polo tanto a produción propia, polo que se require unha aposta decidida por un modelo fundamentado na soberanía alimentar.

Evidentemente esta produción propia non se pode levar a cabo de xeito tradicional, o fundamental céntrase na actualización técnica e de coñecemento para acadar cultivos de calidade. Tamén é imperativa a transferencia de coñecemento para facer viábeis as granxas e explotacións a medio e longo prazo, dado que no mundo agrario no que os cambios son cada vez máis vertixinosos.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 10:39:18
Nº Rexistro: 41712
Data envio: 23/09/2022 10:39:18.528

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a política agraria europea priman cada vez máis exixencias relacionadas co benestar animal, o coidado medioambiental, o control de fitosanitarios nos vexetais e antibióticos nos animais, avogándose claramente por unha agricultura de precisión que monitoriza aos cultivos e o coidado animal, de modo que as intervencións que se teñan que facer sexan mínimas ao ir por diante de potenciais pragas e enfermidades.

É, polo tanto, a estas alturas do século XXI imprescindíbel fomentar a investigación e a innovación que á súa vez vai xerar un coñecemento fundamental para estar na vangarda da produción agrícola, máxime cando un país como o galego que é líder nestas producións porque o contrario supón quedar en desvantaxe co resto de países e rexións do mundo.

É evidente que todo pasa porque este coñecemento se transmita adecuadamente aos principais actores , cuestión que non se debe estar a producir xa que alá polo 2008 en Europa pensouse que se precisaba un sistema de transferencia de coñecemento e innovación que quedou ata actualidade nunha mera proposición teórica.

Parece que é agora o momento no que os circuítos de transferencia de coñecementos deben desenvolverse, e isto terá que facerse tendo en conta as realidades dos distintos estados europeos e tamén ás diversas realidades que se dan dentro de cada estado.

Preocupa principalmente que a falta de cultura de transferencia de coñecemento que se demostra na mínima execución da submedida referida a isto do último período do PDR. Preocupa tamén que quizá non se vaian incluír tódolos actores implicados ata o de agora, e por último preocupa que a estas datas non teñamos coñecemento oficial de quen está a facer o traballo, en que punto do proceso están, con que participación se conta ou para cando estará dispoñible.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 10:39:18
Nº Rexistro: 41712
Data envio: 23/09/2022 10:39:18.528

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. En que momento de desenvolvemento está o deseño para Galiza dos AKIS (sistemas de transferencia de coñecemento e innovación), con quen persoas se está contando para o seu deseño e a que actores vai destinado?

. Van aproveitar esta circunstancia para usar o deseño AKIS para a vertebración e reforzo da estrutura necesaria para a investigación, a formación e capacitación agraria e o asesoramento rural?

. Que organismo da consellería se está a facer cargo desta tarefa?

. En que momento do seu deseño se atopa?

. Que metodoloxía están empregando para o deseño do modelo?

. Como é o proceso de participación pública entre todos os actores que interveñen?

. Ten en conta tódolos centros xeradores de coñecemento?

. A quen vai ir destinado?

. Contempla o modelo a importancia de que a comunicación flúa dos profesionais agrarios aos profesionais investigadores e non só á inversa?

. Vanse incorporar dalgún xeito os centros formadores de formación profesional?

. Vaise aproveitar esta circunstancia para avaliar as potenciais necesidades de recursos dos actuais centros de investigación ?

. Vaise aproveitar esta circunstancia para adaptar mellor a Formación e a capacitación agraria ás necesidades do sector produtivo?

. Con que recursos económicos vai contar isto?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 10:39:18
Nº Rexistro: 41712
Data envio: 23/09/2022 10:39:18.528

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Será unha das intervencións das que se execute o 100% do orzamento?

. Como unha porcentaxe elevada de fondos do novo PDR van destinados a promover empresas de asesoramento privado profesional especializado, como pensan artellar a intervención do PDR?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 23/09/2022 10:24:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/09/2022 10:24:24

María González Albert na data 23/09/2022 10:24:38

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:44:54
Nº Rexistro: 41724
Data envio: 23/09/2022 13:44:54.683

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e **Belén Salido Maroño,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, ven de anunciar que o Goberno galego aplicará desde o 1 de setembro e ata o 31 de decembro do ano en curso un desconto do 50% nos prezos do autobús autonómico.

O Goberno galego adopta esta medida e decide poñela en marcha destinando fondos propios, tendo en conta que o Executivo central non concretou aínda o diñeiro que lle corresponderá a Galicia, nin consignou os fondos anunciados en xuño para que as autonomías aplicasen o desconto do 30% no prezo de autobús, habilitando ademais ás comunidades implementalo ata o 50% con fondos propios.

Deste xeito, a Xunta adiantará o diñeiro e aplicará a máxima bonificación (50%) no transporte público autonómico, estendendo con fondos propios a bonificación ao transporte da ría de Vigo e ao tren de proximidade na área de Ferrol, que forman parte do Plan de Transporte Metropolitano. Así mesmo, os servizos urbanos de Pontevedra e Ferrol tamén se beneficiarán deste desconto, xa que o seu transporte opera con concesións autonómicas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Que valoración fai o Goberno galego do desconto do 50% que vén aplicando desde o pasado 1 de setembro nos prezos do autobús autonómico?

2.- Cantas persoas se estima que poden beneficiarse deste iniciativa?

3.- Ten constancia a Xunta de Galicia da data na que o Goberno central librará os fondos comprometidos para a aplicación destes descontos?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:44:54
Nº Rexistro: 41724
Data envio: 23/09/2022 13:44:54.683

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 23/09/2022 13:34:20

Carmen María Pomar Tojo na data 23/09/2022 13:34:41

Ramón Carballo Páez na data 23/09/2022 13:34:57

María Sol Díaz Mouteira na data 23/09/2022 13:35:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:44:54
Nº Rexistro: 41724
Data envio: 23/09/2022 13:44:54.683

grupo parlamentario popular de galicia

Freire Vázquez, María Begoña na data 23/09/2022 13:35:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/09/2022 13:35:44

María Belén Salido Maroño na data 23/09/2022 13:35:57

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:45:21
Nº Rexistro: 41726
Data envio: 23/09/2022 13:45:21.385

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e **Belén Salido Maroño,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Hai días coñeciamos pola prensa os plans do Goberno de España que suporían un novo agravio do executivo que preside Pedro Sánchez contra a nosa Comunidade, ao pretender excluír a Galicia da modernización do ferrocarril de mercadorías e deixala fóra dos plans estatais para o desenvolvemento das autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren.

Todo iso a pesar de que Galicia é firmemente candidata a formar parte deste proxecto loxístico, entre outros espazos, a través do percorrido A Coruña-Vigo-Ourense-Monforte-León, parece que excluído do mapa de autopistas ferroviarias deseñado polo Ministerio de Transportes.

A isto hai que engadir o feito de que o Goberno de España non ten achegado información oficial sobre as previsións para avanzar no Corredor Atlántico de Mercadorías, unha infraestrutura estratéxica para Galicia que tampouco parece estar entre as prioridades do Executivo de coalición, e isto a pesar dos compromisos asumidos polo Goberno de España con Galicia neste eido.

Tamén para Galicia é fundamental o impulso da alta velocidade entre Vigo e Porto. Para aproveitar ao máximo os fondos europeos e impulsar sinerxias entre Galicia e Portugal cómpre que o Ministerio de Transportes impulse, como unha primeira actuación imprescindible, a saída Sur de Vigo, e lamentablemente esta infraestrutura aínda segue co estudo de alternativas e sen planificación orzamentaria para a súa execución.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da pretensión do Executivo que preside Pedro Sánchez de excluír Galicia do mapa de autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren tal e como recolle o borrador elaborado polo Executivo central?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:45:21
Nº Rexistro: 41726
Data envio: 23/09/2022 13:45:21.385

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 23/09/2022 13:40:07

Carmen María Pomar Tojo na data 23/09/2022 13:40:23

Ramón Carballo Páez na data 23/09/2022 13:40:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 13:45:21
Nº Rexistro: 41726
Data envio: 23/09/2022 13:45:21.385

grupo parlamentario popular de galicia

María Sol Díaz Mouteira na data 23/09/2022 13:40:53

Freire Vázquez, María Begoña na data 23/09/2022 13:41:09

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/09/2022 13:41:23

María Belén Salido Maroño na data 23/09/2022 13:41:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41731
Data envio: 23/09/2022 14:38:54.032

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Unha nova intención das institucións comunitarias pon en risco a viabilidade da frota palangreira de superficie galega.

E esta nova ameaza parte da proposta de Panamá de incluír a quenlla, tamén coñecida como tintorera, no apéndice II CITES (Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres). Neste apéndice II recóllense as especies que non están necesariamente ameazadas de extinción pero que poderían chegar a estalo, a menos que se controle estritamente o seu comercio. A inclusión neste apéndice obriga, entre outros, a esixir un certificado CITES para a súa comercialización, con todos os problemas e cargas burocráticas que isto acarrearía, como estivemos a ver nos últimos anos co marraxo dientuso.

Esta proposta de Panamá non conta co apoio da comunidade científica. En xullo os expertos do Comité de Pesca da FAO deixaban patentes os seus reparos á iniciativa de Panamá pola falta de sustento científico. Tamén CIAT di non a incluír a tintorera no apéndice II CITES.

O Goberno de España, sector e comunidade científica non comparten os argumentos dados por Panamá para a súa inclusión no apéndice de CITES.

Pero a pesar de todo ese rexeitamento o certo é que o pasado 8 de setembro na Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo aprobouse a proposta que ten como finalidade a inclusión na lista CITES da quenlla (58 votos a favor, 6 abstencións e 1 en contra). Entre os votos a favor están os dos grupos do Partido Popular Europeo, por moito que estes días o eurodeputado galego do PP estea a dicir que eles votaron no sentido de rexeitar esa proposta de inclusión.

Aínda queda unha oportunidade para que esta ameaza non se leve adiante, e esta terá lugar no debate e votación no pleno do Parlamento Europeo. A frota galega de palangre de superficie xógase a súa viabilidade con esta decisión, xa que non podemos pasar por alto que Galicia é a primeira potencia en europea en captura de quenlla, e que ademais realizan esta actividade dun xeito sostible co medioambiente.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41731
Data envio: 23/09/2022 14:38:54.032

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas ten realizado a Xunta de Galicia para reverter a posibilidade da inclusión da quenlla no apéndice II CITES?

2ª) Dirixiuse o Goberno galego aos grupos políticos do Parlamento europeo para que voten en contra da proposta de inclusión da quenlla no apéndice II CITES? de non ser así, cal é o motivo?

3ª) Coñece a Xunta de Galicia o resultado da votación da Comisión de Medioambiente do Parlamento de Europa do pasado 8 de setembro relativo á inclusión da quenlla no listado CITES?

4ª) Sabe a Xunta de Galicia o sentido do voto do Partido Popular Europeo nesa votación?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/09/2022 13:15:34

Julio Torrado Quintela na data 23/09/2022 13:15:48

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:43:59
Nº Rexistro: 41753
Data envio: 26/09/2022 09:43:59.306

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas brigadas municipais de loita contra os incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego mantivo ao longo dos anos unha postura estábel no relativo ao sistema organizativo que ten que manter de xeito idóneo o Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Nese sentido temos defendido que o SPDIF ten que ser un servizo estábel, profesionalizado, activo os 365 días do ano e de mando único. Facémolo coa convicción de que sobre esa forma de estruturar un servizo tan importante para o conxunto da cidadanía é sobre a que se pode artellar un sistema eficiente e con garantía de servizo mais tamén con garantías para a seguridade e calidade laboral dos traballadores e traballadoras.

Nesta liña o BNG ten defendido, entre outras moitas medidas, en múltiples ocasións a desaparición das Brigadas Municipais en tanto que tales e a ampliación do servizo propio da Consellaría de Medio Rural nun volume axeitado para atender ao territorio. O obxectivo final é contar cun servizo profesionalizado e eficiente tanto en labores de extinción dos lumes convectivos de 6ª xeración aos que nos enfrontamos como para a realización con garantías e prontitude das labores de prevención que neste momento son inherentes ás brigadas municipais e que se financian en boa medida a

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:43:59
Nº Rexistro: 41753
Data envio: 26/09/2022 09:43:59.306

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galiza.

O PLADIGA recolle no seu plan de medios unha previsión de que as brigadas municipais se incorporen ao Servizo en Período de Alto Risco; isto é, desde o 1 de xullo até o 30 de setembro. Faino así no que resulta unha neglixencia continuada por parte do Goberno Galego que prevé incorporar a traballadoras e traballadores que teñen por labor principal a prevención na época do ano na que non se pode realizar esa prevención por motivos obvios.

Entre as reticencias e problemas que presentan este tipo de brigadas atópanse cuestións fundamentais como a súa evidente precarización (con contratos de 3 meses e salarios moi por debaixo do resto de persoal do servizo), escasa formación, tardía incorporación ao servizo en base ás supostas funcións que deben cubrir e distribución no territorio en base a criterios que pouco ou nada teñen a ver cos risco de incendios específico en cada parte do territorio.

Así e todo o PLADIGA 2022 prevé no seu cadro persoal que no período de alto risco (isto é, entre xullo e agosto) o SPDIF contase cun total de 1.298 traballadoras e traballadores incorporados dentro dos convenios coas entidades locais para servizo motobomba e brigadas contra incendios. Representarían, polo tanto, o 24,06% do total do persoal previsto no PLADIGA para o Servizo dentro dese período de alto risco (que ascendería a un total de 5.394 incluíndo a traballadores da Xunta, Estado, GES, Parques Comarcais, BRIF e brigadas helitransportadas privadas).

Esa situación “ideal” que para o Partido Popular prevé o PLADIGA na que as brigadas se incorporarían en xullo viuse seriamente comprometida na campaña deste ano cando moitos concellos non tiveron capacidade para incorporar esas brigadas até

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:43:59
Nº Rexistro: 41753
Data envio: 26/09/2022 09:43:59.306

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mediados do mes de agosto, cando xa debían levar mes e medio incorporadas ao servizo.

Engadido a isto, cabe remarcar que na Comisión 7ª de Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes celebrada no 23 de setembro de 2022, o director xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais afirmou que "o mellor período para as brigadas municipais é o comprendido entre os meses de agosto e outubro", xa que é aí cando tradicionalmente se multiplican as labores de extinción. Ao tempo, afirmou que todos os convenios estaban asinados a finais de xuño e que "a data límite para a súa constitución era o 15 de agosto"e que, en todo caso "é responsabilidade dos concellos o momento efectivo da súa constitución".

En Galiza temos neste momento, polo tanto, un sistema atomizado con múltiples organismos que se adican á prevención e extinción. Isto resta notabelmente, ao noso entender, eficacia na actuación ante os lumes forestais e moito máis coa nova tipoloxía de incendios á que nos enfrontamos na actualidade xa que se comportan de maneira completamente diferente á afrontada até o día de hoxe.

A atomización e heteroxeneidade do Servizo de Extinción de Incendios, baixo a responsabilidade da Xunta de Galiza, coa continua perda de peso neste do SPDIF afecta gravemente a eficacia deste. Demasiados chiringuitos pagados con cartos públicos e cunha formación escasa. A eficacia diminúe por dous factores, por atomización do dispositivo, (estase metendo no monte xente pouco preparada) e porque os dispositivos non están sendo adaptados ó novo tipo de lumes. Isto non se pode deixar á improvisación. Todo dispositivo que traballe nunha emerxencia debe ter esa formación: brigadas municipais, Seaga, persoal privado contratado...

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:43:59
Nº Rexistro: 41753
Data envio: 26/09/2022 09:43:59.306

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha brigada municipal ten a calidade operativa do salario que cobra e do tempo de contrato que ten. A realidade é que non existe ningún protocolo conxunto en canto a preparación e formación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- A que se deberon os retrasos na remisión aos Concellos dos "Convenios de Prevención e Defensa con entidades locais"?

- Como influíu ese retraso na tramitación na incorporación tardía das brigadas municipais na campaña contra incendios de 2022?

- Que incidencia tivo o feito de que esas brigadas non estivesen incorporadas na loita contra os incendios declarados após a tormenta seca do xoves 14 de xullo que derivou, entre outros moitos, na declaración dos incendios forestais máis grandes da historia do noso país?

- Está ben ponderada a relevancia das brigadas municipais nun dispositivo que ten que enfrontar lumes convectivos de 6ª xeración?

- É o plan de formación desas brigadas municipais suficiente para afrontar con garantías de seguridade e eficiencia a loita contra os novos incendios forestais?

- Teñen sentido as brigadas municipais dentro dun sistema profesionalizado de loita contra os incendios forestais? Na realización de que funcións?

- Van proceder á eliminación desas brigadas municipais e á súa substitución por profesionais propios da Consellería con contratos anuais e non precarizados?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:43:59
Nº Rexistro: 41753
Data envio: 26/09/2022 09:43:59.306

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que responsabilidade van asumir do feito de que o 24,06% do total do persoal previsto no PLADIGA 2022 non estivese incorporado o servizo mentres se desenvolvían os incendios forestais máis grandes da historia de Galiza?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 26/09/2022 09:39:12

María del Carmen Aira Díaz na data 26/09/2022 09:39:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/09/2022 09:39:25

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:47:35
Nº Rexistro: 41761
Data envio: 26/09/2022 09:47:35.427

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A economía galega ten amosado nos 13 anos de gobernos de Feijóo na Xunta de Galicia grandes dificultades para xerar emprego. Á vista está o dato de que, nun periodo no que en España aumentou nun millón de persoas a poboación ocupada, en Galicia perdéronse 60.000 efectivos. E a inercia mantida polo goberno galego tralo cambio de presidente non permite augurar cambios neste sentido.

Con estas dificultades para cambiar a base produtiva e xerar emprego, incrementadas polas consecuencias dunha inflación que é superior en Galicia que na media de España e o impacto da guerra en Ucraína, chama a atención a resistencia do goberno da Xunta a exercer todas as competencias que lle dá o marco estatutario para apoiar ás empresas e contribuír ao seu desenvolvemento.

O impulso dende o sector público ten que servir para axudar ao tecido produtivo a xerar emprego, investir e innovar para medrar, polo que a Xunta de Galicia ten que adoptar medidas que favorezan ás empresas da nosa comunidade, tanto ás que teñen xa historia propia como a aquelas que vaian aparecendo.

Nun contexto no que o Instituto Galego de Estatística pon en evidencia tendencias galegas que deben preocupar en relación ao número de empresas disoltas e creadas en Galicia, é importante que o goberno da Xunta apoie ao tecido produtivo, ás pemes e ás persoas autónomas, e poña a disposición dos mesmos de forma efectiva os programas anunciados. Pensemos que a creación de empresas caeu un 33 por cento en Galicia, o dobre que en España. De feito, Galicia é a comunidade na que máis cae a constitución de novas empresas en toda España. Se en xullo de 2022 en Galicia se crearon 223 novas empresas, en xullo de 2021 nacían 331, cunha diferencia de 108 no número de novas empresas que se abrían no mesmo mes.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 09:47:35
Nº Rexistro: 41761
Data envio: 26/09/2022 09:47:35.427

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cal é o grao de execución do programa 741A, de Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/09/2022 09:42:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/09/2022 09:42:19

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 10:49:09
Nº Rexistro: 41763
Data envio: 26/09/2022 10:49:09.794

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª

Segundo se desprende do informe do Consello de Contas publicado en xullo deste ano sobre o proxecto Life Rexenera Limia, a CHMS, Xunta de Galicia e a deputación de Ourense deixaron sen gastar o 40 % dos fondos deste proxecto que se iniciou en 2014 e tiña un orzamento total de algo máis de dous millóns de euros, un gasto subvencionable de 1,7 millóns e unha taxa de cofinanciamento do 50 % con fondos europeos, polo que a UE aportaría un euro por cada euro gastado por España.

O obxectivo do proxecto Life Rexenera Limia era implementar proxectos innovadores de rexeneración dos sistemas fluviais degradados na Comarca da Limia, pola intensa actividade agrícola e gandeira. Tratábase, por tanto de recuperar e rexenerar os sistemas hídricos dos que forman parte os cursos de auga que desaugan no río Limia, que á súa vez verte as súas augas no encoro das Conchas.

Por outra banda, a documentación sobre o Proxecto de mellora da calidade das augas e recuperación do entorno do encoro das Conchas desenvolto pola CHMS entre os anos 2014 e 2015, dotado con 1.015.631 euros e financiado nun 80 % con fondos FEDER, amosa que a maioría deses fondos gastáronse en construír piscinas e reconstruír termas no concello de Bande.

Os obxectivos dese programa eran, por esta orde, mellorar a calidade das augas do encoro, compensar a falta de baño (prohibido en moitas épocas do ano] con outras zonas adaptadas a ese uso, promover actividades lúdicas, culturais e de saúde nese entorno fluvial, e promover a seguridade e a accesibilidade da ribeira, pero na práctica, o primeiro obxectivo case non recibiu fondos porque practicamente a totalidade do orzamento -921.183 euros máis 193.449 euros de IVA dedicouse fundamentalmente a construír unha instalación de dúas piscinas e o reacondicionamiento como piscinas das termas romanas de Porto Quintela, en ambos casos en Bande, mentres que para a recuperación ambiental das augas do encoro só se gastaron 30.200 euros.

O encoro leva décadas acumulando a contaminación por fósforo e nitratos dos xurros, fertilizantes e residuos das explotacións gandeiras industriais existentes na comarca, que ten a maior densidade de granxas de porcos e polos de Galicia,

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 10:49:09
Nº Rexistro: 41763
Data envio: 26/09/2022 10:49:09.794

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

contaminación que produce unha proliferación de cianobacterias que, sumada á falla de osíxeno das augas, desembocou este verán o envelenamento das augas con ácido sulfídrico pola descomposición das cianobacterias que se atopan no fondo e apenas reciben luz.

Dase a circunstancia de que o Goberno do Estado aprobou a comezos deste ano o Real decreto sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, que de acordo coa normativa europea e estatal obriga ás CC.AA a declarar zonas vulnerables por este tipo de contaminación, como é obviamente o caso da comarca da Limia e do encoro das Conchas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno de Galicia que a maioría dos fondos europeos que en teoría deberían ter por finalidade rexenerar o embalse das Conchas se gastasen en construír piscinas en Bande?

2ª) Como valora o Goberno de Galicia que o 40% dos fondos do proxecto Life Rexenera Limia quedasen sen executar?

3ª) Ten previsto o Goberno de Galicia adoptar medidas para evitar a grave contaminación da comarca da Limia e do encoro das Conchas?

4ª) Ten previsto o Goberno de Galicia adoptar medidas para garantir o cumprimento dos parámetros e obxectivos da Directiva 91/676/CEE, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos de orixe agrícola e da Directiva marco de augas da UE?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 23/09/2022 13:55:32

Paloma Castro Rey na data 23/09/2022 13:55:47

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 13:26:20
Nº Rexistro: 41798
Data envio: 26/09/2022 13:26:20.626

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 15 de setembro de 2022 saíu publicado o listado provisional de traslados do SERGAS, nesa publicación puidemos comprobar que a unha das facultativas do Centro de Saúde de Escairón se lle concede traslado para outro centro de saúde mentres para o Centro de Saúde de Escairón non ten pedido ninguén.

Aínda que estas listaxes son provisionais temos constatado que é moi raro que as listaxes definitivas sufran variacións, polo que podemos contar con que efectivamente o mencionado centro de saúde vai quedar sen un persoal facultativo estable.

O Concello do Saviñao ten unha poboación de pouco máis de 3500 habitantes e 200 km2. Conta neste momento con 3 médicas, 3 enfermeiras, 2 psx na capitalidade e 1 médica e 1 enfermeira máis no consultorio de Currelos. Este persoal xustifícase polas dimensións , a orografía e a media de idade da poboación do Concello.

Dado o exemplo que temos en zonas veciñas pensamos que é probable que a escaseza de persoal facultativo se use como xustificación perfecta para deixar esta praza por cubrir ou para cubrila de forma ocasional o que entendemos que sería extremadamente prexudicial para manter a calidade asistencial.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 13:26:20
Nº Rexistro: 41798
Data envio: 26/09/2022 13:26:20.626

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o punto de vista laboral será tamén problemático porque incrementará as cargas para o persoal facultativo que quede.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Teñen feito algún traballo para darlle estabilidade á cobertura da ausencia desta profesional médica para que non se vexa afectada a calidade asistencial e as condicións laboral do persoal que queda?

Pensan levar adiante algunha iniciativa para a cobertura estable das prazas de facultativas nos concellos do sul da provincia de Lugo, dado que en moitos deles danse as mesmas situacións das que falamos na exposición de motivos?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 13:26:20
Nº Rexistro: 41798
Data envio: 26/09/2022 13:26:20.626

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 26/09/2022 13:22:19

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2022 13:22:23

Iria Carreira Pazos na data 26/09/2022 13:22:33

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 17:07:20
Nº Rexistro: 41821
Data envio: 26/09/2022 17:07:20.972

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de dotar de profesorado especialista en PT e AL o CPI Cruz do Sar (Bergondo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CPI Cruz do Sar (Bergondo), onde están escolarizados máis de 350 alumnos e alumnas, comezou o presente curso 2022-2023 con dous docentes menos que no curso 2021-2022, un mestre de Educación Primaria e un de Pedagoxía Terapéutica.

Deste xeito, no actual curso a atención ás NEAE é afrontada cunha única especialista en Pedagoxía Terapéutica e ningunha de Audición e Linguaxe, ao non figurar esta no catálogo do centro e estar condicionada a unha presenza ocasional e discontinua, o que prexudica o coidado e seguimento deste alumnado.

Os informes do Departamento de Orientación deste centro educativo ratificaban, xa a finais do curso pasado, para o presente curso o acrecentamento de alumnado con necesidades significativas, polo que considerou imprescindible solicitar, ademais dunha mestra de AL, unha segunda mestra de PT.

A resposta da Consellería desatendeu as demandas xustificadas do centro e resolveu conceder unha soa mestra co perfil de AL afín con PT.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 17:07:20
Nº Rexistro: 41821
Data envio: 26/09/2022 17:07:20.972

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consecuentemente, o CPI Cruz do Sar non pode dar cumprimento ao Plan Xeral de Atención á Diversidade, o que obriga a priorizar unha parte do alumnado con NEAE e deixar desatendido outro.

Todo o alumnado NEAE vai recibir menos sesións de apoio por parte das mestras de PT e AL e até 19 alumnos quedan sen ningunha atención, fallando, deste xeito, ao principio básico garantista dunha escolarización verdadeiramente inclusiva.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Coñecía o goberno as necesidades educativas do CPI Cruz do Sar desde finais do curso pasado?

- Que demandas recollían os informes do equipo directivo e mais do Departamento de Orientación do centro?

- É consciente o goberno do incremento do alumnado con necesidades educativas no CPI Cruz do Sar para este curso 2022-2023?

- Por que a Consellería de Educación denegou a solicitude do centro dun especialista en Pedagoxía Terapéutica?

- Por que recorta, asemade, a xornada do profesional de Audición e Linguaxe nunha alta porcentaxe de horas e prescinde dun Mestre de Primaria?

- Valoran na Consellería a posibilidade de crear unha Aula Específica de Educación Especial?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 17:07:20
Nº Rexistro: 41821
Data envio: 26/09/2022 17:07:20.972

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Acredita o goberno do PP en que se está a garantir o dereito a educación inclusiva para todo o alumnado?

- Pensa corrixir en breve este abandono ao que somete a Consellería unha parte do alumnado que maior atención educativa precisa e rectificar repoñendo as profesionais requiridas?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/09/2022 16:55:51

Daniel Castro García na data 26/09/2022 16:57:30

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/09/2022 16:57:44

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:04
Nº Rexistro: 41836
Data envio: 26/09/2022 18:14:04.061

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Mecedes Queixas Zas**, **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás medidas a tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo a finais deste mes de setembro vai celebrarse na Illa da Toxa, no concello de O Grove o "IV Foro La Toja". Un evento no que participa o máis granado da oligarquía: entre outros o presidente da Xunta de Galiza, o presidente do Goberno español, ex-presidentes do Goberno español, como Felipe González e Mariano Rajoy e representantes do mundo da empresa ou das finanzas.

Baixo a beatífica imaxe dun "foro de debate intelectual e académico para fomentar o intercambio de ideas e experiencias" o que agocha é a intención de deseñar e decidir o noso futuro, fóra das institucións democráticas.

Durante tres días reúnense representantes da elite política, económica e intelectual, banqueiros, xefes de goberno presentes e pasados, afinando as súas estratexias de dominación e explotación da maioría ao servizo do poder dominante que representan.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:04
Nº Rexistro: 41836
Data envio: 26/09/2022 18:14:04.061

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Poder responsábel do proceso acelerado da degradación das condicións de vida da maioría da poboación, empobrecemento e precariedade da clase traballadora e desmantelamento dos servizos públicos.

Queremos denunciar o apoio da Xunta de Galiza e do Goberno español a un Foro creado para promover e divulgar a ideoloxía neoliberal en materia de doutrina económica, social e política internacional; para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo, e anular o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.

O que tería que facer o Presidente da Xunta é deixar de estar abrazado ao gran capital e reclamar nese Foro o fin do roubo xeralizado ao que están sometendo á poboación, do espolio enerxético aos que nos están sometendo @s galeg@s e rematar co deterioro dos servizos públicos, na vez de apoiar eses comportamentos empresariais compartindo mesa con eles.

Este foro ao denominarse "Foro La Toja" incumpre co seu nome a lexislación que recoñece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. "Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega", así como que "estas denominacións son as legais a todos os efectos".

Representa un exercicio de ostentación e de desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto d@s galeg@s, unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua que non se pode consentir.

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:04
Nº Rexistro: 41836
Data envio: 26/09/2022 18:14:04.061

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promoción da nosa lingua participen e apoien economicamente eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Temos que sumar que a Xunta, en resolución do 13 de agosto de 2021, declara como de "interese galego" a "Fundación La Toja", constituída en Barcelona, sen que teña feito nada para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, a pesares de que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Polas razóns expostas, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Cales son as razóns do evidente apoio político e institucional por parte da Xunta de Galiza a un Foro que responde ás premisas ideolóxicas e lingüísticas tan marcadas ?

Que accións ten realizado a Xunta de Galiza para impedir que por cuarto ano un foro no que participa deturpe o uso legal do topónimo A Toxa?

Que accións ten realizado ou vai realizar a Xunta de Galiza para esixir o uso legal do topónimo A Toxa?

Presta a Xunta de Galiza algún apoio económico a este foro? Si é positiva a resposta cal é a contía e en concepto de que?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:04
Nº Rexistro: 41836
Data envio: 26/09/2022 18:14:04.061

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non considera que é obriga do Goberno galego velar, como mínimo, polo cumprimento da lexislación que protexe a lingua e a toponimia galega?

Coida que o Presidente da Xunta pode asistir a un evento onde non se respecta o topónimo de A Toxa e non esixir que se rectifique?

Que xestións ten realizado a Xunta de Galiza para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, toda vez que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ?

Ten previsto o Presidente da Xunta reclamar nese Foro medidas para que non sexa de novo a clase traballadora a que pague a crise? ou pola contra volverá adular os comportamentos empresariais que afondan na mesma, concibíndoos como modelo económico a promover?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2022 18:14:04
Nº Rexistro: 41836
Data envio: 26/09/2022 18:14:04.061

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/09/2022 18:07:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/09/2022 18:07:52

Daniel Castro García na data 26/09/2022 18:07:59

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2022 18:08:08

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41846
Data envio: 26/09/2022 18:38:27.308

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A evolución urbanística do concello de Noia durante os anos 80 e 90 e a necesidade de mellora da dotación de instalacións públicas deportivas supuxo que, na zona de San Lázaro, se levara a cabo un recheo e posterior construción sobre zonas húmidas.

Así, aproveitáronse os espazos gañados ao humidal para a construción do estadio municipal que na actualidade continúa a empregarse para a actividade deportiva de varios clubes locais.

Preto do estadio municipal atópase un paseo fluvial que cada vez ten máis afluencia de persoas, un feito que se suma aos centenares que fan uso das instalacións deportivas. E tamén nesta mesma zona é onde se pretende construír o futuro centro de saúde de Noia, que dará servizo a máis de 30.000 persoas en toda a comarca.

No entanto, malia ao seu cada vez maior uso e ao seu gran potencial, a contorna do estadio municipal está nun estado total de abandono, especialmente o vello campo de entrenamento de terra, agora xa en desuso, que se atopa completamente degradado.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41846
Data envio: 26/09/2022 18:38:27.308

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A recuperación e posta en valor da zona húmida de San Lázaro require de distintas actuacións que deberan ter un enfoque integral e que permitiran o aproveitamento do terreo e a mellora das infraestruturas, á par da rexeneración do humidal, tanto ambiental como paisaxisticamente.

O feito da instalación do futuro centro de saúde neste espazo fai necesaria tamén a ubicación dun heliporto na zona que, na práctica, xa está a ser empregada como heliporto de emerxencia, polo que tamén habería que ter en conta a adaptación do terreo a esta necesidade e establecer un heliporto sostíbel, realizado con técnicas que teñan unha mínima repercusión na contorna.

Así mesmo, a rexeneración do espazo debería favorecer a accesibilidade, tanto ao centro de saúde a construír como ao estadio municipal.

Por outra banda, o bombeo de saneamento de augas denominado "Estadio" por ubicarse nese lugar, é un dos máis problemáticos do concello, tal e como recolle o Plan Director de Saneamento de Noia, que recoñece que "no bombeo de Estadio os colectores de entrada atópanse permanentemente en carga, con moito lixo e sólidos grosos, que causan atascos nas bombas e impiden o seu funcionamento". Por esta razón, continúa o documento elaborado pola Xunta de Galiza, "vértense directamente as augas residuais que chegan a este bombeo polo seu aliviadoiro sobre o Rego de Tállara".

É evidente, pois, que unha actuación integral non podería obviar dar solución aos serios problemas de saneamento de augas na zona.

En calquera caso, faise imprescindíbel actuar na contorna do estadio municipal de San Lázaro para atallar o estado actual de degradación. Tanto o actual paseo fluvial, o campo de fútbol en desuso, como o resto do terreo gañado

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41846
Data envio: 26/09/2022 18:38:27.308

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

á zona húmida deberan ser obxecto dunha rexeneración ambiental e paisaxística que combinase, á súa vez, con aqueles usos deportivos e de ocio que sexan respetuosos coa contorna.

Neste sentido cómpre subliñar o establecido na Estratexia 2030 da UE sobre a biodiversidade, que recolle a obriga de mellora dos hábitats e especies en peor estado de conservación, entre os que se inclúen os humidais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do actual estado do humidal de San Lázaro, no concello de Noia, e da súa contorna?

. Considera que é necesario levar a cabo unha intervención urxente no mesmo para reverter a súa degradación?

. Está disposta a incluír unha partida orzamentaria no 2023 para facer un estudo e un proxecto de actuacións para levar a cabo a rexeneración integral do humidal e da súa contorna?

. De non ser así, que medidas vai poñer en marcha para deter a degradación da zona, con que orzamento e en que período temporal?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41846
Data envio: 26/09/2022 18:38:27.308

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/09/2022 18:37:56

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2022 18:37:59

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 41854
Data envio: 27/09/2022 10:00:00.312

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vindeira reunión da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES), terá lugar no mes de novembro en Panamá, país que, precisamente, lidera a inclusión da quenlla dentro da listaxe de especies do Apéndice II de CITES.

A proposta fundaméntase en restrinxir a comercialización de tiburón azul porque "existe un parecido visual con outras especies de tiburóns que están protexidas", sen ter en conta que a captura da quenlla está hoxe xa regulada para protexer a súa explotación sostíbel.

A UE, que está obrigada pola propia PPC a tomar decisións apoiadas en informes científicos, en avaliacións do impacto socioeconómico e con consulta ás partes interesadas, xa se manifestou favorábel á proposta de Panamá a través do Consello e, máis recentemente, da Comisión de Medio Ambiente da Eurocámara, malia a ser un país apercibido dúas veces pola propia UE por prácticas de pesca ilegal.

Aínda que a posición do Estado español foi contraria, tamén e certo que foi quen propuxo no ano 2020 límites precautorios de capturas (TAC) no Atlántico pese a que os

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 41854
Data envio: 27/09/2022 10:00:00.312

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

stocks, segundo os informes e avaliacións científicas realizadas, non indicaban sobrepesca. Moi ao contrario, aínda hoxe indican que a quenlla é unha especie moi abundante tanto no Atlántico, como no Índico, como no Pacífico.

E así o corroborou, no mes de xullo, o panel de expertos do Comité de Pesca da FAO para a avaliación das propostas de emendas dos Apéndices I e II de CITES sobre especies acuáticas explotadas comercialmente que, no seu informe preliminar, concluíu que a especie "xa está suxeita a múltiples medidas de xestión en diferentes OROP" e que a posíbel inclusión da quenlla "pode producir un impacto socioeconómico global que debería, cando menos, ser considerado na proposta".

Só o impacto que tería para os intereses pesqueiros de Galiza, que representa o 90% da produción europea, e para os espadeiros galegos, para os que a quenlla supón entre o 60 e o 70% do volume de capturas, sería demoledor.

O Apéndice II de CITES non inclúe as especies en perigo de extinción, se non as que se considera que o seu comercio debe ser controlado para garantir a súa supervivencia, o que, na práctica, provoca importantes dificultades administrativas e de comercialización, situación xa vivida a partir do 2019 polo sector co marraxo dientuso e da que aínda arrastra perdas e outras consecuencias debido, fundamentalmente, á descordinación e á deficiente xestión do Goberno español.

De novo, pois, a preocupación, a incertidume e a inquietude esténdese sobre unha frota, a de palangre de superficie, que vén realizando dende hai anos un enorme esforzo a prol dunha explotación sostíbel e ten posto en marcha programas como o FIP Blues (Proxecto de Mellora da Pesquería do peixe espada e a quenlla) que xa é unha referencia en compromiso coa sostibilidade.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 41854
Data envio: 27/09/2022 10:00:00.312

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis unha vez, unha frota que conta con máis de 120 buques e arredor de 900 tripulantes, que cumpre cun amplo marco normativo, sometida a estritos controis e que colabora coa comunidade científica dende hai máis de 40 anos, non pode verse exposta a decisións que non contan con evidencias científicas e que obvian os criterios de equilibrio que debe existir entre unha pesquería sostíbel e as repercusións socioeconómicas da limitación da mesma.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a posibilidade da inclusión da quenlla no Apéndice II de CITES?

. Ten levado, ou vai levar a cabo algunha actuación para evitala e impedir a afectación desa decisión á frota galega de palangre de superficie? De ser así, cales concretamente?

. Vai esixir ao Goberno español que defenda a nosa frota diante da UE e que reclame o cumprimento do establecido na PPC respecto dos informes, avaliacións e consultas que debe levar a cabo?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:00:00
Nº Rexistro: 41854
Data envio: 27/09/2022 10:00:00.312

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/09/2022 09:55:14

María do Carme González Iglesias na data 27/09/2022 09:55:18

Daniel Castro García na data 27/09/2022 09:55:27

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:09:27
Nº Rexistro: 41862
Data envio: 27/09/2022 10:09:27.430

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A Avogacía do Estado presentou ante os xulgados de Madrid unha demanda contra os herdeiros de Franco reclamando a propiedade do Estado sobre unha gran parte dos bens mobles que se atopan dentro do Pazo de Meirás, grazas a que a execución provisional da sentenza do Xulgado de 1ª Instancia da Coruña permitiu coñecer os bens, os seus orixes, características, condicións e inventarialos.

Un total de 564 bens mobles, documentos e cartafoles que se poden agrupar en tres categorías:

1) bens de Patrimonio Nacional;
2) bens de Patrimonio Documental Español;
3) bens que son de dominio público pola súa afectación ao uso do Pazo de Meirás como residencia oficial do Xefe do Estado e que, ademais, forman parte do Patrimonio Histórico Español polo seu interese histórico e tamén artístico, vinculado, por unha parte, á figura da escritora Dª Emilia Pardo Bazán, e por outra, á actividade oficial desenvolvida durante a ditadura franquista.

Na demanda inclúese unha petición como medida cautelar de permanencia dos bens dentro do Pazo de Meirás, e en depósito da Administración, ata que o xulgado decida sobre a súa propiedade.

Dende o Grupo Socialista defendemos que esta reclamación é esencial para garantir a conservación e protección de todos estes bens, así como a integridade dos intereses históricos e artísticos vinculados a eles, e entendemos que ao atoparse o Pazo en Galicia o Goberno da Xunta ten que implicarse nesta recuperación e personarse nesta causa xudicial como fixo no seu día coa demanda que reclamaba a propiedade do Pazo de Meirás.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Ten previsto o Goberno galego personarse como coadyuvante, nesta nova demanda de reclamación dos bens mobles sitos no Pazo de Meirás contra os herdeiros de Franco?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:09:27
Nº Rexistro: 41862
Data envio: 27/09/2022 10:09:27.430

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 10:02:24

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 10:02:48

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:14:32
Nº Rexistro: 41864
Data envio: 27/09/2022 10:14:32.176

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente veñen de cumprirse dous meses da parada da actividade de ENCE debido á situación de prealerta no río Lérez e á escaseza de auga na presa de Bora. A fábrica de Lourizán ten un consumo de auga moi elevado, uns 12 millóns de m3/ano, que capta no cauce do río Lérez en Bora.

Tendo en conta que a presa do río é a principal fonte de abastecemento de auga aos concellos da ría considerando que o actual contexto de seca non é unha situación conxuntural, cómpre avaliar o actual emprazamento da fábrica, as súas necesidades de consumo de auga e a compatibilidade co abastecemento de auga á poboación.

A administración autonómica debe facer unha avaliación exhaustiva das necesidades de consumo de auga das grandes instalacións industriais, e analizar os escenarios presentes e futuros que se derivan do actual contexto de seca e de escaseza de auga. Un dos aspectos importantes a ter en conta é a análise da compatibilidade entre as necesidades de consumo de auga da gran industria e as necesidades de consumo da poboación. No caso de ENCE parece clara a incompatibilidade, constituíndo un factor máis para a procura de alternativas de ubicación deste complexo industrial que está situado no dominio público marítimo terrestre.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:14:32
Nº Rexistro: 41864
Data envio: 27/09/2022 10:14:32.176

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Realizou a Xunta algún estudio territorial sobre as necesidades de consumo de auga das grandes instalacións industriais e a incidencia do actual contexto de seca?

. Que escenarios e medidas contempla o goberno galego para garantir o abastecemento de auga nas zonas máis afectadas pola seca?

. Realizou a Xunta algún estudo sobre a incidencia do consumo de auga da fábrica de ENCE en Lourizán nas necesidades de abastecemento de auga á poboación?

. Considera o goberno galego compatíbel o consumo de auga de ENCE coa garantía de abastecemento á poboación no actual contexto de seca e nos escenarios futuros de escaseza de auga?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2022 10:10:15

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:14:32
Nº Rexistro: 41864
Data envio: 27/09/2022 10:14:32.176

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2022 10:10:24

Alexandra Fernández Gómez na data 27/09/2022 10:10:48

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:25:37
Nº Rexistro: 41872
Data envio: 27/09/2022 10:25:37.495

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

As dificultades para cubrir os postos de traballo so sector das TIC é unha queixa constante das empresas tecnolóxicas da información e da comunicación na nosa comunidade autónoma. Existen, segundo os seus cálculos, 3.000 vacantes sen cubrir e a oferta de emprego non para de crecer pola imparable dixitalización da economía que acelerouse pola COVID-19 e polo histórico despregue dos fondos europeos de recuperación.

E isto, a pesar de que o Clúster TIC formou a algo máis de 2.000 persoas en competencias dixitais nun plan para mellorar o perfil profesional dos traballadores e traballadoras en activo e de persoas desempregadas, en colaboración coa Consellería de Emprego e Igualdade e financiado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional. Prevense uns 80 cursos na iniciativa que se desenvolverán ata novembro. Hai a modalidade online, outra a través da aula virtual e unha terceira mixta, combinando as dúas anteriores.

O Grupo Parlamentario Socialista pensa que a Xunta de Galicia debería elaborar unha serie de medidas para cubrir eses postos de traballo que se demandan por parte das empresas tecnolóxicas da información e da comunicación. Sería unha boa fórmula de empregabilidade para moitas persoas que están en desemprego e tamén sería unha saída profesional para moitos mozos e mozas da nosa terra.

O sector das TIC converteuse nun dos principais motores do mercado laboral autonómico. Ten algo máis de 14.200 traballadores a data de 31 de agosto, tras un incremento do 25,7 % en comparación cos datos de afiliación previos á pandemia, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE). O auxe das profesións dixitais ten moito que ver coa importante subida das bases de cotización na recadación do IRPF este ano e durante o ano 2021.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 10:25:37
Nº Rexistro: 41872
Data envio: 27/09/2022 10:25:37.495

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado o Goberno galego elaborar un plan de inserción laboral para fomentar que as persoas en desemprego podan optar ós empregos do sector TIC?

2. Vai a Xunta de Galicia a elaborar un plan para fomentar que a mocidade se forme no sector TIC e coñeza as diversas saídas profesionais deste sector, involucrando ós institutos, ás universidades e ó propio sector?

3. Ten planificado a Xunta de Galicia máis formación para persoas desempregadas no sector das TIC para o ano 2023? En caso afirmativo, cantos cursos e de que tipo?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/09/2022 10:00:06

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/09/2022 10:00:15

Noelia Otero Lago na data 26/09/2022 10:00:24

Martín Seco García na data 26/09/2022 10:00:32

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:00:29
Nº Rexistro: 41875
Data envio: 27/09/2022 12:00:29.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o apoio da Xunta á celebración do Festivalle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo, entre os días 11 e 15, celebrouse en Vilanova de Arousa o Festivalle, un festival de teatro centrado monograficamente na figura do dramaturgo e creador do esperpento Ramón María del Valle-Inclán.

Presentouse esta como unha cita inaugural, por parte dos responsábeis, nada con vocación de continuidade, dirixida por José Luis Méndez Romeu, promovida pola Asociación de Amigos de Valle-Inclán e apoiada economicamente pola Xunta de Galiza, ademais de polo INAEM.

O programa de Festivalle ofreceu, por unha banda, representacións teatrais da autoría de Valle-Inclán e, pola outra, un curso de verán centrado na vida do dramaturgo e diferentes actividades culturais coincidentes no obxectivo común de redescubrir o autor desde a súa vila natal.

O apoio da Xunta a este novo festival sorprendeu no sector das artes escénicas, ao se descoñeceren os criterios públicos que sustentan a implicación económica, cando outros festivais de artes escénicas de longa traxectoria e recoñecemento son refrendados

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:00:29
Nº Rexistro: 41875
Data envio: 27/09/2022 12:00:29.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por outras institucións públicas galegas e estatais, mentres que do propio goberno galego só reciben indiferenza e desatención.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Responde a participación económica da Xunta para co Festivalle aos principios de equidade, igualdade e transparencia?

- Que criterios sustentan a colaboración da Xunta na celebración da primeira edición do Festivalle?

- Cal é o importe do convenio que sostén a subvención nominativa concedida ao Festivalle?

- Presentouse este evento ás axudas de concorrencia competitiva da AGADIC coma o resto de festivais de Artes Escénicas de Galicia?

- Que criterios obxectivos analizaron, tanto desde a organización como desde a Xunta, o retorno do investimento deste festival que a organización cualificou de "notable impacto a nivel turístico e hostalería"?

- Existe unha situación especialmente relevante para que o Festivalle se sitúe nesta situación de privilexio fronte a outros festivais refrendados por institucións coma o Inaem ou as Deputacións que non teñen o mesmo apoio por parte da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:00:29
Nº Rexistro: 41875
Data envio: 27/09/2022 12:00:29.719

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2022 11:57:20

Daniel Castro García na data 27/09/2022 11:57:32

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2022 11:57:43

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:27:39
Nº Rexistro: 41878
Data envio: 27/09/2022 12:27:39.995

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Comisión 2ª do Parlamento de Galicia, a instancia e como resultado dunha proposición non de lei presentada polo grupo socialista con número de rexistro 15584, acordou na súa sesión de 18 de maio de 2021 instar á Xunta de Galicia "a rematar os traballos para a ampliación e revisión da Rede Natura 2000, así como avanzar na aprobación dos diferentes plans de xestión no prazo máis breve posible".

Nótese que, pola colocación das comas, o "prazo máis breve posible" que menciona a resolución da comisión segunda refírese aos instrumentos de xestión, non á ampliación da rede natura, polo que o acordo do Parlamento non contempla ningún tipo de dilación temporal para a ampliación, senón que insta a rematar sen máis. E nótese tamén que rematar eses traballos non implica rematalos sen máis, senón que implica, obviamente, proceder á ampliación.

Nove meses despois, non hai ningunha noticia nin indicio de que ese acordo se vaia cumprir, a pesar de que a Xunta xa anunciara a ampliación –que deixara ultimada o Goberno de Emilio Pérez Touriño- no ano 2011, quedando paralizada por razóns descoñecidas pero por todos sospeitadas durante unha década, a pesar de que nun anuncio no DOG de xaneiro de 2012, a propia Xunta recoñecía que a ampliación era "urxente".

Hai que ter en conta que Galicia ten a Rede Natura máis pequena entre as 17 CC.AA, con menos do 12 % da súa superficie protexida sobre o papel fronte ao 20 % da seguinte comunidade, que é o País Vasco, e ao 27 % de media estatal. Hai que ter en conta tamén que polo que sabemos da proxectada ampliación, aínda de se levar a cabo, estariamos moi lonxe da media estatal e seguiriamos á cola das CC.AA, é dicir, non se trata dunha ampliación en modo algún ambiciosa.

Por outra banda, a rede natura galega, ademais de ter, segundo a organización ecoloxista WWF, o peor plan director entre as comunidades autónomas do Estado, carece de mecanismos para compensar as restricións de uso da propiedade que se podan establecer, na práctica moi poucas na actualidade pero

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:27:39
Nº Rexistro: 41878
Data envio: 27/09/2022 12:27:39.995

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

que poden ser máis no futuro se se adopta un verdadeiro plan director, ademais de que sería recomendable dinamizar os recursos e o patrimonio natural e ambiental dos territorios que sexan xa ou sexan declarados no futuro Rede Natura, polo que sería recomendable crear un fondo de compensación a tal efecto.

Ese fondo podería nutrirse de recursos europeos, estatais, autonómicos ou incluso, no seu caso, procedentes de empresas que queiran voluntariamente contribuír dentro da súa responsabilidade social corporativa.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando vai o Goberno galego a cumprir o acordo da Comisión 2ª do 18 de maio que o obriga a rematar os traballos para a ampliación da Rede Natura e, en consecuencia, a proceder a dita ampliación?

2ª) Que porcentaxe do noso territorio quedaría incluído na Rede Natura galega cando se leve a cabo a ampliación?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 11:34:26

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 11:34:46

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:28:16
Nº Rexistro: 41879
Data envio: 27/09/2022 12:28:16.354

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas á existencia de excelentes condicións para o aproveitamento eólico no noso territorio pero tamén a un marco regulador que favoreceu ese desenvolvemento. Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo chegou a falta de aposta polo sector, unida á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que se levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, que implicaron a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018.

Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, unicamente foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha caída millonaria no investimento en Galicia e a perda da oportunidade de creación de moitos postos de traballo. No ano 2019 volveu crecer en Galicia a potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores, e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio. As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construísen uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente. O éxito da instalación desa potencia eólica no pasado é resultado dun marco regulador moi determinado, con aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero en Galicia levouse a cabo sen a participación necesaria por parte da sociedade, unha situación que naquel momento non xerou oposición social pero co tempo está a xerar conflitividade social e medioambiental, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado recentemente e as mobilizacións que existen en moitos concellos afectados.

As comunidades afectadas denuncian a falta de transparencia na información e o deficiente asesoramento que reciben da Administración autonómica, ademais de que arredor do 50 % da potencia xa instalada está en zonas da Rede Natura e moitos concellos denuncian a escasa distancia das vivendas da súa veciñanza na que están sendo instalados os ditos parques. Nun momento no que o sector está a experimentar un forte relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é de

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:28:16
Nº Rexistro: 41879
Data envio: 27/09/2022 12:28:16.354

máxima importancia non repetir os erros cometidos no pasado, establecendo para iso unha regulación que favoreza a implantación da enerxía eólica pero procure minimizar o impacto ambiental das instalacións. Especial atención debe merecer o fraccionamento de parques eólicos que constitúen unha única explotación pero se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental se faga polo Estado, unha situación que se está a producir en distintos lugares da nosa comunidade, en clara vulneración da lexislación vixente.

A enorme cantidade de proxectos eólicos en curso afecta a unha gran parte do noso territorio, incluíndo zonas con gran valor ambiental e paisaxístico, sendo necesario, ademais, considerar a forte implantación preexistente da eólica no noso territorio e os efectos ambientais de todo tipo que produce a implantación de parques eólicos (sobre as aves, sobre a fauna e flora, sobre os cumios das serras, sobre os recursos fluviais, etc).

Ademais, parte dos proxectos en curso afectan a zonas contempladas nas previsións de ampliación da Rede Natura 2000, reclamada desde hai tempo pola UE, xa proxectada polo goberno de Emilio Pérez Touriño pero que foi paralizada polos gobernos do Sr. Feijóo, e a pesar de ser anunciada en 2011 e 2017, nunca levada a cabo cando a superficie protexida en Galicia pola Rede Natura é menos da metade da media estatal.

Por outra banda, as valiosas zonas húmidas de Galicia (incluídas as turbeiras presentes en moitos dos lugares onde está previsto instalar parques eólicos) apenas están a ser contempladas nos estudos de impacto ambiental, dado que, coa excepción das cinco zonas húmidas protexidas en Galicia, nin sequera están incluídas no inventario de zonas húmidas previsto pola propia normativa autonómica desde hai máis dunha década e que nunca foi realizado, e malamente se pode protexer o que non existe oficialmente.

A todo o anterior únese o feito de que o Plan eólico de Galicia data do ano 1997, e a avaliación ambiental estratéxica non foi implantada no noso país ata o ano 2006, polo que o plan non foi avaliado estratexicamente desde o punto de vista medioambiental, o cal implica que non ten en conta os efectos acumulativos dos parques nin o impacto conxunto das instalacións, entre outras deficiencias.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan,, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como vai garantir a Xunta de Galicia que a enorme cantidade de proxectos eólicos que está previsto desenvolver na próxima década non teña un elevado

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:28:16
Nº Rexistro: 41879
Data envio: 27/09/2022 12:28:16.354

impacto ambiental sobre o noso territorio, que xa ten unha elevada presencia de parques eólicos?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que un instrumento tan importante e con tanto impacto sobre o territorio como o plan eólico de Galicia non debe ser avaliado estratexicamente desde o punto de vista ambiental?

3ª) Vai a Xunta de Galicia garantir que a implantación de novos proxectos eólicos non se faga sobre os espazos contemplados para a tanto tempo dilatada ampliación da Rede Natura 2000?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/02/2022 13:49:26

Paloma Castro Rey na data 03/02/2022 13:49:43

Martín Seco García na data 03/02/2022 13:49:54

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:28:41
Nº Rexistro: 41880
Data envio: 27/09/2022 12:28:41.526

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Galicia ten 201 especies ameazadas, 75 das cales están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerable. A Lei 42/2007, na redacción orixinal do seu artigo 56 (hoxe artigo 59), xa establecía que *"La inclusión de un taxón o población en la categoría de «en peligro de extinción» conllevará, en un plazo máximo de tres años, la adopción de un plan de recuperación, que incluya las medidas más adecuadas para el cumplimiento de los objetivos buscados y, en su caso, la designación de áreas críticas"*. Non obstante, Galicia só conta con plans de recuperación para 3 das 75 especies en perigo de extinción e ningún plan de conservación para as especies vulnerables.

Recentes informacións indican que a Xunta leva gastados 566.000 euros en estudos sobre especies ameazadas, estudos que non son públicos e non deron pé a elaborar os correspondentes plans de recuperación de especies.

Todo iso é unha mostra máis da completa desidida da Xunta en materia medioambiental e tamén do desprezo pola lexislación vixente, que no caso da estatal, incumpre flagrantemente desde hai unha década.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Por que Galicia non ten máis que 3 plans de recuperación de especies en perigo de extinción cando ten 75 especies nesa situación e a lei 42/2007 estableceu un prazo de 3 anos para a adopción dos correspondentes plans?

2ª) Ten a Xunta de Galicia previsto corrixir esta situación?

3ª) Cando vai o Goberno galego elaborar os correspondentes plans de recuperación de especies en perigo de extinción?

4ª) Cando vai o Goberno galego elaborar os correspondentes plans de conservación de especies en situación de vulnerabilidade?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:28:41
Nº Rexistro: 41880
Data envio: 27/09/2022 12:28:41.526

5ª) É certo que o Goberno galego gastou máis de medio millón de euros en estudar especies ameazadas?
6ª) En caso afirmativo, cantos estudos se fixeron, sobre que especies e por que non son públicos?

7ª) Avalía periodicamente o Goberno galego a situación de todas as especies ameazadas de Galicia tal e como determina a lexislación?

8ª) En caso afirmativo, con que periodicidade o fai?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 11:37:19

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 11:37:51

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:29:12
Nº Rexistro: 41881
Data envio: 27/09/2022 12:29:12.666

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O artigo 45.1 da Constitución establece que: "Todos tienen el derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo". Como teñen longamente establecido a doutrina e a xurisprudencia, este artigo da carta magna configura un dereito-deber e un principio reitor da política económica e social que vincula á cidadanía pero moi especialmente aos poderes públicos, e no caso de Galicia singularmente á Xunta de Galicia como titular de importantes competencias en materia medioambiental, que a modo de síntese como di a exposición de motivos do Decreto 7/2019, de 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, poden resumirse así: "a Comunidade Autónoma de Galicia exerce competencias en materia de inspección ambiental no marco do disposto nos artigos 149.1.23ª y 148.1.9ª da Constitución e no artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, dando cumprimento á súa competencia exclusiva para ditar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe e na xestión en materia de protección do medio ambiente, respectando en todo caso a lexislación básica do Estado na materia".

Recentemente, tivemos coñecementos do baleirado excesivo de determinados encoros da Confederación Hidrográfica Miño Sil. Estes embalses teñen concesións que datan da época franquista, anos 50 e 60, cando o medio ambiente non formaba parte das prioridades dunha ditadura de por si anacrónica.

O presidente da Xunta, en declaracións públicas efectuadas nos últimos días cualificou o acontecido como feitos "de enorme trascendencia ecológica que Galicia no se merece" engadindo que «no sé si es legal o no, pero es un disparate, es una irresponsabilidad manifiesta y es una falta de respeto impropia al Gobierno gallego y a los gallegos. No he visto una cosa así en los 12 años que llevo de presidente". Tamén dixo que é «un acto de irresponsabilidad francamente impropio de ningún Gobierno, y menos de uno que presume de estar a favor de la ecología. Es un acto de irresponsabilidad sin paliativos«

Resultan sorprendentes tales afirmacións por parte do presidente da Administración autonómica galega cando dentro das amplas competencias

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:29:12
Nº Rexistro: 41881
Data envio: 27/09/2022 12:29:12.666

medioambientais da Xunta de Galicia figura a protección dos ecosistemas fluviais, non só dos da demarcación Galicia-Costa, senón tamén dos da demarcación Miño-Sil que estean radicados en Galicia, con independencia de que a xestión hidráulica corresponda a CHMS. De feito, a dita protección non está configurada como opcional, senón que resulta obrigatoria para a Xunta de Galicia, que non pode elixir protexer ou non protexer, senón que ten a obriga taxativa de protexer dentro do procedemento que establece a propia normativa por ela aprobada.

En concreto, o Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais establece no seu artigo 83, baixo o título de "Esgotamento de masas de auga" establece que:

1. Excepto en circunstancias excepcionais, sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou ao baleirado, total ou parcial, dunha una masa de auga na que exista poboación ictícola que se poida ver afectada pola redución ou desaparición da masa de auga, deberá comunícalo cunha antelación mínima dun mes ao órgano competente, que deberá notificalo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes para que esta estableza as medidas que se haberán de adoptar co obxecto de protexer á citada poboación. En todo caso, deberá practicarse a dita comunicación sempre que o volume de auga baleirado sexa maior que o 80 % do volume máximo da masa de auga.

2. As medidas citadas serán fixadas polo Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, que vixiará e coordinará a súa execución, e, despois da adopción das medidas previas, autorizará a anulación ou o baleirado coas condicións que garantan a protección e conservación da fauna acuática.

3. Os gastos derivados da toma de medidas necesarias para evitar mortalidade de peixes ou riscos para a riqueza piscícola correrán por conta do concesionario, que igualmente será responsable dos danos e perdas ocasionados".

Por tanto, consonte ao apartado primeiro deste artigo, as concesionarias (neste caso Iberdrola) teñen a obriga de comunicar o descenso do nivel dos seus encoros por debaixo do 20 % á Xunta, cousa que efectivamente aconteceu, concretamente o 10 de xuño no caso do encoro de Cenza, o 12 de xullo no caso do encoro das

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:29:12
Nº Rexistro: 41881
Data envio: 27/09/2022 12:29:12.666

Portas, mediante escritos remitidos ó servizo provincial de conservación da consellería de medio ambiente en Ourense.

Por outra banda, a vixente Lei de pesca de Galicia establece no seu artigo 73.1. ah) que constitúe infracción grave "Alterar de modo apreciable el nivel de las aguas o caudal del río, cuando pudieran derivarse daños para las especies piscícolas, salvo que la actuación resultase conforme y cumpliera las exigencias de la normativa en materia de aguas".

E o artigo 83 desa mesma lei sinala en relación coas medidas provisionais asociadas o procedemento sancionador que "antes da iniciación do procedemento administrativo o órgano competente ... poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas".

Finalmente, o artigo 33.c da Lei de protección ambiental da comunidade autónoma de Galicia sinala que constitúe infracción "A explotación indebida, o abuso ou a destrución dos recursos naturais, entendendo que a mesma se produce cando se realice contravindo os termos da autorización ou das normas que a regulan". E o artigo 41 permite ao órgano ambiental (a Xunta de Galicia) a adopción de medidas cautelares incluíndo a suspensión da actividade, mentres que o artigo 29 encomenda a inspección ambiental no ámbito da Administración autonómica a unha "inspección ambiental única coordinada polo órgano da administración ambiental que regulamentariamente se determine".

Sobre a base de todo o anterior, cando a competencia medioambiental en Galicia corresponde principalmente á Xunta de Galicia, cando hai normativa autonómica que establece obrigas moi claras de control, inspección e sanción e que, ademais, permite establecer medidas cautelares á Xunta de Galicia e cando a Xunta foi informada o 10 de xuño (máis de dous meses e medio antes das declaracións do presidente da Xunta que se transcriben) e o 12 de xullo (máis de mes e medio antes das mesmas declaracións), resulta dun cinismo insoportable que o Goberno de Galicia trate de derivar a súa responsabilidade cara ao Estado cando a súa obriga xenérica de protexer o medio ambiente de Galicia está ademais concretada no caso dos encoros (de todos os encoros situados en Galicia, non só dos da demarcación Galicia Costa) dun xeito taxativo.

Máis alá do cinismo, as palabras do presidente da Xunta apuntan a unha grave irresponsabilidade por non protexer o medio tendo constancia do que acontecía, o cal podería incluso caer dentro do ámbito da prevaricación por omisión, xa que o Goberno galego sabía o que acontecía, coñecía a súa obriga legal e non fixo absolutamente nada aparte de botar balóns fóra.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:29:12
Nº Rexistro: 41881
Data envio: 27/09/2022 12:29:12.666

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Estes días enterámonos da apertura de expedientes correspondentes aos xa citados encoros de Iberdrola pero tamén aos de Belesar e Salas, por infracción da Lei de pesca e por importe máximo de 25.000 euros pero ata o día de hoxe a Xunta non actuou para establecer as medidas que deben adoptar Iberdrola e Naturgy de acordo co Regulamento de pesca fluvial pero tamén polas leis de patrimonio natural e de protección ambiental de Galicia.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Porque a Xunta de Galicia aínda non comunicou as medidas preventivas que debe comunicar ás empresas hidroeléctricas de acordo co artigo 82 do Regulamento de pesca fluvial respecto dos 4 encoros que foron obxecto de expediente sancionador?

2ª) Por que o Goberno galego ocultou que foi informado por Iberdrola en xuño e xullo do baleirado dos encoros?

3ª) Houbo algún tipo de inspección por parte do Goberno galego respecto da situación deses encoros nos últimos meses?

4ª) Vai o Goberno galego adoptar as medidas que permite a lexislación medioambiental galega para protexer os ecosistemas fluviais no caso dos 4 encoros que foron obxecto de expediente sancionador?

5ª) En caso afirmativo, que medidas se van adoptar?

6ª) Ten coñecemento a Xunta de Galicia dos danos medioambientais nos catro encoros obxecto de expediente sancionador?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 11:39:17

Martín Seco García na data 27/09/2022 11:39:34

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 11:39:49

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:29:35
Nº Rexistro: 41882
Data envio: 27/09/2022 12:29:35.509

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Os bosques, especialmente no seu estado primario, son os ecosistemas terrestres máis ricos e diversos do noso planeta. Os servizos ecosistémicos que prestan son imprescindibles e de enorme valor: fixar e estabilizar o chan (de feito crealo), constituír o maior refuxio terrestre da biodiversidade, alimentar e soster todo tipo de organismos vivos (animais, vexetais e fungos), contribuír a estabilizar un clima propicio á vida mediante a súa capacidade de atraer choiva e un longo etcétera.

Por outra banda, a FAO, no seu informe “Os bosques e o cambio climático”, considera que os bosques forman un dos maiores sumidoiros de carbono do planeta, chegando a almacenar (en función das distintas especies forestais e do seu desenvolvemento) ata 15 toneladas anuais de carbono por hectárea en forma de biomasa. Pola contra, segundo o Panel Intergubernamental do Cambio Climático (IPCC), a destrución dos bosques producida polo cambio climático libera na atmosfera uns 6.000 millóns de toneladas de CO2 cada ano.

Debe diferenciarse claramente o concepto 'bosque' do concepto 'plantación'. Como sinala o Ministerio para a Transición Ecolóxica (MITECO) no seu informe “Os bosques e a biodiversidade fronte ao cambio climático”, a repoboación con masas forestais monoespecíficas de especies alóctonas, como o eucalipto, pode incrementar a vulnerabilidade dos bosques fronte ao quentamento global, mentres que as estruturas máis biodiversas baseadas en especies autóctonas amósanse moito máis resilientes.

Hai que destacar tamén os beneficios paisaxísticos do bosque autóctono, que embelece a paisaxe especialmente pola explosión de cores que se produce nel no outono e, en menor medida, na primavera, unha calidade paisaxística da que carecen as plantacións de eucaliptos. Por non falar dos beneficios sociais, permitindo pasear por un entorno natural, recoller cogumelos, observar aves ou simplemente desconectar do estrés das nosas vidas cotiás.

De feito, un dos países cunha maior superficie forestal e tamén cunha maior tradición e cultura forestal no mundo como é Xapón recoñeceu e promoveu

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:29:35
Nº Rexistro: 41882
Data envio: 27/09/2022 12:29:35.509

oficialmente nas últimas décadas unha práctica chamada *Shinrin-Yoku*, que significa literalmente "absorber a atmosfera do bosque", trasladándose ao noso país no concepto de "baños de bosque". Trátase dunha práctica que está avalada por estudios que determinan que os baños de bosque teñen efectos físicos e psicolóxicos positivos.

Sobre a base do anterior, o bosque autóctono debe ter prioridade nas políticas públicas dun país civilizado no século XXI, en liña co dereito constitucional a un medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, porque non pode haber un medio ambiente axeitado se non hai bosque, ata o punto de que non sería esaxerado falar como correlato dese dereito ao medio ambiente dun "dereito ao bosque", do cal gran parte da cidadanía galega, a que vive na costa e particularmente nas grandes áreas urbanas costeiras, estase vendo privado pola case imposibilidade de atopar un bosque nun estado de conservación axeitado no seu entorno inmediato, paralelamente ao crecemento de plantacións descontroladas de eucalipto nitens que proliferan cada vez máis cara ao interior de Galicia.

Nun estado de dereito e nunha democracia, caracterizados polo equilibrio entre intereses e dereitos que se poden entender contrapostos pero que tan frecuentemente hai que compaxinar, o valor económico do eucalipto debe inexcusablemente ser compatibilizado co valor ambiental e social do bosque autóctono (protexido polo dereito constitucional a un medio ambiente axeitado) e iso soamente se pode facer mediante unha decidida intervención pública que hoxe non se está a producir en absoluto en Galicia. E esa intervención pública só se pode facer desde a administración competente na materia, que en Galicia é fundamentalmente a Xunta, aínda que as administracións locais poden e deben cooperar nos seus ámbitos.

A conservación do bosque autóctono mellora a nosa paisaxe, crea espazos de esparcemento e desfrute da natureza e produce un enorme beneficio ambiental e tamén social, ademais de que o bosque autóctono pode tamén servir como "bosque escola" ou escola de natureza, como xa se fai en moitos países do mundo e, en moita menor medida, tamén en España.

Non obstante, boa parte das carballeiras e das masas forestais autóctonas que aínda poden quedar en Galicia, e que segundo a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, deben ser obxecto de mantemento ou restablecemento pero nunca de deterioro, están a desaparecer progresivamente mentres o eucalipto, especie alóctona de rápido crecemento, está experimentando nas

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:29:35
Nº Rexistro: 41882
Data envio: 27/09/2022 12:29:35.509

últimas décadas unha proliferación descontrolada en Galicia, ante a completa pasividade da Xunta, que ten o deber de ordenar e racionalizar o monte, fomentar e diversificar o noso sector forestal e velar pola aplicación do dereito a un medio ambiente digno establecido polo artigo 45 da Constitución, que se debería compatibilizar co recoñecemento do valor económico do eucalipto, indubidable en Galicia, pero que tamén ten efectos ambientais en forma de redución da biodiversidade, recoñecidos por cada vez máis estudos científicos. En síntese, a única política forestal que practicaron os sucesivos gobernos populares foi a de deixar facer o que considerase cada propietario individual, de modo que o obxectivo do Plan forestal de 1992 para o ano 2032, 245.000 hectáreas de eucalipto, supera probablemente ás 500.000 segundo diversas estimacións, e crecendo rapidamente ano a ano, o cal orixina incluso desde un punto de vista económico un problema de exceso de oferta en detrimento dos prezos e dos centos de milleiros de pequenos propietarios forestais que teñen eucaliptos nos seus terreos en Galicia.

A moratoria declarada recentemente pola Xunta de Galicia permite seguir plantando eucaliptos en montes con máis do 50 % da súa superficie ocupada por esta especie, e a organización ecoloxista ADEGA denunciou recentemente que desde que se implantou a moratoria (hai menos de medio ano) foron plantados ilegalmente o equivalente a máis de 200 campos de fútbol, ademais de que o propio anuncio da moratoria motivou que durante meses se cortasen bosques autóctonos para reemprazalos por eucaliptos. E a pesar de que o Plan Director da Rede Natura e o Catálogo e as Directrices da Paisaxe establecen restricións ás plantacións de eucaliptos nos espazos naturais protexidos e nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, un estudo das universidades de Oviedo e León do ano 2020 indica que as plantacións desta especie ocupan xa máis de 5.000 hectáreas en espazos protexidos. Tamén se estima que decenas de milleiros de hectáreas de superficie agrícola está sendo ocupada por plantacións de eucaliptos, que ademais invaden tamén as ribeiras dos nosos ríos, todo o anterior en flagrante e ben visible contravención da nosa lexislación, incomprensiblemente permitida pola Xunta, que dispón de todos os medios para evitala. Unha situación á vista de calquera que teña ollos e, simplemente, faga un percorrido por calquera parte de Galicia, coa excepción de parte de Lugo e de Ourense. A irrupción do *eucaliptus nitens*, que non ten as limitacións para expandirse cara ao interior de Galicia que si ten o tradicional *eucaliptus globulus*, implica, ademais, a ruptura da fronteira natural de expansión do eucalipto, situada na Galicia interior, co cal o seu potencial de expansión e case ilimitado na nosa comunidade.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:29:35
Nº Rexistro: 41882
Data envio: 27/09/2022 12:29:35.509

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

En suma, no monte galego conflúen cultura e natureza, medio ambiente e economía. O eucalipto é un recurso económico que debe ser compatibilizado co respecto ao medio que impón o artigo 45 da Constitución, a lexislación nacional e a europea. A presenza do eucalipto debe ser compensada coa protección do noso bosque autóctono, e iso soamente se pode facer desde o ámbito público e concretamente desde a Xunta de Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

1ª) Vai o Goberno galego levar a cabo algún tipo de política real para conservar, promover e poñer en valor o noso bosque autóctono dado o seu papel como ecosistema que presta servizos valiosísimos desde o punto de vista ambiental, pero tamén social e paisaxístico?

2ª) Considera o Goberno galego que a progresiva substitución do bosque autóctono por un monocultivo de eucalipto é compatible co dereito ao medio ambiente consagrado polo artigo 45 da Constitución española?

3ª) É consciente o Goberno galego de que a progresiva desaparición do bosque autóctono galego supón un auténtico ecocidio na medida en que se trata dun ecosistema enormemente valioso e vital para a loita contra o cambio climático e a protección da nosa biodiversidade?

4ª) Por que o Goberno galego non fai cumprir as limitacións impostas pola lexislación no referido á prohibición das plantacións de eucalipto en terreo agrícola, nas ribeiras dos ríos e nos espazos protexidos?

5ª) Cantas sancións impuxo nos últimos 5 anos o Goberno galego pola plantación de eucaliptos non axustada á normativa de aplicación?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 11:40:56

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 11:41:17

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:06
Nº Rexistro: 41883
Data envio: 27/09/2022 12:30:06.525

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O artigo 45.1 da Constitución establece que: "Todos tienen el derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo". Como teñen longamente establecido a doutrina e a xurisprudencia, este artigo da carta magna configura un dereito-deber e un principio reitor da política económica e social que vincula á cidadanía pero moi especialmente aos poderes públicos, e no caso de Galicia singularmente á Xunta de Galicia como titular de importantes competencias en materia medioambiental, que a modo de síntese como di a exposición de motivos do Decreto 7/2019, de 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, poden resumirse así: "a Comunidade Autónoma de Galicia exerce competencias en materia de inspección ambiental no marco do disposto nos artigos 149.1.23ª y 148.1.9ª da Constitución e no artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, dando cumprimento á súa competencia exclusiva para ditar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe e na xestión en materia de protección do medio ambiente, respectando en todo caso a lexislación básica do Estado na materia".

Recentemente, tivemos coñecementos do baleirado excesivo de determinados encoros da Confederación Hidrográfica Miño Sil. Estes embalses teñen concesións que datan da época franquista, anos 50 e 60, cando o medio ambiente non formaba parte das prioridades dunha ditadura de por si anacrónica.

O presidente da Xunta, en declaracións públicas efectuadas nos últimos días cualificou o acontecido como feitos "de enorme trascendencia ecológica que Galicia no se merece" engadindo que «no sé si es legal o no, pero es un disparate, es una irresponsabilidad manifiesta y es una falta de respeto impropia al Gobierno gallego y a los gallegos. No he visto una cosa así en los 12 años que llevo de presidente". Tamén dixo que é «un acto de irresponsabilidad francamente impropio de ningún Gobierno, y menos de uno que presume de estar a favor de la ecología. Es un acto de irresponsabilidad sin paliativos«

Resultan sorprendentes tales afirmacións por parte do presidente da Administración autonómica galega cando dentro das amplas competencias medioambientais da Xunta de Galicia figura a protección dos ecosistemas

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:06
Nº Rexistro: 41883
Data envio: 27/09/2022 12:30:06.525

fluviais, non só dos da demarcación Galicia-Costa, senón tamén dos da demarcación Miño-Sil que estean radicados en Galicia, con independencia de que a xestión hidráulica corresponda a CHMS. De feito, a dita protección non está configurada como opcional, senón que resulta obrigatoria para a Xunta de Galicia, que non pode elixir protexer ou non protexer, senón que ten a obriga taxativa de protexer dentro do procedemento que establece a propia normativa por ela aprobada.

En concreto, o Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais establece no seu artigo 83, baixo o título de "Esgotamento de masas de auga" establece que:

1. Excepto en circunstancias excepcionais, sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou ao baleirado, total ou parcial, dunha una masa de auga na que exista poboación ictícola que se poida ver afectada pola redución ou desaparición da masa de auga, deberá comunícalo cunha antelación mínima dun mes ao órgano competente, que deberá notificalo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes para que esta estableza as medidas que se haberán de adoptar co obxecto de protexer á citada poboación. En todo caso, deberá practicarse a dita comunicación sempre que o volume de auga baleirado sexa maior que o 80 % do volume máximo da masa de auga.

2. As medidas citadas serán fixadas polo Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, que vixiará e coordinará a súa execución, e, despois da adopción das medidas previas, autorizará a anulación ou o baleirado coas condicións que garantan a protección e conservación da fauna acuática.

3. Os gastos derivados da toma de medidas necesarias para evitar mortalidade de peixes ou riscos para a riqueza piscícola correrán por conta do concesionario, que igualmente será responsable dos danos e perdas ocasionados".

Por tanto, consonte ao apartado primeiro deste artigo, as concesionarias (neste caso Iberdrola) teñen a obriga de comunicar o descenso do nivel dos seus encoros por debaixo do 20 % á Xunta, cousa que efectivamente aconteceu, concretamente o 10 de xuño no caso do encoro de Cenza, o 12 de xullo no caso do encoro das Portas, mediante escritos remitidos ó servizo provincial de conservación da consellería de medio ambiente en Ourense.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:06
Nº Rexistro: 41883
Data envio: 27/09/2022 12:30:06.525

Por outra banda, a vixente Lei de pesca de Galicia establece no seu artigo 73.1. ah) que constitúe infracción grave "Alterar de modo apreciable el nivel de las aguas o caudal del río, cuando pudieran derivarse daños para las especies piscícolas, salvo que la actuación resultase conforme y cumpliera las exigencias de la normativa en materia de aguas".

E o artigo 83 desa mesma lei sinala en relación coas medidas provisionais asociadas o procedemento sancionador que "antes da iniciación do procedemento administrativo o órgano competente ... poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas".

Finalmente, o artigo 33.c da Lei de protección ambiental da comunidade autónoma de Galicia sinala que constitúe infracción "A explotación indebida, o abuso ou a destrución dos recursos naturais, entendendo que a mesma se produce cando se realice contravindo os termos da autorización ou das normas que a regulan". E o artigo 41 permite ao órgano ambiental (a Xunta de Galicia) a adopción de medidas cautelares incluíndo a suspensión da actividade, mentres que o artigo 29 encomenda a inspección ambiental no ámbito da Administración autonómica a unha "inspección ambiental única coordinada polo órgano da administración ambiental que regulamentariamente se determine".

Sobre a base de todo o anterior, cando a competencia medioambiental en Galicia corresponde principalmente á Xunta de Galicia, cando hai normativa autonómica que establece obrigas moi claras de control, inspección e sanción e que, ademais, permite establecer medidas cautelares á Xunta de Galicia e cando a Xunta foi informada o 10 de xuño (máis de dous meses e medio antes das declaracións do presidente da Xunta que se transcriben) e o 12 de xullo (máis de mes e medio antes das mesmas declaracións), resulta dun cinismo insoportable que o Goberno de Galicia trate de derivar a súa responsabilidade cara ao Estado cando a súa obriga xenérica de protexer o medio ambiente de Galicia está ademais concretada no caso dos encoros (de todos os encoros situados en Galicia, non só dos da demarcación Galicia Costa) dun xeito taxativo.

Máis alá do cinismo, as palabras do presidente da Xunta apuntan a unha grave irresponsabilidade por non protexer o medio tendo constancia do que acontecía, o cal podería incluso caer dentro do ámbito da prevaricación por omisión, xa que o Goberno galego sabía o que acontecía, coñecía a súa obriga legal e non fixo absolutamente nada aparte de botar balóns fóra.
Por iso, os deputados e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:06
Nº Rexistro: 41883
Data envio: 27/09/2022 12:30:06.525

1ª) Por que a Xunta de Galicia non actuou adoptando as medidas preventivas oportunas e legalmente establecidas cando lle foi comunicado por Iberdrola nos meses de xuño e xullo que os encoros de Cenza e das Portas baixarían o seu nivel por debaixo do 20 % a pesar de ter a obriga legal de facelo?

2ª) Por que ocultou o Goberno galego que fora informado como marca a lei?

3ª) Houbo algún tipo de inspección por parte da Xunta respecto da situación deses encoros a partir das comunicacións por parte da concesionaria?

4ª) Vai a Xunta de Galicia a adoptar as medidas que permite a lexislación medioambiental galega para protexer os ecosistemas fluviais no caso dos encoros de Ourense que se atopan por debaixo do 20 %?

5ª) En caso afirmativo, que medidas se van adoptar?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 11:42:46

Martín Seco García na data 27/09/2022 11:43:03

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 11:43:19

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:27
Nº Rexistro: 41884
Data envio: 27/09/2022 12:30:27.509

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Co comezo do curso escolar estanse a producir distintas protestas reclamando máis persoal e recursos nos centros da comarca da Coruña, o que pon de manifesto as carencias actuais e o efecto acumulativo dos recortes levados a cabo na educación pública galega desde o ano 2009.

Así, as familias de alumnos do CEIP Ría do Burgo de Culleredo reuniron ata o día de hoxe máis de mil cen sinaturas para reclamarlle á Xunta máis docentes de educación especial, dado que a Xunta reduciu o persoal de apoio nese centro a pesar de que este curso se duplicou o número de alumnos con necesidades educativas especiais, o cal implica obviamente unha peor atención non só para eses alumnos senón tamén para o conxunto dos nenos e nenas.

Por iso, o Consello Escolar reclama que se lle asignen ao centro dous especialistas de Audición e Linguaxe, como tiñan ata o presente curso, no que se lles asignou soamente un. O Concello de Culleredo manifestou nos primeiros días de setembro a súa preocupación por este recorte. A dirección do centro considera que son necesarios dous profesionais para atender aos case 15 alumnos con necesidades especiais.

En segundo lugar, a comunidade educativa (pais, nais e profesorado) do instituto Rego da Trabe concentrouse hai escasos días para demandar melloras e critican a supresión de media praza de docente (e por tanto media xornada) de pedagoxía terapéutica, o cal supón unha mingua para 17 nenos e nenas que necesitan un especial apoio, así como a supresión da reorganización horaria elaborada o ano pasado, a negativa a contratar un bedel para o edificio do instituto. Desde o concello de Culleredo sinálase neste caso que o incremento da ratio nas aulas, unido a un exceso de carga horaria do profesorado implica "un obstáculo insalvable no desenvolvemento de actividades e programas para mellorar a formación".

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:27
Nº Rexistro: 41884
Data envio: 27/09/2022 12:30:27.509

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Tamén os pais e nais do CEIP Ramón de la Sagra da Coruña manifestáronse nos últimos días para solicitar que se complete o cadro de persoal docente do centro dado que, a pesar de que no catálogo de profesorado do centro figuran 11 docentes, só hai 10 no curso que comeza.

Pola súa banda, a comunidade educativa do CEIP Sagrada Familia da Coruña denuncia que no centro falta un dos dous docentes a tempo completo especializados en educación musical que lles corresponde e desde a AMPA do centro manifestan "o seu desacordo co nomeamento por parte da Consellería de Educación dunha docente interina", sobre todo "por carecer esta profesora da especialidade de educación musical", incumprindo, segundo precisan, o Real decreto 1594/2011 do 4 de novembro polo que se establecen as especialidades do corpo de mestres que desempeñan as súas funcións nas etapas de educación infantil e primaria, segundo o cal "para impartir música, educación física e linguas estranxeiras requiririase ademais estar en posesión da especialidade correspondente".

A resposta da Consellería en todos estes casos e inexistente ou insatisfactoria.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que a situación descrita nos catro centros educativos aos que se refire a exposición de motivos pon en evidencia unha carencia de persoal e recursos nos centros da comarca coruñesa?

2ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que a situación descrita nos catro centros educativos aos que se refire a exposición de motivos incide negativamente na prestación dunha educación pública de calidade?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 11:44:20

Noelia Otero Lago na data 27/09/2022 11:44:36

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2022 11:44:46

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:45
Nº Rexistro: 41885
Data envio: 27/09/2022 12:30:45.915

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A sentenza da sección terceira do TSXG de 21 de xaneiro de 2022 anula o acordo da Xunta de 7 de novembro de 2019, polo que se autorizaba o repotenciamento dun parque eólico en Corme, que fora declarado "de interese especial" pola Xunta o 2 de febreiro de 2018, ao abeiro da Lei de fomento de iniciativas empresariais de 2017. A sentenza determina que a redución á metade do prazo para a consulta pública do impacto ambiental é contraria a dereito.

En concreto, di a sentenza que a redución á metade dos prazos que contempla a DA primeira da Lei de aproveitamento eólico de Galicia de 2009 non pode aplicarse ao trámite de información pública a efectos ambientais, que non pode ser inferior a 30 días por aplicación da normativa estatal e europea. Así, literalmente, no seu fundamento xurídico décimo quinto, establece que *"a primacía do dereito comunitario sobre o autonómico non deixa lugar a dúbidas, do que se conclúe que non foi acorde a dereito a redución do prazo de información pública á metade no procedemento de avaliación do impacto ambiental establecido no apartado 4 da disposición adicional primeira da LAEGCEFCA, xa que en ningún caso podía ser inferior a 30 días, que logo o artigo 36.1 da LEA (tarde), precisou que serían hábiles"*.

Pola súa banda, a sentenza do mesmo órgano xudicial de 9 de novembro de 2020 anula a aprobación definitiva (que amparaba unha modificación do proxecto inicial) por parte do Consello da Xunta doutro parque eólico, o de Sasdónigas, en Mondoñedo, considerando que *"en Sasdónigas estamos ante unha fragmentación en dúas fases realizada pola promotora, sendo evidente que o emprazamento xeográfico é o mesmo e se comparten elementos clave de funcionamento"* e que *"atopámonos ante a división artificial dun único Parque Eólico en dos fases; a fase II carece dos elementos e equipamentos necesarios para ser considerada unha instalación independente da fase I, entendendo o T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que a figura do Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde unha perspectiva unitaria"* e que *"realizando unha avaliación ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evítase unha verdadeira avaliación global de todo o proxecto"*. Tamén di esa sentenza que *"Para que as modificacións dun parque eólico teñan*

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:45
Nº Rexistro: 41885
Data envio: 27/09/2022 12:30:45.915

o carácter de non esencial, haberán de dispor de informe favorable do órgano ambiental respecto da proposta de modificación; e, no presente caso, se ben existe, o documento non contén todos os informes sectoriais necesarios para valorar correctamente a incidencia ambiental da modificación proposta pola promotora".

Engade a sentenza que non se valoraron correctamente "elementos especialmente protexidos, como o Camiño de Santiago", nin o seu "impacto visual e acústico", nin o feito de que afecte "a importantes recursos hídricos", entre eles dúas lagoas.

Por medio de sentenza de 11 de decembro de 2020 do mesmo órgano xudicial, o TSXG tamén anulou outra autorización da Xunta para un parque eólico na Serra do Oribio, entre Samos e Triacastela, porque o Goberno galego autorizou en 2019 o parque, en Rede Natura, como se fose unha modificación doutro previo que obtivera permiso ambiental en 2005, nos últimos días do executivo de Manuel Fraga, considerando que o goberno de Emilio Pérez Touriño prohibiu os novos parques en Rede Natura, pero co argumento de que o do Oribio non era novo senón unha modificación do que xa obtivera o permiso ambiental en 2005, argumento que desbotou o TSXG, entendendo que non se podía considerar vixente nin "eterna" a declaración ambiental anterior, que segundo a lexislación daquela aplicable tería que caducar aos cinco anos, que ademais na actualidade resultaría "obsoleta" polos "múltiples cambios lexislativos" que houbo dende aquela, e que o autorizado en 2019 era un novo parque, non unha modificación doutro anterior que nin se comezara a executar. Así, o tribunal entende que o parque eólico de Oribio non se pode considerar "existente" para a súa excepcional autorización, xa que "non se comezara a executar o proxecto de 2007-2009, non estando en explotación, nin instalados aeroxeneradores", polo que conclúe que non se pode "modificar o que non existe".

As sentenzas anteriores son exemplos da conflitividade xurídica que está a xerar o proceso de desenvolvemento eólico en Galicia, en paralelo coa social que se concreta en múltiples manifestacións, movementos veciñais e protestas en moitos concellos. A situación chegou a tal punto que, a mediados de decembro de 2021, o informe Enerxía eólica e paisaxes culturais en Galicia elaborado polo Consello da Cultura Galega concluíu a necesidade dunha moratoria na autorización de parques para poder así, de maneira "prioritaria", "revisar o Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG) e sometelo a avaliación ambiental estratéxica". O CCG di no seu informe que "A salvagarda dos valores do territorio ante o desenvolvemento eólico actual require unha actuación proactiva da Administración na identificación, inventario e protección deses valores", instando tamén a Xunta a "salvagardar lugares que teñen valor pola súa riqueza natural, cultural,

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:45
Nº Rexistro: 41885
Data envio: 27/09/2022 12:30:45.915

paisaxística, etnográfica ou histórica" e resaltando que "Coa implantación masiva dos parques eólicos estase a superar a capacidade de carga do sistema natural".

Froito desa presión, na Lei de acompañamento dos orzamentos deste ano, recentemente aprobada, a Xunta deu un aparente bandazo introducindo unha moratoria para non tramitar novos parques eólicos ata as municipais de 2023 ante a súa incapacidade para analizar todas as solicitudes que recibe, pero o Goberno galego reservouse a posibilidade (discrecional) de seguir adiante cos proxectos que considere relevantes e apenas dúas semanas despois da súa entrada en vigor o propio Feijóo, anunciou unha nova reforma legal para dar "prioridade na tramitación" ás "empresas que constrúan parques eólicos na comunidade e destinen o 50 % da enerxía que produzan á industria a través de contratos de prezo fixo", cousa que se pretende facer por medio dun artigo na futura lei de áreas empresariais, unha norma cuxo borrador exposto ao público hai unhas semanas non falaba en absoluto de parques eólicos.

Desta forma, a Xunta segue a introducir cambios no ámbito eólico a través de todo tipo de leis pero sen reformular nin a norma que actualmente é o marco do sector en Galicia, a de 2009 corrixida xa nove veces, nin o Plan eólico de 1997, que nunca foi sometido a avaliación ambiental estratéxica como debería telo sido conforme a lexislación actual (estatal e comunitaria), o cal implica que a propia planificación eólica de Galicia que ampara o desenvolvemento eólico na nosa comunidade carece dun trámite esencial dunha planificación das súas características, algo que hoxe determinaría a súa nulidade radical.

Por tanto, as actuacións do Goberno de Galicia en materia eólica, ademais de basearse nun plan non avaliado ambientalmente, están sendo constantemente corrixidas polos tribunais, o cal implica problemas para os afectados e as empresas promotoras, ao mesmo tempo que a lexislación eólica galega é un galimatías de normas que mudan constantemente e non están axeitadamente coordinadas entre si nin actualizadas, mentres as decisión políticas da Xunta nun ámbito tan importante desde o punto de vista económico e enerxético e con tanto impacto social e ambiental como o eólico son erráticas e carecen de rumbo, xerando todo iso inseguridade xurídica e conflitividade social nun ámbito que debería ter unha normativa clara tendente a permitir un desenvolvemento eólico ordenado e estable que respecte o medio e contribúa economicamente nas zonas onde se instalan os parques eólicos.

En conclusión, a enerxía eólica é un vector imprescindible da transición enerxética xusta e o seu desenvolvemento é de enorme importancia para o noso país e para o mundo, pero a carencia dun marco normativo claro e estable, xunto

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:30:45
Nº Rexistro: 41885
Data envio: 27/09/2022 12:30:45.915

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

á incapacidade da Administración galega para atender desde o punto de vista cuantitativo e tamén cualitativo ás súas competencias nesta materia e unha política lexislativa errática e desacertada están xerando, ademais de conflitividade e alarma social, incerteza xurídica e económica, que é criticada desde ámbitos moi diversos que inclúen non só os afectados senón á propia AEGA, representante dos promotores eólicos.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que dotar o sector eólico dun marco xurídico axeitado e estable e de criterios administrativos claros e axustados a dereito é importante para permitir un desenvolvemento eólico ordenado e equilibrado que respecte o medio ambiente, o territorio e os dereitos e intereses das persoas e comunidades afectadas?

2ª) Como valora a Xunta de Galicia as reiteradas sentenzas do TSXG que anulan os seus acordos en materia de parques eólicos por non respectar a lexislación?

3ª)Vai a Xunta de Galicia a tomar nota do que din esas sentenzas para deixar de incorrer en vicios de legalidade na tramitación de parques eólicos?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que os criterios administrativos dos seus departamentos no tocante á autorización de parques eólicos son claros e respectan a normativa aplicable?

5ª) Considera a Xunta de Galicia que dentro deses criterios debe figurar amparar a fragmentación irregular de parques eólicos?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 11:46:05

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 11:46:17

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:45:46
Nº Rexistro: 41886
Data envio: 27/09/2022 12:45:46.950

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para o seu debate na Comisión 1ª.

No mes de febreiro deste ano a sociedade galega tivo coñecemento de que a ex conselleira de Medio Ambiente, Dna. Beatriz Mato, aproximadamente ano e medio despois de ter abandonado a Xunta de Galicia, comezou a traballar como "directora de Desarrollo Corporativo y RSC" para a empresa Greenalia.

A citada empresa depende da Consellería de Medio Ambiente para a obtención de distintos tipos de autorizacións relativas á súa actividade e relaciónase con ese departamento da Xunta no ámbito de diversos expedientes administrativos, durante e despois do paso pola consellería de Dna. Beatriz Mato.

A Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno determina as incompatibilidades dos altos cargos de Galicia. Así, no seu artigo 45 aborda as limitacións de actividades despois do cese do cargo, establecendo:

1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cese, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditaran resolución no exercicio do seu cargo.

4. Durante o mencionado período de dous anos…. deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian a realizar, con carácter previo ao seu inicio.

5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberá pronunciarse sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberá comunicarllo tanto á persoa afectada como á entidade na que pretenda prestar os seus servizos. Las resoluciones que reconozcan la compatibilidad con actividad privada serán publicadas en el Portal de transparencia y Gobierno abierto.

A día de hoxe, non figura no portal de transparencia da Xunta ningunha resolución sobre a súa compatibilidade, nin hai constancia de que presentase a correspondente e preceptiva declaración previa tras o seu cese como alto cargo da Xunta.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:45:46
Nº Rexistro: 41886
Data envio: 27/09/2022 12:45:46.950

1ª) Presentou a Sra. Mato a correspondente declaración ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Xunta con carácter previo á súa "fichaxe" por Greenalia como determina a lei?

2ª) Se se presentou tal declaración, foi resolta?

3ª) Se foi resolta, foino en sentido favorable ou desfavorable e sobre a base de que argumentos?

4ª) Se foi resolta, por que aínda non foi publicada?

5ª) Se non foi presentada a declaración, considera a Xunta que a Sra. Mato ten algunha xustificación para non presentala?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 12:38:36

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 12:38:51

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:46:11
Nº Rexistro: 41887
Data envio: 27/09/2022 12:46:11.294

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A recente Sentenza 137/2020, de 2 do setembro, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña declara a nulidade dos títulos de adquisición do Pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. A sentenza, froito dun complexo e singular proceso xudicial impulsado con decisión polo Goberno progresista de España a través dun gran traballo da avogacía do Estado, abre a porta dun xeito histórico á recuperación do Pazo de Meirás polo Estado.

É claro e meridiano que a historia máis recente e significativa do pazo está asociada ao feito de que Francisco Franco foi un corrupto, ademais dun golpista e ditador que cos seus actos causou a morte de centos de milleiros de vítimas no noso país, o exilio doutros tantos e a represión de moitos máis. No caso do Pazo de Meirás, un corrupto que obrigou á cidadanía da comarca coruñesa a pagar para regalarlle o Pazo de Meirás e simular operacións xurídicas para poñer o ben ao seu nome, na liña do proceso xeral de saqueo do Estado polo que, segundo o historiador Ángel Viñas, amasara xa no ano 1940 unha fortuna de 38 millóns de pesetas de entón, que equivalen a 400 millóns de euros de hoxe.

E, ademais, unha vez que o xulgado facilitou a medida cautelar solicitada pola avogacía do Estado para inventariar e manter custodiado no propio pazo o contido do mesmo, soubemos que o seu contido está integrado en boa medida por obxectos que formaban tamén parte do patrimonio do Estado.

E o roubo do Pazo de Meirás é soamente unha mostra máis desa corrupción, que non pode desligarse da anulación das liberdades durante 40 anos e da represión franquista durante a guerra, a posguerra e moito despois, que tivo lugar en Galicia como noutras zonas de España.

A reivindicación da memoria democrática pretende non só homenaxear e restaurar a dignidade das vítimas senón contribuír a que se entendan os acontecementos que tiveron comezo en 1936 como o que foron -un episodio brutal, antidemocrático e sanguinario levado a cabo por uns golpistas que instauraron unha ditadura que parou o reloxo da historia de España durante

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:46:11
Nº Rexistro: 41887
Data envio: 27/09/2022 12:46:11.294

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

décadas-, así como reivindicar os movementos de disidencia contra esa ditadura e facer pedagoxía dos valores democráticos anulados por ela.

Dende ese punto de vista, e ante as iniciativas presentadas recentemente por outras forzas políticas nesta cámara, sinaladamente polo PP, entendemos necesario establecer con claridade cal debe ser o uso principal do Pazo de Meirás para o caso de que –como desexamos- a sentenza de primeira instancia remate por ser confirmada. E ese uso non pode ser outro que a reivindicación e estudo e difusión da memoria democrática, a cal, por certo, a Xunta de Galicia dedica cero euros nos orzamentos do ano 2021, mostra manifesta da incomodidade evidente que lle produce o tema, acorde coa súa traxectoria e historia política.

Unha democracia madura e moderna como a que levamos máis de 40 anos construíndo ten que deixar claro cal debe ser o uso principal do pazo: a memoria histórica democrática, sen prexuízo doutros usos –dado que no pazo hai espazo dabondo- pero sen dar pé a operacións de desvirtuación e alixeiramento e confusión do que debe ser o uso principal do pazo.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten o Goberno galego algún tipo de problema co concepto de memoria democrática e co cumprimento da lexislación na materia que impida que o uso asociado a esa memoria democrática sexa o principal e prioritario do pazo sen prexuízo doutros?

2ª) Por que o Goberno galego dedicou cero euros á memoria democrática no orzamento de 2021?

3ª) Recoñece o Goberno galego que o réxime franquista foi un réxime corrupto tal e como ven a acreditar a sentenza de primeira instancia, ademais de antidemocrático, represor e sanguinario, tal e como acreditou sobradamente a mellor historiografía?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 12:42:52

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:46:11
Nº Rexistro: 41887
Data envio: 27/09/2022 12:46:11.294

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 12:43:06

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:46:53
Nº Rexistro: 41888
Data envio: 27/09/2022 12:46:53.574

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Recentemente, no xuízo do caso Bárcenas que se celebra na Audiencia Nacional, tanto o ex-xerente do PP, Cristobal Páez, como o propio Bárcenas, confirmaron que a última operación da Caixa B do PP foi un pago en efectivo de 50.000 euros no ano 2010 que procedía do PP de Pontevedra e que se repartiu, segundo dixeron, en dous sobres, entregados a Rajoy e a Dolores de Cospedal.

Nos documentos aportados na Audiencia Nacional no caso Bárcenas figura unha relación de ingresos de empresas por importe de 2 millóns de euros que era a contabilidade B do PP de Galicia cando Feijóo xa era presidente do partido en Galicia, no ano 2006.

O propio Pablo Crespo, ex secretario de organización do PP de Galicia, recoñeceu nunha comisión do Congreso que o PP de Galicia estaba intensamente implicado no financiamento ilegal do PP, igual que o fixo en entrevistas nas que recoñeceu que no PP de Galicia tamén houbo sobres.

Incluso na investigación do caso Kitchen fálase de documentos que probarían "pagos en B en sedes do PP de Galicia, Valencia e Madrid", a pesar de que o presidente da Xunta de Galicia ten feito declaracións reiteradas sobre este asunto no sentido de relativizalo. Así, na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta de 10 de setembro de 2020, sinalou que "estamos falando de feitos de hai 15 ou 20 anos", cando é notorio que se trata de feitos presuntamente cometidos nos anos 2013 e 2014. E o domingo 13 sinalou que "nin as épocas nin os feitos teñen que ver coa situación actual", ademais de sinalar que no PP xa "están acostumados" a que se "critique e recritique por feitos que pasaron hai máis dunha década".

Por tanto, as probas e indicios dos casos Bárcenas, Gürtel e Kitchen comezan en Galicia (ademais de Madrid e Valencia) e rematan aparentemente en Galicia e ata o día de hoxe o Goberno do Sr. Feijóo non deu a máis mínima explicación convincente destes temas, aparte de negalo todo.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:46:53
Nº Rexistro: 41888
Data envio: 27/09/2022 12:46:53.574

Todo o anterior implica que hai probas suficientes de que o PP de Galicia foi dopado ás eleccións durante polo menos dúas décadas, e como mínimo ás primeiras eleccións de Feijóo no ano 2009.

Por se fose pouco, recentemente foron condenados por corrupción o ex presidente da Deputación de Pontevedra e a delegada da Xunta en Pontevedra. O desprezo do Sr. Feijóo pola ética é tal que se permitiu nomear á delegada da Xunta en Pontevedra e ex alcaldesa de Moraña sabendo que ía ser xulgada por prevaricación e falsidade. E o Sr. Louzán foi presidente do PP de Pontevedra ata o ano 2015 ademais de presidente da Deputación durante anos. E o Sr. Louzán xa fora investigado pola fiscalía no ano 2015 por un presunto delito de suborno, que se pechou porque se anularon as probas. E o Sr. Louzán manexa cada ano 400.000 euros de fondos públicos e está condenado por corrupción e a Xunta non fai nada cando ten ferramentas xurídicas máis que suficientes para actuar sobre os organismos directivos das federacións deportivas a través do comité galego de Xustiza deportiva, que ten competencias disciplinaria atribuída pola Lei galega do deporte, e ademais ten os medios para forzar politicamente a saída de Louzán, pero mira cara outro lado.

É fundamental que as administracións e as persoas que exercen a política se comporten dun xeito ético, sobre todo nun tempo marcado por unha forte crise sanitaria e económica que xera sufrimento na cidadanía, tensiona as estruturas sociais, e pon en cuestión as institucións que, en última instancia, sosteñen o Estado e a democracia mesma. Estamos preocupados polos antecedentes de corrupción do PP de Galicia e as implicacións que poden ter para o manexo das inxentes cantidades de fondos públicos que Galicia vai recibir dos fondos *next generation.*

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia os feitos coñecidos respecto da implicación do PP de Galicia nos procesos xudiciais derivados do chamado caso Bárcenas –operación Kitchen incluída- que se relatan na exposición de motivos desta iniciativa?

2ª) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia que no caso Bárcenas fose aportada unha relación detallada de empresas que operan en Galicia cunha serie de pagos ilegais presuntamente feitos ó PP de Galicia por importe de 2 millóns de euros?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:46:53
Nº Rexistro: 41888
Data envio: 27/09/2022 12:46:53.574

3ª) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia que a última operación da Caixa B do PP fose, segundo confirmaron esta semana na Audiencia Nacional tanto o ex-xerente do PP, Cristobal Páez, como o propio Bárcenas, un pago en efectivo de 50.000 euros no ano 2010 que procedía do PP de Pontevedra cando o presidía Rafael Louzán e o Sr. Feijóo era presidente da Xunta e do propio PP?

4ª) Vai o Goberno galego facer algo para que o Sr. Louzán deixe de ser presidente da Federación Galega de Fútbol despois de ser condenado xudicialmente por corrupción?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 12:46:53
Nº Rexistro: 41888
Data envio: 27/09/2022 12:46:53.574

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 12:44:08

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 12:44:26

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:14:54
Nº Rexistro: 41893
Data envio: 27/09/2022 13:14:54.787

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

En Galicia estímase que o 31.7 % dos traballadores/as das administracións públicas teñen un contrato temporal segundo datos da EPA do segundo trimestre de 2022. A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público perfila unha senda de procesos de estabilización de prazas que afecta a moitos traballadores e traballadoras tamén en Galicia. Ao longo deste ano 2022, o goberno da Xunta debe publicar as distintas convocatorias que están dentro do seu ámbito e facelo de forma coherente coa lexislación existente e coordinada cos axentes sociais e representantes de traballadores/as, buscando así o mellor sistema para estabilizar esas prazas e sendo consciente da necesidade de reducir a temporalidade que sufriron ao longo de anos moitos traballadores e traballadoras.

De feito, as administracións públicas deben reducir por lei a temporalidade co obxectivo de situar a taxa de temporalidade estrutural por debaixo do 8 % a finais de 2024. Por iso, o goberno da Xunta debe asumir este reto como propio, cumprindo axeitadamente coas súas obrigas e acertando nos procesos de convocatorias que sairán antes do final de 2022 de forma dilixente e eficiente, entendo a gravidade da situación á que hai que dar solución.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal é a situación das convocatorias de estabilización de prazas derivadas da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que corresponden á Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro do 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:14:54
Nº Rexistro: 41893
Data envio: 27/09/2022 13:14:54.787

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/09/2022 13:11:47

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 13:11:57

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 13:12:06

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:35:23
Nº Rexistro: 41897
Data envio: 27/09/2022 13:35:23.306

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a demanda de anular a autorización para a construción da liña de alta tensión Lousame-Tibo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de agosto o Consello da Xunta autorizou a construción da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo, cunha extensión de 40 km que atravesan unha decena de concellos entre as dúas localidades mencionadas.

Este acordo demorou un mes en ser comunicado publicamente e ignorou as múltiples alegacións presentadas pola veciñanza, por diferentes concellos afectados, así como o informe negativo do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta.

As alegacións presentadas incidían na alta desprotección dos valores patrimoniais culturais da zona, no incumprimento das medidas de salvagarda, así como no forte impacto degradativo dunha paisaxe cultural singular e protexida como é o Castro Lupario, a aldea de Angueira de Castro, o Pazo do Faramello ou o propio Camiño de Santiago, o Camiño Portugués, entre Iria e Compostela.

O ámbito da afectación é definido polo CCG como "un espazo de calidades culturais relevantes" que constitúe "unha paisaxe cultural construída ao longo dos

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:35:23
Nº Rexistro: 41897
Data envio: 27/09/2022 13:35:23.306

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempos que conserva moitos dos elementos desa construción histórica e na que a comunidade se identifica".

No Catálogo das Paisaxes de Galiza son recoñecidas as liñas de alta tensión como causantes de fortes impactos e interferencias na paisaxe que rodea os diferentes Camiños de Santiago.

Sen dubida, este un claro exemplo dunha realidade que no BNG entendemos que aínda estamos a tempo de frear e, consecuentemente, salvar os bens protexidos como parte dunha paisaxe cultural global que constitúe territorio histórico do Camiño de Santiago.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Entende a Xunta que a autorización de construción da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo garante a preservación e protección da pasisaxe cultural e dos valores patrimoniais afectados que a conforman como o Castro Lupario, a aldea de Angueira de Castro, o Pazo do Faramello ou o propio Camiño Portugués?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 13:35:23
Nº Rexistro: 41897
Data envio: 27/09/2022 13:35:23.306

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2022 13:29:09

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2022 13:29:13

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:04:54
Nº Rexistro: 41908
Data envio: 27/09/2022 17:04:54.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza retire a súa nova proposta impositiva regresiva e incorpore unha alternativa realmente redistributiva para o debate do próximo proxecto de orzamentos da comunidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 23 de setembro de 2022 o Presidente da Xunta anunciaba unha nova reforma fiscal regresiva. Facíao nun foro privado impulsado por unha entidade bancaria á que o goberno galego xa facilitou a xestión e decisión sobre fondos europeos, a xestión de infraestruturas bancarias con financiamento da Xunta e o impulso da primeira universidade privada do noso país. Neste foro, anunciaba que a bonificación que Feijoo aprobara para o ano 2022 dun 25% para o imposto de patrimonio das rendas máis altas pasaría ao 50% para os 8.000 galegos e galegas máis ricos. Desta forma, o noso país perderá o ingreso de máis de 34 millóns de euros que son moi necesarios nun contexto de empobrecemento masivo agravado por unha inflación sostida por riba do 11%.

Ante as críticas, o Presidente da Xunta comparecía no Parlamento Galego no Pleno do 27 e 28 de setembro de 2022 para complementar as liñas mestras dos vindeiros orzamentos. Nesa sesión, ratificábase nesta medida regresiva e anunciaba outras mudanzas no IRPF que non cumpren coas necesidades de xustiza e redistribución social

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:04:54
Nº Rexistro: 41908
Data envio: 27/09/2022 17:04:54.848

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que demanda a sociedade galega e o agravamento da situación social e económica. Por exemplo, a baixada do 9,4 ao 9% no tramo de IRPF implica que unha familia que ingresa 12.500 euros anuais aforra 50€ ao ano no imposto da renda, mais para os 7.700 que teñen máis dun millón de euros de patrimonio, a baixada é de 4.415 euros ao ano. Así mesmo, no que atinxe á equiparación das familias de dous fillos ou fillas coas familias numerosas, vemos un novo exercicio de cinismo. Esta medida implica que lle van reducir o mesmo a unha familia de dous fillos ou fillas que ingrese 20.000 euros ao ano, que a unha familia de dous fillos ou fillas que ingrese 100.000 euros ao ano. Así mesmo, o goberno segue a incumprir as súas propias promesas respecto das familias monoparentais.

Así as cousas, a falta de coñecer o proxecto de orzamentos para 2023, os anuncios do Partido Popular amosan que van en contra do benestar social dos galegos e das galegas e reflexan un goberno contrario aos intereses da maioría social e centrados en favorecer a minoría dos patrimonios millonarios. A política impositiva é unha ferramenta imprescindible para ter unha sociedade máis xusta, con redistribución da riqueza e con servizos públicos de calidade. O pelotazo fiscal anunciado polo xefe do Executivo non só mostra a un PP que goberna para unha minoría, senón tamén adhesión sen crítica ás directrices do Partido Popular a nivel de Estado.

A agudización das consecuencias sociais da crise inflacionista e a inadecuación da proposta fiscal enunciada polo Presidente da Xunta fan necesario que deba reconsiderarse antes de se iniciar a tramitación do Proxecto de Orzamentos da Xunta para 2023.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:04:54
Nº Rexistro: 41908
Data envio: 27/09/2022 17:04:54.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

. Vai retirar o goberno galego as súas propostas fiscais antisociais?

. Por que o goberno galego decide gobernar para unha minoría de 8.000 ricos e ricas mentres en Galiza hai máis dun 25% da poboación, máis de 700.000 persoas, en risco de exclusión social?

. Está o goberno galego disposto a revisar a súa proposta de IRPF?

. E de imposición sobre o patrimonio?

. E outros gravames?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2022 17:00:22

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:04:54
Nº Rexistro: 41908
Data envio: 27/09/2022 17:04:54.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/09/2022 17:00:27

Daniel Pérez López na data 27/09/2022 17:00:37

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:38
Nº Rexistro: 41914
Data envio: 27/09/2022 17:31:38.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as demandas do persoal traballador do INIBIC do cumprimento do convenio colectivo laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A investigación hospitalaria galega está xestionada por tres Fundacións Biomédicas ás que se asocian as áreas sanitarias e hospitais: a **Fundación Profesor Novoa Santos** (Área Sanitaria da Coruña e Cee e Área Sanitaria de Ferrol), a **Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** (Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza e Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos) e a **Fundacion Biomédica Galicia Sur** (Área Sanitaria de Vigo, Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e Área Sanitaria de Pontevedra y O Salnés).

Para ese fin estas tres fundacións xestionan o **Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña** (**INIBIC**), o **Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** (**IDIS**) e o **Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur** (**IISGS**).

A regulación laboral do persoal investigador e de xestión das tres Fundacións Sanitarias está amparada polo primeiro Convenio Colectivo de Fundacións de Investigación Sanitarias Galegas.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:38
Nº Rexistro: 41914
Data envio: 27/09/2022 17:31:38.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, a aplicación deste convenio para a área de investigación hospitalaria da Coruña-Cee e Ferrol, vinculado ao persoal investigador e de xestión no CHUAC e no CHUF, correspóndelle á Fundación Novoa Santos (FPNS), órgao xestor do Instituto de Investigación Biomédica (INIBIC).

O persoal investigador e de xestión da FPNS está a comprobar con preocupación como desde esta Fundación non se está a dar cumprimento correcto do regulado neste convenio.

No grupo parlamentar do BNG compartimos a máxima preocupación amosada polo comité de empresa da FPNS ante a vulneración da aplicación deste convenio a respecto da adscrición, cada vez maior, do seu persoal investigador á categoría de persoal de apoio, sen ter en conta os méritos no tipo de traballo que desenvolve, alegando que o persoal de apoio pode de forma altruísta desenvolver tarefas de investigador sen que iso implique que teñan que estar na categoría de persoal investigador tal e como regula o convenio vixente.

Na actualidade, a Fundación Profesor Novoa Santos, órgao xestor do INIBIC, vén encadrando o seu persoal, de forma unilateral, nas categorías que considera segundo o seu criterio, de tal xeito que de 153 profesionais que constan no censo da empresa, só 20 teñen categoría de persoal de investigación, o que representa o 13% do total.

Esta dato cobra unha preocupación relevante se atendemos a que o cadro de persoal investigador contratado pola Fundación Profesor Novoa Santos durante os anos 2016-2019 supoñía entorno ao 46% do persoal total.

Como preocupación engadida é a xustificación desta mingua achegada pola propia dirección da Fundación Profesor Novoa Santos, razoada nunha compoñente altruísta que debe acompañar a función investigadora.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:38
Nº Rexistro: 41914
Data envio: 27/09/2022 17:31:38.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta práctica conduce á infravaloración e precariedade laboral, para alén dun bloqueo absoluto da carreira investigadora do persoal da FPNS, agravada pola arbitrariedade na actuación e aplicación do convenio, xa que non está a acontecer isto nas outras dúas fundacións biomédicas de Santiago e Vigo.

Esta actuación claramente discriminadora por parte da dirección da Fundación Profesor Novoa Santos está a desgastar e minguar a investigación sanitaria hospitalaria na Coruña e Ferrol e impedir o desenvolvemento dunha carreira profesional como investigador/investigadora.

Asemade, está tamén a limitar o obxectivo último da investigación biomédica que non é outro máis que xerar novo coñecemento sobre a orixe das enfermidades, os posíbeis tratamentos e a súa transferencia á práctica clínica.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- É consciente o goberno da Xunta de que a Fundación Profesor Novoa Santos, que xestiona a investigación nas áreas sanitarias de Coruña/Cee e Ferrol, non está a aplicar de forma correcta o convenio colectivo?

- Que accións ten posto en práctica a Xunta para que na Fundación Profesor Novoa Santos se aplique de forma correcta o convenio colectivo ao persoal investigador?

- Como valora o goberno o importante descenso na contratación da categoría de persoal de investigación nos últimos anos por parte da Fundación Profesor Novoa Santos?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:38
Nº Rexistro: 41914
Data envio: 27/09/2022 17:31:38.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Comparte a Xunta o criterio de contratación, seguido na Fundación Profesor Novoa Santos, de acrecentar o persoal de apoio en detrimento da categoría profesional de persoal investigador?

- Entende o goberno, ao igual que a dirección da Fundación Profesor Novoa Santos, que o persoal investigador traballa desde unha perspectiva altruísta?

- Concorda o goberno con que esta medida imposibilita o acceso das profesionais a unha carreira profesional e, consecuentemente, reduce a competitividade na captación de fondos e novo persoal investigador?

- Comprométese o goberno a atender as demandas do comité de empresa da Fundación Profesor Novoa Santos a respecto do estrito cumprimento do convenio laboral aprobado?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:31:38
Nº Rexistro: 41914
Data envio: 27/09/2022 17:31:38.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2022 17:26:24

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2022 17:26:29

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2022 17:26:42

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:51:27
Nº Rexistro: 41919
Data envio: 27/09/2022 17:51:27.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural do Souto, no límite entre os concellos de Ames e Santiago de Compostela, é unha zona dunha gran riqueza patrimonial, natural e paisaxística. Conta cunha vexetación conformada por carballos e castiñeiros, moitos deles centenarios, flora e fauna singulares, ademais de elementos etnográficos e arqueolóxicos. É unha paisaxe conformada durante centos de anos, de enorme valor, que ademais conta cun gran valor patrimonial.

Estas 200 hectáreas supoñen a segunda masa vexetal de especies autóctonas no concello de Santiago de Compostela, e nelas concéntranse máis de 30 elementos patrimoniais de gran relevancia: un castro, unha mámoa, seis petróglifos, un xacemento aberto da Idade do Bronce, unha antiga fabrica de papel, tres pontes, ruínas dun batán de la, unha pesqueira, restos de calzadas medievais lousadas, un pombal, un cruceiro e doce muíños coas respectivas canles e presas, ademais de regueiras e muros de pedra seca espallados por todo o espazo. Ademais, o Souto está conformado por unha serie de microhábitats no que se poden atopar invertebrados, réptiles, anfibios e pequenos mamíferos, algunha destas especies protexidas, como son o caracol de Quimper (Elona quimperiana), a papuxa do mato (Sylvia undata), a lontra (Lutra lutra) ou a ra de patas longas (Rana iberica). Tamén conta con varias árbores senlleiras, carballos, freixos, amieiros ou un exemplar de ciprés de Lawson, que presentan unha lonxevidade de

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:51:27
Nº Rexistro: 41919
Data envio: 27/09/2022 17:51:27.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

varios séculos e con exemplares dunhas dimensións que superan amplamente os 3m de perímetro e os 30m de altura.

Mais o Souto vese ameazado ante o proxecto promovido por Villar Mir Energía para a construción do proxecto SET colectora Nova 132/220 kV e LAT 220 KV SET colectora Nova-SET Santiago de Compostela (expediente IN408A 2020/166), tal como está previsto segundo o anuncio publicado o 22 de agosto de 2022 no DOG. Esta liña ten como obxecto evacuar a enerxía eléctrica xerada nos parques eólicos A Picota (42MW), A Picota II (21MW), Castro Valente (18MW), Monte Xesteira (22MW) e Huracán (56MW), todos eles en estado de tramitación.

No seu paso polo concello de Santiago de Compostela, nun tramo lixeiramente inferior aos 4km, máis da metade do mesmo proxéctase como unha liña de trazado aéreo mentres que o resto será soterrado. A liña aérea prevé que a construción de 7 dos apoios que precisa sexa dentro do espazo do Souto, cada un deles soportado por catro bases cimentadas de formigón, o que supón un impacto directo sobre a biodiversidade, a paisaxe e tamén os elementos patrimoniais, particularmente o xacemento da Silvouta, datado da Idade do Bronce. Ademais, esta infraestrutura implica a destrución unha ampla superficie do espazo e o seu fraccionamento en dúas áreas máis pequenas e vulnerábeis, contravindo as directrices da Comisión Europea, o que reducirá significativamente o seu valor ecolóxico e paisaxístico, ademais de supor un compromiso para a estabilidade do ecosistema.

Unha solución alternativa para evitar a agresión deste espazos pode ser que o trazado desta liña de alta tensión discorra en paralelo á autovía e se realice de forma soterrada, do mesmo xeito a como se realiza cando atravesa o Camiño de Santiago, de xeito que cause o menor dano ambiental e impacto visual posíbeis.

A veciñanza da contorna, así como a Plataforma pola Recuperación do Sar, téñense manifestado en contra da construción desta infraestrutura nos termos expostos,

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:51:27
Nº Rexistro: 41919
Data envio: 27/09/2022 17:51:27.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao tempo que denuncian erros e inexactitudes no proxecto e informes presentados pola empresa promotora.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

– É consciente o goberno galego da importancia ecolóxica e ambiental, así como cultural e patrimonial, que ten o espazo natural do Souto?

– Vai solicitar ou realizar a Xunta de Galiza unha avaliación máis extensa e rigorosa dos riscos que supón a construción desta infraestrutura nos termos presentados pola empresa, atendendo ao impacto que suporá sobre os ecosistemas, a fauna e a flora, así como sobre os elementos patrimoniais que existen no territorio?

– Cales son as medidas previstas para a preservación destes elementos?

– Ten previsto o goberno galego solicitar a modificación do proxecto conforme lle solicitan as asociacións e a veciñanza?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2022 17:51:27
Nº Rexistro: 41919
Data envio: 27/09/2022 17:51:27.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2022 17:46:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/09/2022 17:46:59

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2022 17:47:08

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:43:25
Nº Rexistro: 41930
Data envio: 28/09/2022 11:43:25.045

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a sobre mortaldade de gaivotas no encoro de Vilagudín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos véñense producindo episodios recorrentes de mortes de gaivotas, unha situación que se dá con especial virulencia no encoro de Vilagudín, situado nos concellos de Ordes, Tordoia e Cerceda. Presumíbelmente esta mortaldade está causada por un gromo de botulismo, provocado pola bacteria Clostridium botulinum. Segundo datos de Adega, a maior parte das aves afectadas son gaivotas patiamarelas, especie que experimentou un declive moi importante nas súas poboacións en Galiza.

Como consecuencia destas mortes, a Xunta decretou a prohibición da pesca no encoro de Vilagudín, mentres non se coñezan as causas deste episodio e as súas causas. Mais trátase dunha medida insuficiente e tardía, xa que estas mortes lévanse producindo desde fai cando menos 7 anos e estanse dando tamén noutras zonas do noso país.

Estamos diante dun problema grave, que pode estenderse a outras especies de animais e constituír un risco para a saúde pública. Por iso debe ser obxecto dunha investigación rigorosa e exhaustiva, que inclúa a inspección dos vertedoiros nos que se alimentan as aves. Esta inspección debe centrarse no vertedoiro de Areosa polas súas dimensións e porque, pola proximidade con Vilagudín, é a principal zona de alimentación das gaivotas.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:43:25
Nº Rexistro: 41930
Data envio: 28/09/2022 11:43:25.045

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Desde cando ten coñecemento a Xunta dos episodios de mortaldade de gaivotas patiamarelas?

. Que datos existen sobre a baixada da poboación destas gaivotas?

. Que medidas adoptou a Xunta en relación coa mortaldade de gaivotas patiamarelas?

. Esta levando a cabo o goberno galego unha investigación sobre estas mortes?

. Levou a cabo o goberno galego inspeccións nos vertedoiros próximos a Vilagudín para coñecer as causas da morte de gaivotas e outras aves?

. Ten datos a Xunta sobre a posibilidade de extensión deste gromo a outras especies?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2022 11:39:18

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:43:25
Nº Rexistro: 41930
Data envio: 28/09/2022 11:43:25.045

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2022 11:39:22

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:43:38
Nº Rexistro: 41932
Data envio: 28/09/2022 11:43:38.483

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Gonzalo Caballero Míguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Ante as declaracións o pasado 18 de setembro do exalcalde e actual voceiro municipal do Partido Popular no Concello de Cangas, José Enrique Sotelo Villar, nas que denominaba ao Consello de Contas de Galicia como un "chiringuito" onde se repartían postos entre o PP, o PSOE e o BNG e que non servía para outra cousa, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego destas afirmacións?

2ª) Comparte o Goberno galego estas afirmacións?

3ª) Vaille esixir o Goberno galego ao voceiro do PP no concello de Cangas que se retracte das afirmación feitas?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2022 11:37:30

María Leticia Gallego Sanromán na data 28/09/2022 11:37:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2022 11:38:00

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:44:47
Nº Rexistro: 41936
Data envio: 28/09/2022 11:44:47.984

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No debate desenvolvido no Senado o pasado 6 de setembro entre o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, e o líder do PP, Alberto Núñez Feijóo, que se estreou como senador no mes de maio, confrontaron os seus modelos para abordar asuntos como a crise enerxética. Así, mentres que o presidente do Goberno, Pedro Sánchez debullou unha a unha as medidas aprobadas e implementadas polo Goberno para axudar á cidadanía do noso país a combater as consecuencias do crecemento desmesurado dos prezos derivados, fundamentalmente da invasión de Ucraína por Putin, o Sr. Feijóo propoñía que se premie con descontos directos no recibo enerxético aos consumidores, familias e Pemes polo seu aforro de enerxía, enviando ao Goberno español unha semana despois do debate as supostas medidas propostas polo Partido Popular, que nas súas conclusións eran unha copia literal dun documento que a Xunta de Galicia xa enviara á Moncloa no mes de agosto.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego de que o senador Núñez Feijóo achegue o mesmo documento elaborado pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado como se fose unha nova proposta presentada polo Partido Popular?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2022 11:38:59

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 11:44:47
Nº Rexistro: 41936
Data envio: 28/09/2022 11:44:47.984

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2022 11:39:21

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 12:03:14
Nº Rexistro: 41939
Data envio: 28/09/2022 12:03:14.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación da canteira de Casalonga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O expediente do plan de restauración da canteira de Casalonga aprobado pola Xunta ten graves carencias e irregularidades:

- na zona existen varias zonas de vertedoiros de materiais de construción, entullos, lodos que non constan na documentación do plan; aínda que nestes vertedoiros acumúlanse máis de 500.000 m³ de residuos, non se citan nos informes da Dirección Xeral de Planificaciónm Enerxética e non consta tampouco informe ao respecto de TRAGSA;

-na contorna da canteira, augas abaixo, existen 17 puntos de captación de auga para abastecemento da veciñanza, que poderían verse afectadas pola contaminación derivada da zona da explotación mineira e dos vertedoiros non rexistrados;

-o organismo Augas de Galicia retiroulle á empresa promotora do Plan de restauración a autorización do vertido das augas das pozas do interior do oco mineiro;

-non existe información sobre o aval depositado polo concesionario anterior e o aval do vixente plan de restauración ascende a 134.000 euros, unha cantidade claramente insuficiente para facer fronte aos traballos de restauración no caso de incumprimento por parte da empresa

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 12:03:14
Nº Rexistro: 41939
Data envio: 28/09/2022 12:03:14.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O plan de restauración aprobouse ao abeiro dunha DIA caducada.

Por outra parte, existen dúbidas sobre a caducidade da concesión, xa que a Xunta decretou a suspensión da actividade polo prazo de un ano, desde setembro de 2021.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Coñece a Xunta a existencia de numerosos vertedoiros no ámbito da concesión mineira de Casalonga?

. Vai revisar a Xunta o Plan de restauración de Casalonga para incluír estes vertedoiros?

. Comparte a Xunta a idea da caducidade da DIA e a necesidade dunha nova declaración de impacto ambiental?

. Cal é a situación administrativa da canteira en relación coa suspensión da actividade e coa caducidade da concesión?

. Que actuacións realizou Augas de Galicia en relación coa denegación de autorización de vertido e as iniciativas levadas a cabo pola empresa ao respecto?

. Considera suficiente a Xunta o aval fixado no Plan de restauración?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 12:03:14
Nº Rexistro: 41939
Data envio: 28/09/2022 12:03:14.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2022 12:00:22

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2022 12:00:30

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:26:18
Nº Rexistro: 41949
Data envio: 28/09/2022 13:26:18.449

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Co gallo da celebración do Día internacional da Xuventude o pasado 12 de agosto, UGT-Galicia presentou unha radiografía do mercado laboral galego centrada nos máis mozos que amosa falta de oportunidades, a pesar de ter Galicia pouca poboación nesta franxa de idade, que se reflicte en taxas de actividade moi baixas, altos índices de desemprego e baixos salarios. A precariedade segue a ser tamén unha constante, aínda que a reforma laboral, froito do diálogo social, comeza a dar os seus froitos e está a facer posible que a contratación indefinida mellore tamén neste sector da poboación. Precisamente, UGT-Galicia considera que este é o camiño, o do diálogo e concertación para chegar a novos acordos que vaian na liña de mellora do mercado laboral en xeral e tamén dos máis mozos. En termos de poboación, Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas (de 16 a 35 anos), cun peso cada vez menor no conxunto de idades. Isto, inicialmente, podería levar a unha interpretación que resulta errónea. Ó existir menos poboación nesta franxa de idade as oportunidades no mercado laboral deberían ser máis e mellores pero isto non é así. Todo o contrario. Os máis mozos son o grupo diana das grandes eivas do mercado laboral galego.

Hai na nosa comunidade un total de 453.600 mozos e mozas (entre 16 e 35 anos), segundo os últimos datos da EPA, segundo trimestre de 2022. Esta cifra representa o 19,37 % sobre o total de idades, a porcentaxe máis baixa dos últimos anos, que contrasta, por exemplo, cos datos do terceiro trimestre de 2009, cando este grupo de poboación representaba o 27,2 % sobre o total. Estamos, polo tanto, entre as tres comunidades autónomas coa taxa de actividade xuvenil máis baixa do Estado, do 59 %, fronte ó 63,9 % de media ou datos como os de Cataluña ou Madrid, por enriba do 67 %. De aquí conclúese un dos datos máis destacable e negativo, rexistramos a terceira menor taxa de actividade no Estado entre a súa poboación máis nova (de 16 a 35 anos), sendo menor tan só en Asturias e Cantabria. A taxa de paro xuvenil sube aquí ata o 19,7 %, moi afastada do 11,2 % do conxunto de idades. Pero é que esta sube ata o 55,2 % no grupo de 16 a 19 anos.

Nun contexto de crise como o actual, cómpre lembrar que a mocidade galega xa viña soportan dun xeito máis incisivo o desemprego, baixas taxas de actividade,

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:26:18
Nº Rexistro: 41949
Data envio: 28/09/2022 13:26:18.449

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

baixos salarios e precariedade e unha das taxas máis baixas de emancipación a nivel estatal.

A radiografía é especialmente dramática entre os 30 e os 34 anos con 4 de cada 10 mozos e mozas galegas que non logran facer unha vida independente situándonos na segunda peor taxa de Estado só por detrás de Canarias. Xunto as dificultades laborais cabe salientar a falla de vivenda accesible na nosa comunidade como razón fundamental desta falla de independencia que está a hipotecar a toda unha xeración que ve afogado o seu desenvolvemento vital. Atendendo ao aumento desorbitado dos prezos da vivenda, á falla dun plan específico de acceso á vivenda asumible fundamentalmente en réxime de alugueiro, os gastos de luz e auga impide que mesmo tendo un traballo sexa viable pensar nun proxecto de vida independente para a maioría da mocidade o que redunda ao mesmo tempo na fonda crise demográfica que estamos a vivir.

Neste contexto, a Xunta de Galicia non pode mirar cara outro lado e ademais de aumentar de xeito considerable e urxente as axudas ao alugueiro nos vindeiros orzamentos debe poñer en marcha medidas de carácter estrutural.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas pensa desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a demoledora situación económica e laboral da mocidade galega?

2. Ante a preocupante crise demográfica e a falta de oportunidades para a emancipación da mocidade galega e o desenvolvemento dun proxecto de vida propio que política en materia laboral, económica e de vivenda vai tomar o Goberno da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:26:18
Nº Rexistro: 41949
Data envio: 28/09/2022 13:26:18.449

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/09/2022 13:22:21

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/09/2022 13:22:31

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2022 13:22:42

Marina Ortega Otero na data 28/09/2022 13:22:53

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:27:24
Nº Rexistro: 41954
Data envio: 28/09/2022 13:27:24.403

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O CPI Cruz de Sar de Bergondo acolle este curso a máis de 350 alumnas e alumnos, dos cales máis de 30 son nenas e nenos con necesidades específicas e especiais, alumnado entre o que existen casos de menores cun elevado grao de dependencia recoñecido. A filosofía do centro réxese polos principios de inclusión en canto á atención á diversidade. Cunha radiografía similar á do curso pasado e incluso con novas matrículas de alumnado NEE e NEA, o centro conta este 2022/2023 con dous profesores menos, un mestre de Educación Primaria e un de Pedagoxía Terapéutica.

A pesar de telo solicitado con tempo, a Consellería de Educación denegou un segundo especialista en Pedagoxía Terapéutica ademais de recortar nunha alta porcentaxe a xornada, insuficiente xa antes, na especialidade de Audición e Linguaxe. Segundo denuncia a ANPA e o conxunto da comunidade educativa, o colexio só conta cunha mestra de Pedagoxía Terapéutica por catálogo con destino definitivo e non conta con mestre ou mestra de Audición e Linguaxe, xa que por catálogo non está asignada esta praza, e cada curso vén unha persoa distinta, o que repercute ademais negativamente na calidade educativa imposibilitando o necesario seguimento e continuidade no traballo. No final do curso pasado, e debido á previsión de incorporación deste alumnado novo con necesidades significativas, o departamento de orientación considerou imprescindible solicitar, ademais dunha mestra de Audición e Linguaxe, unha segunda mestra de Pedagoxía Terapéutica. No canto de atender estas necesidades trasladadas con tempo de adianto, a Consellería de Educación non contestou ata comezado o mes de setembro e o fixo denegando a solicitude dun especialista en Pedagoxía Terapéutica, recortando a xornada do de Audición e Linguaxe nunha alta porcentaxe de horas e prescindindo dun mestre de Primaria.

Educación fundamenta esta decisión na dispoñibilidade de horas coas que contan os docentes de Primaria, pero a realidade é que as necesidades específicas destas alumnas e alumnos con diversidade funcional non poden ser atendidas deste xeito. O impacto negativo non só afectará aos máis de 30 alumnos e alumnas ás que se lles nega un profesor especialista senón ao conxunto do alumnado. Dende

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:27:24
Nº Rexistro: 41954
Data envio: 28/09/2022 13:27:24.403

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

a ANPA do centro teñen iniciado un calendario de mobilizacións e lembran que esta decisión vulnera o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O texto do decreto recolle no seu articulado a adopción de medidas extraordinarias e de atención á diversidade para dar resposta a necesidades educativas específicas que deberán ser aplicadas una vez esgotadas as de carácter ordinario ou resultar insuficientes. A demanda das familias, canalizada a través da APA As Mariñas conta co apoio da totalidade do equipo directivo e docente do CPI Cruz do Sar, así como de todas as asociacións do concello mariñán. Asemade, todos os grupos políticos da Corporación municipal amosaron a súa disposición para axudar a resolver este problema co Goberno municipal á cabeza. A propia alcaldesa se ten dirixido a Inspección para defender os intereses do centro e do alumnado e para denunciar o desleixo e a desatención ás demandas xustificadas do centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Consellería de Educación o aumento do alumnado con necesidades educativas matriculado este curso no CPI Cruz do Sar?
2. Considera que co recorte de docentes e horas están a garantir no centro unha educación inclusiva e de calidade?
3. Con que criterio a Consellería ten denegado a solicitude dun especialista en Pedagoxía Terapéutica, recortado a xornada do profesional de Audición e Linguaxe e recortado o docente de Primaria?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Pablo Arangüena Fernández
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:27:24
Nº Rexistro: 41954
Data envio: 28/09/2022 13:27:24.403

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/09/2022 13:16:20

Noa Susana Díaz Varela na data 28/09/2022 13:16:29

Pablo Arangüena Fernández na data 28/09/2022 13:16:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2022 13:16:54

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:29:33
Nº Rexistro: 41956
Data envio: 28/09/2022 13:29:33.844

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

En setembro de 2018 a Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do territorio asinaba un convenio co Concello do Pino para a mellora do saneamento e da depuración nese termo municipal, cun financiamento nesa primeira fase -obras prioritarias- dunha cantidade máxima de 2.100.000 euros, sufragados na súa totalidade por Augas de Galicia. O convenio establecía un total de 4 anualidades: 32.275.000 euros en 2018, 266.724.000 en 2019, 900.000 en 2021 e 900.000 en 2022.

En setembro de 2020, e ante a dilación nos prazos do proxecto e a súa execución, asínase unha addenda a ese convenio na que se explícita que o proxecto construtivo da obra aínda se está a redactar. Amplíase así a vixencia e reaxústanse as anualidades de xeito que se establece a aprobación do proxecto no último cuadrimestre do 2020 e a licitación do contrato no 2021.

Mais a realidade é que tampouco nesa segunda ocasión se cumpriron os prazos xa que a licitación non se lanzou no 2021 senón un ano máis tarde. A addenda prevía o maior montante orzamentario (1.700.000 euros) para o ano 2022, mais nestes momentos o proceso de licitación está aínda en marcha e non parece que se vaia resolver nun breve prazo de tempo para poder executala.

Hai que lembrar que o concello do Pino non conta con ningunha instalación de depuración de augas residuais, co prexuízo que supón para a súa poboación e para a súa contorna natural, polo que esta debería ser unha obra prioritaria para o Goberno galego. Non se explica tanta dilación nun proxecto comprometido oficialmente hai catro anos.

Esta ineficacia nunha infraestrutura imprescindible para un concello situado no Camiño de Santiago, que atende cada ano a miles de visitantes que hai que lle sumar á súa poboación natural, non parece ter unha explicación razoable que non sexa a de agardar polo financiamento extraordinario con fondos europeos consecuencia da crise da covid-19. Non en van, a obra que nun principio ía ser sufragada por Augas de Galicia vai ser agora financiada na súa totalidade no marco do Eixe REACT-UE do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 13:29:33
Nº Rexistro: 41956
Data envio: 28/09/2022 13:29:33.844

1ª) Cales son as razóns que explican o atraso de catro anos na construción da depuradora e mellora do saneamento no concello do Pino?

2ª) Cando está previsto que estean finalizadas as obras?

3ª) Como valora a Xunta de Galicia que un concello como o do Pino, que multiplica a súa poboación boa parte do ano ao atoparse emprazado no Camiño de Santiago, non dispoña de ningún sistema de depuración de augas residuais?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2022 13:43:59

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2022 13:44:13

Paloma Castro Rey na data 27/09/2022 13:44:29

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 17:12:10
Nº Rexistro: 41962
Data envio: 28/09/2022 17:12:10.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **María González Albert** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego do empobrecemento extremo das e dos pensionistas de Ourense e ás actuacións que debe impulsar para paliar a súa situación.

Exposición de motivos

A cronificación da suba da inflación está tendo consecuencias importantes no empobrecemento da sociedade galega. Singularmente, esta situación impacta máis en quen menos ten. Entre os colectivos con máis dificultades están as e os pensionistas que ingresan menos recursos.

Cómpre recordar que a pensión é un dereito conquistado pola clase traballadora, e que xa no noso país as e os pensionistas sufriron o impacto negativo da crise desatada a partir de 2008 e das sucesivas reformas desde o ámbito do Estado. Agora mesmo, estamos a ver como desde o marco da Unión Europea e diante da transferencia dos denominados fondos europeos para a reconstrución, volve estar en cuestión este dereito, con cambios xa aplicados e outros anunciados ao abeiro dunha condicionalidade que se traduce na perda de capacidade adquisitiva.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 17:12:10
Nº Rexistro: 41962
Data envio: 28/09/2022 17:12:10.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, o goberno do Partido Popular vén negándose a exercer o seu autogoberno e impulsar medidas como o incremento da contía das pensións non contributivas. Así as cousas, os datos máis recentes alertan das baixas contías das pensións galegas. Isto agrava a situación se temos en conta, ademais, que Galiza arrastra unha inflación superior á do Estado desde hai máis dun ano. Isto quere dicir que as e os nosos pensionistas teñen menos capacidade de resistencia ante a crise de prezos.

Máis aínda, estes demoledores datos amosan tamén unha desigualdade dentro do territorio galego, singularmente no que coñecemos como provincias de Lugo e Ourense. É necesario salientar que ningunha destas chega á cifra de pensión media de mil euros. Se ben a pensión media por xubilación en Galiza acada no mes de setembro os 1.065,42 euros, en Lugo e Ourense 893,43 e 949,96 euros respectivamente.

Nesta situación, chove sobre mollado e o goberno galego debe impulsar medidas urxentes de actuación para evitar que o empobrecemento das e dos pensionistas de territorios como Ourense sexan aínda máis graves que no conxunto do país. Máis aínda, tendo en conta que outros indicadores como o emprego, o volume de poboación activa, os índices de empobrecemento, etc. son tamén preocupantes.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 17:12:10
Nº Rexistro: 41962
Data envio: 28/09/2022 17:12:10.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para evitar o agravamento do empobrecemento das e dos pensionistas ourensáns con respecto ao conxunto de Galiza e do Estado?

Como valora a Xunta de Galiza a situación e evolución das pensións galegas?

Que impacto ten na economía galega a baixa contía das pensións galegas?

Considera adecuado a Xunta de Galiza que a condicionalidade dos fondos europeos poida afectar ás pensións galegas?

Valora a Xunta de Galiza incrementa a súa achega ás pensións non contributivas? Cales son as razóns?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 28/09/2022 17:10:21

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2022 17:12:10
Nº Rexistro: 41962
Data envio: 28/09/2022 17:12:10.567

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/09/2022 17:10:29

María González Albert na data 28/09/2022 17:10:41

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2022 17:10:56

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41971
Data envio: 28/09/2022 18:57:54.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Pérez López**, **Carme González Iglesias** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de setembro as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza rexistraron e comunicaron unha convocatoria de folga no sector da industria do metal da provincia de Ourense para os días 28 e 29 de setembro, e advirten que para o caso da patronal manterse no actual inmobilismo a folga será indefinida a partir do 5 de outubro.

O principal atranco para o acordo, como era previsíbel, está nas subas e revisións salariais. A patronal limita a súa oferta ao 4% para os distintos anos de vixencia do convenio, 2022-2024, e a parte social demanda un incremento do 6,5% para os anos 2022 e 2023, e do 5% para o ano 2024, con cláusula de revisión salarial e que os atrasos se perciban desde o 1 de xaneiro.

As subas salariais veñen sendo loxicamente motivo de debate público e de conflito social neste escenario de inflación desbocada que está a provocar unha perda de poder adquisitivo entre a clase traballadora sensibelmente superior ao que marca o IPC, por certo medio punto superior na Galiza ao da media do estado español (6,6% último dato oficial no que vai de ano) por causa, segundo o Conselleiro de Facenda da Xunta, da maior ponderación dos prezos da electricidade e do combustíbel no IPC galego, o que evidencia a necesidade de realizar diferentes índices en función das diferentes realidades sociais, como a territorial e o nivel de renda.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41971
Data envio: 28/09/2022 18:57:54.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG consideramos de vital importancia que o goberno galego se implique activamente para evitar a perda de poder adquisitivo da clase traballadora, máis aínda se temos en conta o punto de partida dos salarios e cotizacións da provincia de Ourense, por debaixo da media galega, e nun 88,5% da media do estado español.

O persoal afectado polo convenio colectivo da Industria do siderometal e talleres de reparación de vehículos representa unha elevada porcentaxe dos traballadores e traballadoras da provincia de Ourense que traballan por conta allea, e non cabe dúbida de que as súas condicións salariais e de traballo, e a súa eventual perda de poder adquisitivo, terían importantes consecuencias na economía provincial e toda Galiza.

Por suposto hai outras cuestións que son obxecto de discusión na mesa de negociación do convenio colectivo, non de menor importancia, fundamentais na vida dos traballadores e traballadoras, como por exemplo a xornada, mais a ninguén se lle escapa que a negociación da suba salarial e do mecanismo de revisión anual para evitar a perda de poder adquisitivo dos salarios está no cerne das reivindicacións sindicais nun sector que durante o ano 2021 tivo unha suba de apenas o 1,5% con efectos desde xullo e sen revisión a final de ano, cando o IPC galego do ano 2021 marcou o 6,7%.

Trátase dun sector que xa perdeu moito poder de compra, e desde o BNG, insistimos nisto, entendemos que a Xunta de Galiza debería preocuparse de garantir o poder adquisitivo dos salarios que como neste caso son de aplicación a amplas capas da sociedade galega.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Ten contactos formais a Xunta de Galiza cos negociadores deste convenio colectivo?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41971
Data envio: 28/09/2022 18:57:54.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Como estima a Xunta de Galiza que afecta a perda de poder adquisitivo do persoal afectado por este convenio?

3. Como explica e valora a Xunta de Galiza a posición de Ourense na táboa estatal de salarios e cotizacións?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/09/2022 18:40:22

Daniel Pérez López na data 28/09/2022 18:41:03

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2022 18:41:20

María do Carme González Iglesias na data 28/09/2022 18:41:29

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41975
Data envio: 28/09/2022 19:14:14.233

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o cumprimento da lexislación a respecto da atención de seguridade sanitaria na celebración de eventos festivos, musicais e deportivos multitudinarios.

A celebración de eventos festivos, deportivos e musicais ao longo do pasado verán en que concorreron miles de persoas requiriu a aplicación dunha normativa de atención de seguridade sanitaria que está determinada polo Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, así como polo Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario.

No Grupo Parlamentar do BNG recibimos con preocupación o desacougo da cidadanía galega ante algunhas prácticas que semellan posíbeis incumprimentos da lexislación por parte de empresas de ambulancias.

Estas supostas prácticas irregulares refírense a varias cuestións: uso de vehículos de tipo A non acondicionados para traslados de urxencia que poden producirse neste tipo de eventos festivos ou deportivos multitudinarios; dotación incompleta do persoal mínimo esixíbel para ambulancias uvis móbiles tipo C; rotulación irregular dalgunhas ambulancias; montaxe de hospitais de campaña en eventos multitudinarios insuficientemente dotados conforme a lexislación vixente.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41975
Data envio: 28/09/2022 19:14:14.233

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Ten recibido o goberno denuncias relativas ás irregularidades dalgunha empresa de ambulancias en relación á asistencia sanitaria en eventos multitudinarios celebrados en Galiza o pasado verán? E en anos anteriores?

- En caso positivo, que respondeu o goberno?

- Concedeu o goberno autorización de funcionamento dun servizo sanitario temporal, en cumprimento do establecido no Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, nos seguintes eventos: Festival do Son do Camiño, Caudal Fest e do Marisquiño de 2022?

- Verificou o goberno *in situ* o cumprimento das esixencia fixadas pola lexislación vixente conforme o Decreto 12/2009, Decreto 52/2015 e Decreto 836/2012 nos diferentes eventos para os que foi solicitado e concedido?

- Pode asegurar o goberno que a asistencia sanitaria en eventos multitudinarios cumpre coas esixencias fixadas pola lexislación vixente conforme o Decreto 12/2009, Decreto 52/2015 e Decreto 836/2012?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41975
Data envio: 28/09/2022 19:14:14.233

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2022 19:08:34

Daniel Castro García na data 28/09/2022 19:08:46

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2022 19:08:58

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:05
Nº Rexistro: 41982
Data envio: 29/09/2022 09:47:05.198

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a proposta dun marco de actuacións por parte da Xunta de Galiza co gallo da celebración do centenario do Seminario de Estudos Galegos, co obxectivo de reparar a dignidade do labor intelectual, cultural, científico, económico e político da extraordinaria xeración do Seminario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Irmandades da Fala conseguiron facer da lingua galega o sinal de identidade do país, potenciando infraestruturas que aseguraron a saída do espazo privado e o seu emprego na vida pública desde a fundación de Coros Populares, editoriais, compañías de teatro amadoras até a súa defensa pública en actos que percorreron o país.

A Revista Nós, herdeira directa do espírito das Irmandades da Fala e do seu boletín A Nosa Terra (1917), supuxo a renovación estética e literaria, a universalización da cultura galega desde a súa propia realidade e a demostración de que a nosa lingua era válida para calquera ámbito de uso.

O Seminario de Estudos Galegos significou un pulo máis nesta andaina de dignificación de Galiza: a promoción da investigación sobre o país desde todas as disciplinas lingüísticas e áreas do coñecemento.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:05
Nº Rexistro: 41982
Data envio: 29/09/2022 09:47:05.198

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 12 de outubro de 1923 nun roteiro simbólico desde Compostela até Ortoño, á casa da familia paterna de Rosalía, sélase esta irmandade. O 23 do mesmo mes asínase a acta fundacional do que se denominará Seminario de Estudos Galegos na casa do profesor Armando Cotarelo Valledor en Santiago de Compostela.

O SEG foi unha institución onde confluíron en 1923 os desexos e a necesidade de poñer en valor todos os aspectos da cultura galega, ausentes até aquel entón dos estudos universitarios.

Toda a intelectualidade galeguista irá incorporándose a un proxecto que procuraba avanzar no estudo, investigación e divulgación do patrimonio cultural galego.

O SEG estruturouse en diferentes seccións relacionadas coas disciplinas científicas do momento: Filoloxía (coordinada por Cotarelo Valledor), Historia (coordinada por Cabeza de León), Arte e Letras (coordinada por Castelao), Prehistoria (coordinada por F. Cuevillas), Xeografía (coordinada por Otero Pedrayo), Etnografía (coordinada por Vicente Risco), Ciencias Aplicadas (coordinada polo arquitecto Manuel Gómez Román), Pedagoxía (coordinada por Manuel Díaz Rozas), Historia da arte (coordinada por Xesús Carro), Ciencias naturais (coordinada por Luís Iglesias). Cómpre sinalarmos que dos membros fundadores, Filgueira Valverde coordinará a sección de Historia da Literatura e Lois Tobío Fernández a de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, un dos responsábeis con Carvalho Calero, tamén membro da institución, da redacción do *Anteproyeito do Estatuto da Galiza*. Tamén Isidro Parga Pondal, un dos científicos máis relevantes da institución, introduciría os estudos de xeoloxía e minería, crearía dentro das ciencias a subsección de Xeoquímica, con el colaboraría a licenciada en química, Dolores Lorenzo Salgado, a licenciada en farmacia Amparo Arango Fernández, que converterían en obxecto de estudo o volframio, as areas das praias galegas ou, no campo da bromatoloxía, a composición química dos queixos galegos.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:05
Nº Rexistro: 41982
Data envio: 29/09/2022 09:47:05.198

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai cen anos a cidade de Santiago de Compostela, como sede do SEG, converteuse na capital científica dunha Galiza con futuro, representada nesa xeración de profesorado, universitarios e universitarias que iniciaron novas liñas de investigación sobre o país e desde o país, que se conectaron co mundo e que lle abriron as portas a investigadores e investigadoras que chegaron de fóra como a romanista alemá Margot Sponer, autora da primeira tese sobre documentos do galego antigo (1931), defendida na daquela Universidade de Berlín.

Hai cen anos en Santiago de Compostela alentaba un espírito democrático que soñaba e traballaba para un mundo mellor, con sabedoría, que non podía imaxinar a ruptura que significaría a sublevación militar de1936 e as súas consecuencias que desmantelou o SEG, converténdoo nunha vítima máis do espolio fascista, co obxecto de anular a memoria de noso creada por este capital humano galego que axudou a nacer a investigación científica en galego e desde Galiza.

A represión violenta franquista actuou sobre esta xeración imprescindíbel para Galiza. Algúns dos membros foron asasinados, outros encarcerados, exiliados, multados, destituídos dos seus cargos públicos; o monumental fondo bibliográfico e a documentación científica recompilada compilados durante anos polos equipos de traballo do Seminario de Estudos Galegos foron confiscados ou destruídos pola censura franquista.

Un dos sobreviventes do proxecto do SEG, malia sufrir a represión fascista desde varias vertentes após 1936, foi Antón Fraguas, membro das Secciòns de Xeografía, Etnografía e Folclore, e Prehistoria, que, para alén doutros compromisos e responsabilidades posteriores coa cultura galega, desde 1963 asumiu a dirección do Museo do Pobo Galego, do que foi un dos fundadores.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:05
Nº Rexistro: 41982
Data envio: 29/09/2022 09:47:05.198

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 1943 o réxime franquista crea o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, adscrito ao CSIC, ao que se incorporan os fondos incautados, mais que, no canto de lle dar continuidade ao labor investigador desenvolvido polos membros do SEG, centrouse en desprestixiar os historiadores do Seminario e mais as súas obras.

Este 2023 celébrase o centenario do SEG e no grupo parlamentario do BNG entendemos que é unha boa ocasión para pór en valor o seu legado histórico a través dunha divulgación social expansiva, mais tamén debe ser a oportunidade definitiva para reconstruír a súa historia interna e reparar a ignonimia á que o someteu a censura franquista.

No BNG reclamamos a necesidade de poñer en valor o labor intelectual, cultural, científico, económico e político da extraordinaria xeración do Seminario, sobre todo en relación cos proxectos modernizadores e transformadores que puxeron en marcha desde Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Pensa a Xunta activar un plan de recuperación dos fondos do Seminario de Estudos Galegos que permita o seu inventario, unificación nun espazo único e acceso público, que inclúa a súa devolución ou transferencia a Galiza, co obxectivo de reparar a dignidade do labor intelectual, cultural, científico, económico e político da xeración do Seminario?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:47:05
Nº Rexistro: 41982
Data envio: 29/09/2022 09:47:05.198

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 29/09/2022 09:41:55

Daniel Castro García na data 29/09/2022 09:41:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/09/2022 09:42:10

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 12:21:37
Nº Rexistro: 41991
Data envio: 29/09/2022 12:21:37.538

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a responsabilidade dos medios de comunicación públicos en materia de xénero e a opinión da Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a CRTVG lanzou a promoción dunha serie, Saudade de ti, con, entre outras, as seguintes mensaxes:

Como sabes cando é amor de verdade?

O amor de verdade fai sufrir

Se é de verdade, é pura loucura

En xeral, todas as afirmacións que se utilizan no spot non fan senón reproducir os denominados mitos do amor romántico que configuran a base de relacións afectivas tóxicas e machistas, como analizou e estudou de maneira extensa o pensamento feminista.

Non é a primeira vez en que desde o Grupo Parlamentar do BNG advertimos á Dirección Xeral da CRTVG da falta de perspectiva de xénero na súa programación.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 12:21:37
Nº Rexistro: 41991
Data envio: 29/09/2022 12:21:37.538

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sen ir máis lonxe, nos últimos meses cuestionamos o tratamento informativo da condena ao xogador do Celta, Santi Mina, por violación e tamén a frivolidade e espectaculización coa que se abordou un caso de acoso no programa Land Rober.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vémonos na obriga de insistir na enorme responsabilidade dos medios de comunicación, públicos e privados, á hora de coidar as mensaxes e o tratamento que fan da información sendo, non necesaria senón imprescindíbel, a introdución en todo momento da perspectiva de xénero.

Por esa razón, tamén nos vemos na obriga de preguntar á Consellaría de Igualdade e SX de Igualdade que opinión lle merece este tipo de mensaxes difundidas a través dos medios públicos de comunicación, se considera que contribúen a erradicar as bases que sosteñen a violencia machista ou polo contrario, cre que afonda nos mitos do amor romántico, tóxico, que ve no mal trato algún tipo de romanticismo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a SX de Igualdade as mensaxes referidas na promoción da serie Saudades de ti?

- Cre que é un contido acaído?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 12:21:37
Nº Rexistro: 41991
Data envio: 29/09/2022 12:21:37.538

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2022 12:18:08

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2022 12:18:18

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2022 12:18:27

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42001
Data envio: 29/09/2022 16:18:37.570

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Estímase que os salarios en Galicia son un 7.5 % máis baixos que no conxunto de España. Así o reflexan estudos salariais do Monitor Adecco, que sinalan que o salario medio bruto por traballador en Galicia está en 1.620 euros mensuais, mentres en España sitúase en 1.751 euros. Esta realidade sitúa os salarios en Galicia moi por debaixo do salario medio ordinario bruto da UE, que alcanzou os 2.194 euros mensuais, polo que segue existindo unha fenda estrutural nos niveis salariais da economía galega que reflexa debilidades da nosa economía. En termos medios, tense publicado que, de acordo a estas cifras, para gañar o que gaña un alemán en 12 meses, un traballador galego debería traballar 22 meses.

A maiores, o actual proceso inflacionario merma a capacidade adquisitiva das persoas traballadoras e, para o caso galego, a taxa de inflación está sendo superior á do conxunto do Estado. Os salarios están crecendo moi por debaixo do IPC, o cal implica unha considerable perda de poder adquisitivo. Galicia foi unha das comunidades autónomas españolas con maior incremento salarial nos convenios colectivos negociados ata o mes de xullo, pero ese aumento medio negociado situouse nun 3,79 % cando a inflación chegou ata o 11,5 %. A fenda entre crecemento de salarios e inflación resulta preocupante para unha cidadanía con niveis salariais máis baixos.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que política económica está aplicando a Xunta de Galicia para defender o poder adquisitivo dos traballadores/as galegos/as?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2022

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 42001
Data envio: 29/09/2022 16:18:37.570

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/09/2022 16:14:59

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/09/2022 16:15:09

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/09/2022 16:15:22

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:33:13
Nº Rexistro: 42007
Data envio: 29/09/2022 16:33:13.665

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O trato dispensado ás vítimas de violencia de xénero nas sedes xudiciais é indispensable para crear unha atmosfera de seguridade e protección.

Así mesmo a creación dun clima de empatía e tranquilidade serve á seguridade das vítimas ou os recursos que existen a súa disposición, tomar a declaración sen presas, respectando os seus tempos...

Dende o Grupo Socialista defendemos que un modelo de atención axeitado esixe:

a) Unha especial consideración dos colectivos especialmente vulnerables (entre outros, mulleres estranxeiras, discapacitadas...)

b) Que as dependencias nas que as vítimas deberán esperar ou prestar declaración sirvan así mesmo á creación da atmosfera propicia para que poidan exteriorizar cara terceiros aspectos negativos da súa vida e experiencias persoais.

c) Que as sedes xudiciais conten con lugares axeitados para os tempos de agarda garantindo que no existirá confrontación visual entre denunciante e denunciado.

En Galicia na meirande parte dos xulgados que resolven procesos en materia de Violencia sobre a Muller non se cumpren estes requisitos, sobre todo cando se trata de xulgados mixtos que coñecen tamén outras materias.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, é a Administración con competencias en materia de medios materiais para atender o correcto funcionamento da Administración de Xustiza e, polo tanto, para garantir a implementación dos recursos necesarios para dispensar un axeitado trato ás usuarias do sistema de xustiza penal e, en especial, ás vítimas de violencia de xénero.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:33:13
Nº Rexistro: 42007
Data envio: 29/09/2022 16:33:13.665

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Dezaoito anos despois da entrada en vigor da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero non é asumible que aínda nos atopemos nesta situación polo que dende o Grupo Socialista esiximos a este goberno que redacte un plan de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero dentro das sedes xudiciais previsto para un período de 4 anos e no que se contemple unha adecuación progresiva dos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero en todo o territorio galego co obxectivo de mellorar a seguridade e protección das vítimas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que as sedes xudiciais deste país cumpren os requisitos axeitados de seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero?
2. Ten previsto o Goberno a adecuación das sedes xudiciais deste país para que cumpran os requisitos axeitados de seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/09/2022 16:20:48

Noa Susana Díaz Varela na data 29/09/2022 16:20:57

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 16:33:13
Nº Rexistro: 42007
Data envio: 29/09/2022 16:33:13.665

Noelia Otero Lago na data 29/09/2022 16:21:09

Pablo Arangüena Fernández na data 29/09/2022 16:21:17

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 17:00:47
Nº Rexistro: 42010
Data envio: 29/09/2022 17:00:47.339

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Comisión 2ª do Parlamento de Galicia, a instancia e como resultado dunha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista con número de rexistro 15.584, acordou na súa sesión do 18 de maio de 2021 instar á Xunta de Galicia "a rematar os traballos para a ampliación e revisión da Rede Natura 2000, así como avanzar na aprobación dos diferentes plans de xestión no prazo máis breve posible".

A pesar do tempo transcorrido, non hai ningunha noticia nin indicio de que ese acordo se vaia cumprir, a pesar de que a Xunta xa anunciara a ampliación –que deixara ultimada o goberno de Emilio Pérez Touriño- no ano 2011, quedando paralizada por razóns descoñecidas pero por todos sospeitadas durante unha década, a pesar de que nun anuncio no DOG de xaneiro de 2012, a propia Xunta recoñecía que a ampliación era "urxente".

Hai que ter en conta que Galicia ten a Rede Natura máis pequena entre as 17 CC.AA, con menos do 12 % da súa superficie protexida sobre o papel fronte ao 20 % da seguinte comunidade, que é o País Vasco, e ao 27 % de media estatal. Hai que ter en conta tamén que polo que sabemos da proxectada ampliación, aínda de levarse a cabo, estariamos moi lonxe da media estatal e seguiriamos á cola das CC.AA, é dicir, non se trata dunha ampliación en modo algún ambiciosa.

A rede natura galega carece de mecanismos para compensar as restricións de uso da propiedade asociadas ao plan director, ademais de que sería recomendable dinamizar os recursos e o patrimonio natural e ambiental dos territorios que sexan xa ou sexan declarados no futuro Rede Natura, polo que sería recomendable crear un fondo de compensación a tal efecto.

Ese fondo podería nutrirse de recursos europeos, estatais, autonómicos ou incluso, no seu caso, procedentes de empresas que queiran voluntariamente contribuír dentro da súa responsabilidade social corporativa.

Por outra banda, en resposta a unha pregunta do eurodeputado do PSdeG Nicolás González Casares do mes de agosto de 2022, a Comisión Europea afirma que *"A Comisión considera que o Plan director elaborado por Galicia para a xestión*

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 17:00:47
Nº Rexistro: 42010
Data envio: 29/09/2022 17:00:47.339

dos espazos Natura 2000 non cumpre os requisitos da Directiva Hábitats con respecto ás sesenta e cinco zonas especiais de conservación de Galicia, incluída a zona Ancares-Courel".

Isto engádese ao feito de que segundo a organización ecoloxista WWF, Galicia ten o peor plan director entre as comunidades autónomas do Estado. Faise, por tanto, obxectivamente necesario modificar o Plan director da Rede Natura para melloralo e adaptalo á normativa europea e, en particular, á directiva de hábitats que a Comisión afirma que non cumpre.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego que a Comisión Europea afirme por escrito que "o *Plan director elaborado por Galicia para a xestión dos espazos Natura 2000 non cumpre os requisitos da Directiva Hábitats con respecto ás sesenta e cinco zonas especiais de conservación de Galicia"?*

2ª) Como valora o Goberno galego que Galicia sexa a comunidade autónoma que ten a menor porcentaxe de solo incluído na Rede Natura, con menos da metade (11,8 %) de superficie protexida que a media estatal que é do 27 %?

3ª) Cando vai o Goberno galego a cumprir o acordo da Comisión 2ª do 18 de maio que o obriga a rematar os traballos para a ampliación da Rede Natura e, en consecuencia, a proceder á dita ampliación?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 29/09/2022 16:56:38

Paloma Castro Rey na data 29/09/2022 16:56:51

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 17:33:12
Nº Rexistro: 42015
Data envio: 29/09/2022 17:33:12.109

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Regulamento 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común recolle a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares, especialmente sensibles, de augas profundas.

No ano 2016 aprobouse en Europa o Regulamento 2016/2336 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro dese ano, específico de augas profundas que sinala que, a máis tardar o 13 de xaneiro de 2018, a Comisión Europea adoptará os actos de execución co obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou que sexa probable que existan entre os 400 e 800 metros de profundidade sobre a base da mellor información científica e técnica dispoñible, tendo presentes tamén as avaliacións e identificacións levadas a cabo polos Estados membros e o organismo científico consultivo. Deste xeito prohibirase a pesca con artes de fondo en todas as zonas incluídas na lista que será revisada cada ano.

A Comisión Europea non deu cumprimento ao contemplado no citado Regulamento de 2016, mais recentemente coincidindo coa Conferencia dos Océanos en Lisboa, celebrada entre os días 26 de xuño e 1 de xullo do presente ano, o comisario de Pesca europea fixo público que o organismo comunitario estaba a examinar se continuaba coa adopción dun regulamento para prohibir a pesca de fondo en zonas vulnerables, que afectaría a 94 áreas de augas comunitarias do Atlántico Nororiental. Decisión adoptada xusto despois de que no debate no Comité de Pesca, no que se tiña que dar o visto e prace a tal decisión non se acadase a maioría necesaria para sacar esta votación adiante. España, xunto con Irlanda, votaron en contra desta prohibición.

O 15 de setembro a Comisión Europea adoptou a decisión de pechar á pesca de fondo 87 zonas ao longo da plataforma continental mariña comunitaria que foi publicada o 19 de setembro no Diario Oficial da Unión Europea (UE) a través do regulamento que entrará en vigor nun prazo de 20 días.

Este veto sumamente prexudicial para os intereses da frota galega, nomeadamente das persoas que traballan na zona de litoral e Gran Sol, levouse a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia. Por

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 17:33:12
Nº Rexistro: 42015
Data envio: 29/09/2022 17:33:12.109

parte dos órganos comunitarios non se lles consultou aos Estados membros dunha forma seria, así como tampouco non se tivo en conta o sector pesqueiro. A esta falta de diálogo preocupante súmaselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar os suficientes argumentos científicos e técnicos que o avalen e sen un verdadeiro estudo socieconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.

Novamente, España, xunto con Irlanda e Francia conseguiron incluír na orde do día do Consello de Ministros de Pesca da UE do día 26 de setembro o tema do veto da CE á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de:

- FORMA: porque despois da non adopción por falla de maioría do ditame do Consello Consultivo, unha soa reunión o pasado 26 de xullo non é unha forma seria de consultar ao sector nin aos Estados membros.

- FONDO: o informe do ICES non é actual nin cobre o conxunto de decisións que conforme a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea e inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia interpoñer un recurso ante os tribunais europeos contra o Regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles?

Pazo do Parlamento, 29 de setembro 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 29/09/2022 16:26:08

Julio Torrado Quintela na data 29/09/2022 16:26:29

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 18:01:14
Nº Rexistro: 42022
Data envio: 29/09/2022 18:01:14.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida case catro mil galeg@s (3.083) entre 2010 e 2021. Segundo o informe do IMELGA recentemente publicado no último ano foron 331 persoas.

A falta de coñecer os datos do INE para todo o Estado, todo parece indicar que Galiza seguirá tristemente á cabeza das taxas de suicidios por cen mil habitantes.

Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas non naturais e convérteno nun problema sanitario e social de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicido consumada prodúcense entre vinte e trinta tentativas.

A pandemia orixinada pola Covid 19 e a tremenda crise actual deixan en evidencia que se antes os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíticos, agora son absolutamente insuficientes para atender á poboación.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 18:01:14
Nº Rexistro: 42022
Data envio: 29/09/2022 18:01:14.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Cinco anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento ou avaliación da situación. Non coñecemos que tiveran feito ningunha memoria anual de actividade e seguimento nin tampouco informe de resultados. Non poden utilizar o contexto de pandemia e de crise para diluír responsabilidades ante a inacción que se está a manter de forma obstinada.

A prevención do suicidio segue sen ocupar un lugar prioritario nas políticas publicas, a pesar do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

A Xunta non está a poñer todos os medios necesarios nin o interese para levar a cabo políticas públicas eficaces que consigan diminuír as taxas de mortalidade por suicidio e con isto o nivel de sufrimento que moita xente está a padecer.

É urxente destinar recursos e medios para ter información, datos precisos e regulares para servir de guía das accións a realizar, para atender as necesidades de atención psicolóxica e psiquiátrica á poboación. Dispor de información, de datos actualizados, de calidade, precisos é moi importante, para que o traballo preventivo sexa eficaz. Publicar datos con nove meses de atraso, como ven de facer o Imelga coa memoria de ano 2021, non serven para a planificación.

A asistencia eficaz é a que é accesíbel no momento que se precisa, logo a abordaxe é moito máis difícil, ou chega tarde. Sen o aumento de recursos, persoal, dispositivos, non é posíbel. Atención Primaria tiña que xogar un papel fundamental na detección, prevención, seguimento, que pola falta de recursos non pode realizar.

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 18:01:14
Nº Rexistro: 42022
Data envio: 29/09/2022 18:01:14.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Coida que a Xunta de Galiza está tendo unha actuación na prevención, detección e atención ao suicidio acorde á magnitude da incidencia no noso país?

. Que actuacións está realizando a Xunta diante da altísima prevalencia do suicidio en Galiza?

. Parécelle asumíbel que case catro mil galeg@s (3.083) se quitaran a vida entre 2010 e 2021, 331 persoas no último ano, segundo o informe do IMELGA recentemente publicado?

. Teñen algún estudo sobre as características das persoas suicidas en Galiza?, si é así cal é o resultado do mesmo?

. Realizaron algún estudo para determinar os efectos ds Covid 19 e da actual crise están a ter na saúde mental da poboación, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia?

. Parécelle que é útil para a planificación publicar datos con nove meses de atraso, como ven de facer o Imelga coa memoria de ano 2021?

. Van aumentar os recursos, dispositivos e persoal para poder prestar a atención precisa na atención ao suicidio?

. Teñen realizado algún estudo de necesidade de persoal de saúde mental, psiquiatras, psicólogos clínicos, enfermería especialista en saúde mental para atender á poboación que precisa atención?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 18:01:14
Nº Rexistro: 42022
Data envio: 29/09/2022 18:01:14.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantas prazas de formación destas categorías ten solicitado o Sergas nos últimos dez anos?

. Cal é a planificación para os seguintes?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/09/2022 17:56:38

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2022 17:56:42

Iria Carreira Pazos na data 29/09/2022 17:56:50

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41979
Data envio: 28/09/2022 19:26:38.887

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Noa Presas Bergantiños** e **María González Albert**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre os contratos artísticos entre o persoal da CRTVG.

As organizacións sindicais que representan o persoal traballador da Corporación da radio e televisión pública de Galiza veñen denunciando nos últimos meses o abuso por parte da CRTVG dos contratos artísticos, unha fórmula contractual que dá acceso a un ente público sen ningún proceso de selección pública.

Contratos artísticos asinados nas áreas de deportes, nos servizos informativos e mesmo entre o persoal que exerce funcións de dirección no seo da Corporación.

Esta fórmula supón que, entre outras cuestións, as persoas inscritas nas listaxes de contratación públicas da CRTVG non poida optar a eses postos de traballo que son ocupados por persoas seleccionadas sen que se coñezan uns criterios obxectivos e claros.

Por esta razón formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Cantas persoas contan na actualidade cun contrato artístico na CRTVG?

- Que postos de traballo ocupan e que funcións desenvolven?

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 41979
Data envio: 28/09/2022 19:26:38.887

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que criterios utiliza a CRTVG para optar por esta fórmula contractual e non polas listaxes de contratación pública?

- Coida a CRTVG que está xustificado este proceder?

- Vai mudar en algo a súa actuación?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2022 19:21:38

María González Albert na data 28/09/2022 19:21:54

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2022 19:22:24

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 12:18:53
Nº Rexistro: 41989
Data envio: 29/09/2022 12:18:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Noa Presas Bergantiños** e **María González Albert**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a actualización de contidos na web corporativa da CRTVG.

Recentemente, no concreto no mes de xullo segundo aparece referido na páxina web da CRTVG, a Corporación pendurou un novo organigrama da estrutura directiva da CRTVG.

Así, no Portal de transparencia > Información institucional > Organigrama e equipo directivo > Organigrama, pendurouse un novo correspondente a 2022, resolución da Dirección Xeral (xullo).

Como a páxina web non mantén accesible ningunha das relacións previas, o que impide cotexar as mudanzas, ao Grupo Parlamentar do BNG gustaríanos coñecer os cambios e as razóns polas que se produciron.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2022 12:18:53
Nº Rexistro: 41989
Data envio: 29/09/2022 12:18:53.607

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales son as mudanzas que se produciron, se as houber, no organigrama da dirección da CRTVG en xullo de 2022?

- De os haber, cales e por que motivos?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 29/09/2022 12:18:05

Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2022 12:18:09

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2022 12:18:21

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2022 13:29:21
Nº Rexistro: 39522
Data envio: 17/08/2022 13:29:21.583

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo**

O 8 de agosto de 2022 representantes do Goberno galego e do Observatorio do Litoral mantiñan unha xuntanza na que coincidiron en que hai base xurídica suficiente para interpoñer un recurso contra a reforma do Regulamento de Costas.

Tras recibir o aval deste recoñecido grupo de investigación dependente da Universidade da Coruña especializado no estudo e análise de cuestión xurídicas relativas ao litoral, os servizos xurídicos da Comunidade estudarán a posibilidade de recorrer unha norma que supón un ataque directo contra o sector mar-industria e contra todos aqueles titulares de vivendas no litoral galego, ademais de poñer en perigo edificacións como centros de saúde e colexios.

A maiores, a Xunta lamenta que tanto o Consejo de Estado como o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico rexeitasen remitir á Comunidade o ditame preceptivo sobre esta modificación regulamentaria, na súa condición de interesada.

Esta nova normativa limita as concesións para as industrias do mar a 30 anos -que ademais xa transcorreron máis concesións anteriores a 1988-, impide que haxa vivendas no litoral, e abre a vía para modificar os límites do dominio público marítimo-terrestre dun xeito totalmente arbitrario. Ata o de agora esta modificación producíase cando se constataban cinco alcances do mar nun período de cinco anos. Con este regulamento, bastará un só alcance para que o Ministerio cambie este límite, perdendo entón os seus titulares a propiedade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre o que pretende o Executivo Central coa reforma do Regulamento de Costas?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2022

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2022 13:29:21
Nº Rexistro: 39522
Data envio: 17/08/2022 13:29:21.583

grupo parlamentario popular de galicia

Teresa Egerique Mosquera na data 17/08/2022 13:21:58

María Sol Díaz Mouteira na data 17/08/2022 13:22:13

José Manuel Balseiro Orol na data 17/08/2022 13:22:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/08/2022 13:22:52

Manuel Santos Costa na data 17/08/2022 13:23:18

Ana Belén García Vidal na data 17/08/2022 13:23:34

Freire Vázquez, María Begoña na data 17/08/2022 13:24:22

Daniel Vega Pérez na data 17/08/2022 13:24:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-QS5HWRtVA-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/